Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 27/07/2021 12:58:42
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 174
27 de xullo de 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite

18347 (11/POP-002387)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do control que está a levar a cabo a Administración autonómica de Galicia da corrupción 64100

18348 (11/POP-002388)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas que poñan fin á expansión incontrolada e acelerada da superficie dedicada a plantacións de eucalipto en Galicia e diversifiquen as especies presentes nos montes 64103

18349 (11/POP-002389)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de mellorar por parte da Administración pública autonómica a avaliación da eficacia e eficiencia das políticas públicas diante da situación de restrición financeira que impón a actual crise económica e as perspectivas dunha lexislatura marcada pola crise sanitaria 64107

18351 (11/POP-002390)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a presentación por parte da señora Beatriz Mato Otero da correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia con carácter previo ao inicio do comezo da súa relación laboral coa empresa Greenalia 64109

18352 (11/POP-002391)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para os anos 2020-2024 64111

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18353 (11/POP-002392)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión do Goberno galego relativa á investigación da Audiencia Nacional no caso Kitchen e a utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do Partido Popular 64113

18354 (11/POP-002393)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para resolver a baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol 64115

18355 (11/POP-002394)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a demanda ao Goberno galego para que promova e defenda que o uso prioritario e principal do pazo de Meirás, no caso de que se confirme xudicialmente a recuperación, debe ser, sen detrimento doutros, o asociado á reivindicación, ao estudo e á difusión da memoria democrática 64117

18356 (11/POP-002395)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galeguidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela 64119

18357 (11/POP-002396)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a consideración do Goberno galego respecto de establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos 64121

18359 (11/POP-002397)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da suficiencia dos dez proxectos, por importe de cento vinte e dous millóns de euros, que vai presentar para a captación de fondos Next Generation 64123

18360 (11/POP-002398)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun recurso contra a Sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo á compensación económica á familia Franco polos gastos feitos no pazo de Meirás 64125

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18361 (11/POP-002399)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre 64127

18362 (11/POP-002400)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, O Eume e Ortegal 64129

18364 (11/POP-002401)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os procesos xudiciais referidos a casos de corrupción política 64131

18365 (11/POP-002402)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa Orquestra Sinfónica de Galicia 64134

18366 (11/POP-002403)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a información que lle está a trasladar o Goberno galego ao sector mar-industria-alimentario respecto das modificacións lexislativas que o poden afectar 64136

18367 (11/POP-002404)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego ante a corta indiscriminada e total dunha fraga de 2,5 hectáreas nun espazo protexido como é a Ribeira Sacra 64138

18368 (11/POP-002405)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto de alongamento da vía Ártabra 64140

18369 (11/POP-002406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación da Rede Natura 2000 64143

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18370 (11/POP-002407)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar o impacto ambiental do desenvolvemento de proxectos eólicos 64147

18371 (11/POP-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa creación dun inventario de zonas húmidas de Galicia 64150

18372 (11/POP-002409)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o grao de cumprimento por parte do Goberno galego da lexislación en materia de transparencia 64153

18373 (11/POP-002410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os plans de recuperación de especies en perigo de extinción e o prazo establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, para a súa adopción 64156

18374 (11/POP-002411)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a posición acadada pola Administración autonómica no índice europeo de calidade de goberno, elaborado pola Universidade de Gotemburgo 64158

18375 (11/POP-002412)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento das verteduras ás rías no ano 2020, que tivo unha caída histórica do produto interior bruto do 10,8 64160

18382 (11/POP-002413)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento, ante unha eventual suspensión do servizo de comedor escolar como consecuencia da covid-19, dun procedemento eficiente para xestionar as axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios 64163

18383 (11/POP-002414)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a realización por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dalgún estudo que permita coñecer as distintas alternativas necesarias para continuar o seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais 64165

18384 (11/POP-002415)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia tras o remate da súa vixencia 64167

18385 (11/POP-002416)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do programa Educa en Dixital Galicia 64170

18386 (11/POP-002417)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de revisar os protocolos educativos en materia de acoso escolar e ciberacoso, de igualdade, non-discriminación e liberdade de identidade de xénero, así como de risco suicida 64172

18387 (11/POP-002418)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a contía destinada polo Goberno galego exclusivamente a gastos educativos da totalidade dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central e correspondentes á distribución do Fondo covid-19, así como os datos referidos ao seu investimento 64174

18388 (11/POP-002419)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns do Goberno galego para facer unha modificación á baixa por importe de 14.540.000 euros no programa orzamentario 451B, acceso á vivenda, no ano 2019 64176

18389 (11/POP-002420)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o impacto que tivo sobre os colectivos potencialmente beneficiarios a modificación á baixa do programa 451B, acceso á vivenda, do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda 64178

18390 (11/POP-002421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre os motivos polos que non se executou a totalidade da cantidade destinada á partida 451A, fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no ano 2019 64180

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18391 (11/POP-002422)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgunha avaliación do impacto que tivo o feito de deixar sen executar 22.186.000 euros no ano 2019 dentro do programa 451A, fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda 64182

18392 (11/POP-002423)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario 64184

18393 (11/POP-002424)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, coñecido como Plan RehaVita 64187

18394 (11/POP-002425)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a mellora que pode supoñer a incorporación do colectivo de traballadores sociais na Rede de orientación escolar 64189

18395 (11/POP-002426)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a posibilidade de levar a cabo un proxecto de experimentación educativa, co asinamento dun convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, que permita a participación deste colectivo na Rede de orientación escolar 64192

18396 (11/POP-002427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o agrupamento do alumnado en aulas mixtas 64195

18397 (11/POP-002428)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para dotar dun orzamento de 26.807.565 euros o programa 423B, Prevención do abandono escolar para o ano 2021 64197

18398 (11/POP-002429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para convocar para o ano 2021, en réxime de concorrencia non competitiva, as axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos 64200

18399 (11/POP-002430)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de levar a cabo a redacción de novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, os centros públicos integrados e os institutos de educación secundaria 64202

18400 (11/POP-002431)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para resolver o problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz 64204

18401 (11/POP-002432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia respecto da necesidade da creación dun observatorio da escola e da educación rural en Galicia 64206

18406 (11/POP-002436)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a disposición da Xunta de Galicia de establecer facilidades para a recollida e a aceptación do documento de instrucións previas, polo que se dá cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais 64211

18408 (11/POP-002437)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a cifra exacta de rastrexadores que existen hoxe en día en Galicia 64213

18410 (11/POP-002438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a dotación de medios e a atención prestada á atención primaria para afrontar a crise da covid-19 64215

18412 (11/POP-002439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa 64217

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18414 (11/POP-002440)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as posibilidades de mellora que pode ofrecer o Servizo Galego de Saúde no tratamento de pacientes con enfermidade pulmonar obstrutiva crónica 64219

18416 (11/POP-002441)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a execución do proxecto de novos vestiarios para o porto da Pobra do Caramiñal 64221

18418 (11/POP-002442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a contradición entre a afirmación do presidente da Xunta de Galicia da existencia de seis mil cento oito rastrexadores en Galicia e a do conselleiro de Sanidade de que non é posible definir un número exacto por mor da natureza dese labor 64223

18420 (11/POP-002443)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o número de profesionais extra que foron contratados polo Servizo Galego de Saúde para desenvolver a campaña de vacinación da gripe nos centros de saúde 64225

18422 (11/POP-002444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a información ofrecida pola Xunta de Galicia aos concellos acerca dos datos da covid-19 64226

18424 (11/POP-002445)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a decisión da Xunta de Galicia de ofertar a posibilidade de facer tests rápidos 64228

18426 (11/POP-002446)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia das inconsistencias que a cidadanía está a percibir sobre o que se debe facer ante os casos de contaxios por covid-19 64230

18428 (11/POP-002447)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a participación do colectivo de estudantes de Enfermaría no cribado masivo contra a covid-19 e a súa validación como práctica profesional 64232

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18430 (11/POP-002448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os problemas que está a xerar a inexistencia de atención presencial nos centros de saúde de atención primaria 64234

18432 (11/POP-002449)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles, como aconteceu recentemente en Noia 64236

18434 (11/POP-002450)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles só por unha cuestión procedemental 64238

18436 (11/POP-002451)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a previsión dalgún protocolo específico para avaliar e computar da maneira máis axeitada posible o volume de contaxiados e falecementos pola gripe de modo diferenciado do caso de persoas afectadas pola covid-19 64239

18438 (11/POP-002452)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a rescisión dos contratos de explotación do uso dos aparellos de televisión nos centros hospitalarios para facelos de acceso gratuíto para os pacientes ingresados 64240

18440 (11/POP-002453)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a porcentaxe real de propiedade e titularidade que ten agora mesmo a Xunta de Galicia sobre o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo 64242

18441 (11/POP-002454)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a participación privada na propiedade e titularidade do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo 64245

18443 (11/POP-002455)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os criterios que fundamentan a necesidade de ter contratados cincuenta e dous capeláns no Sistema público de saúde de Galicia 64248

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18445 (11/POP-002456)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas carencias e as deficiencias detectadas en materia de recursos humanos e materiais no Hospital Psiquiátrico de Conxo, en Santiago de Compostela 64250

18447 (11/POP-002457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co xogo 64252

18449 (11/POP-002458)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para iniciar a dotación dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde de máscaras FFP2 na medida e no volume clinicamente máis recomendable segundo os expertos 64255

18451 (11/POP-002459)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida ás explicacións ofrecidas respecto dos erros detectados no desenvolvemento do Plan de vacinación contra a covid-19 64257

18453 (11/POP-002460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da dotación de medios humanos e materiais dos servizos de saúde mental de Galicia 64259

18455 (11/POP-002461)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da capacidade actual e a calidade asistencial do Servizo Galego de Saúde no ámbito da saúde mental 64261

18457 (11/POP-002462)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a consideración por parte da Consellería de Sanidade da planificación e da organización de cribados poboacionais 64263

18459 (11/POP-002463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o volume de camas UCI que existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias existentes 64265

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18461 (11/POP-002464)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as razóns polas que non se utilizou en Galicia o vinte por cento das vacinas recibidas contra a covid-19 64267

18463 (11/POP-002465)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para afrontar a mortaldade de bivalvos na zona dos lombos do Ulla e nas zonas próximas da ría de Arousa 64269

18465 (11/POP-002466)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para rectificar a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para que teña viabilidade dentro do marco legal do Estado 64272

18467 (11/POP-002467)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o actual sistema de información á cidadanía respecto da situación da pandemia da covid-19 64274

18469 (11/POP-002468)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa promoción da vacinación contra a covid-19 64276

18471 (11/POP-002469)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de produción das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa 64278

18473 (11/POP-002470)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros ao dominio municipal 64280

18475 (11/POP-002471)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a presentación do informe preceptivo para tramitar o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023 64282

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18477 (11/POP-002472)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a valoración do Goberno galego das sentenzas xudiciais relativas á contratación e á xestión do persoal no Servizo Galego de Saúde 64284

18479 (11/POP-002473)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o procedemento sancionador aberto pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia verbo dos contratos adxudicados polo Servizo Galego de Saúde nos proxectos do programa Hospital 2050 64286

18482 (11/POP-002474)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as previsións do Goberno galego de reformular o modelo de atención primaria en Galicia 64288

18485 (11/POP-002475)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o obxectivo do Goberno galego de presencialidade na atención primaria para a fin do ano 2021 64291

18487 (11/POP-002476)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a intención do Goberno galego de crear a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicas nas quendas de mañá nos centros de saúde 64293

18489 (11/POP-002477)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as garantías de calidade que ofrece a solución dada aos problemas da cociña do Hostipal Álvaro Cunqueiro 64295

18491 (11/POP-002478)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da retirada do financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde 64297

18493 (11/POP-002479)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos recursos humanos e a dispoñibilidade de camas hospitalarias nos meses de verán 64299

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18495 (11/POP-002480)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os motivos da demora da Xunta de Galicia para elaborar e publicar os cambios normativos necesarios para a habilitación legal da prescrición enfermeira en Galicia 64301

18497 (11/POP-002481)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns da ausencia de execución orzamentaria na partida 513A, Construción, conservación e explotación portuaria 64303

18507 (11/POP-002482)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da empresa conserveira Thenaisie Provote 64305

18517 (11/POP-002483)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións para a habilitación e a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia nos últimos seis anos 64307

18558 (11/POP-002484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 4 máis
Sobre o proxecto de plantación de 98,3 hectáreas de eucalipto nuns terreos que inclúen solos de protección de augas, de protección agropecuaria e de espazos naturais 64309

18562 (11/POP-002485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as medidas de apoio promovidas e previstas pola Xunta de Galicia para garantir a supervivencia e impulsar un cambio de modelo no tecido do pequeno e mediado comercio 64314

18563 (11/POP-002486)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha plataforma de venda "online" para o sector do comercio 64317

18564 (11/POP-002487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar mecanismos de participación que consoliden o estaleiro Barreras e o sector naval de Vigo 64320

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18566 (11/POP-002488)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para acadar unha aplicación xusta do Plan do carbón en Galicia e as previsións que ten para conseguila no futuro 64323

18567 (11/POP-002489)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do Acordo parlamentario referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública 64328

18568 (11/POP-002490)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados en relación coa tributación das súas pensións e co cumprimento dos acordos plenarios na materia 64331

18569 (11/POP-002491)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir as carencias da atención de cirurxía pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense 64335

18570 (11/POP-002492)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución negativa do crédito en Galicia e as medidas para corrixir esta situación 64338

18571 (11/POP-002493)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para Galicia 64341

18572 (11/POP-002494)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as responsabilidades políticas e a investigación do proceso de fusión das caixas de aforro 64344

18573 (11/POP-002495)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir a implantación dun modelo enerxético galego consensuado para captar fondos estatais e europeos 64348

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18574 (11/POP-002496)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dun centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública en Ourense 64352

18581 (11/POP-002497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira 64356

18589 (11/POP-002498)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 4 máis
Sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras 64361

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de xullo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite

- 18347 (11/POP-002387)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do control que está a levar a cabo a Administración autonómica de Galicia da corrupción

- 18348 (11/POP-002388)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas que poñan fin á expansión incontrolada e acelerada da superficie dedicada a plantacións de eucalipto en Galicia e diversifiquen as especies presentes nos montes

- 18349 (11/POP-002389)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de mellorar por parte da Administración pública autonómica a avaliación da eficacia e eficiencia das políticas públicas diante da situación de restrición financeira que impón a actual crise económica e as perspectivas dunha lexislatura marcada pola crise sanitaria

- 18351 (11/POP-002390)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a presentación por parte da señora Beatriz Mato Otero da correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia con carácter previo ao inicio do comezo da súa relación laboral coa empresa Greenalia

- 18352 (11/POP-002391)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para os anos 2020-2024

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18353 (11/POP-002392)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión do Goberno galego relativa á investigación da Audiencia Nacional no caso Kitchen e a utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do Partido Popular

- 18354 (11/POP-002393)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para resolver a baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol

- 18355 (11/POP-002394)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a demanda ao Goberno galego para que promova e defenda que o uso prioritario e principal do pazo de Meirás, no caso de que se confirme xudicialmente a recuperación, debe ser, sen detrimento doutros, o asociado á reivindicación, ao estudo e á difusión da memoria democrática

- 18356 (11/POP-002395)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galeguidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela

- 18357 (11/POP-002396)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a consideración do Goberno galego respecto de establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos

- 18359 (11/POP-002397)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da suficiencia dos dez proxectos, por importe de cento vinte e dous millóns de euros, que vai presentar para a captación de fondos Next Generation

- 18360 (11/POP-002398)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun recurso contra a Sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo á compensación económica á familia Franco polos gastos feitos no pazo de Meirás

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18361 (11/POP-002399)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre

- 18362 (11/POP-002400)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, O Eume e Ortegal

- 18364 (11/POP-002401)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os procesos xudiciais referidos a casos de corrupción política

- 18365 (11/POP-002402)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa Orquestra Sinfónica de Galicia

- 18366 (11/POP-002403)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a información que lle está a trasladar o Goberno galego ao sector mar-industria-alimentario respecto das modificacións lexislativas que o poden afectar

- 18367 (11/POP-002404)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego ante a corta indiscriminada e total dunha fraga de 2,5 hectáreas nun espazo protexido como é a Ribeira Sacra

- 18368 (11/POP-002405)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto de alongamento da vía Ártabra

- 18369 (11/POP-002406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación da Rede Natura 2000

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18370 (11/POP-002407)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar o impacto ambiental do desenvolvemento de proxectos eólicos

- 18371 (11/POP-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa creación dun inventario de zonas húmidas de Galicia

- 18372 (11/POP-002409)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o grao de cumprimento por parte do Goberno galego da lexislación en materia de transparencia

- 18373 (11/POP-002410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os plans de recuperación de especies en perigo de extinción e o prazo establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, para a súa adopción

- 18374 (11/POP-002411)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a posición acadada pola Administración autonómica no índice europeo de calidade de goberno, elaborado pola Universidade de Gotemburgo

- 18375 (11/POP-002412)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento das verteduras ás rías no ano 2020, que tivo unha caída histórica do produto interior bruto do 10,8

- 18382 (11/POP-002413)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento, ante unha eventual suspensión do servizo de comedor escolar como consecuencia da covid-19, dun procedemento eficiente para xestionar as axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios

- 18383 (11/POP-002414)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a realización por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dalgún estudo que permita coñecer as distintas alternativas necesarias para continuar o seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais

- 18384 (11/POP-002415)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia tras o remate da súa vixencia

- 18385 (11/POP-002416)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do programa Educa en Dixital Galicia

- 18386 (11/POP-002417)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de revisar os protocolos educativos en materia de acoso escolar e ciberacoso, de igualdade, non-discriminación e liberdade de identidade de xénero, así como de risco suicida

- 18387 (11/POP-002418)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a contía destinada polo Goberno galego exclusivamente a gastos educativos da totalidade dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central e correspondentes á distribución do Fondo covid-19, así como os datos referidos ao seu investimento

- 18388 (11/POP-002419)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns do Goberno galego para facer unha modificación á baixa por importe de 14.540.000 euros no programa orzamentario 451B, acceso á vivenda, no ano 2019

- 18389 (11/POP-002420)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o impacto que tivo sobre os colectivos potencialmente beneficiarios a modificación á baixa do programa 451B, acceso á vivenda, do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

- 18390 (11/POP-002421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os motivos polos que non se executou a totalidade da cantidade destinada á partida 451A, fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no ano 2019

- 18391 (11/POP-002422)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgunha avaliación do impacto que tivo o feito de deixar sen executar 22.186.000 euros no ano 2019 dentro do programa 451A, fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda

- 18392 (11/POP-002423)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

- 18393 (11/POP-002424)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, coñecido como Plan RehaVita

- 18394 (11/POP-002425)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a mellora que pode supoñer a incorporación do colectivo de traballadores sociais na Rede de orientación escolar

- 18395 (11/POP-002426)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a posibilidade de levar a cabo un proxecto de experimentación educativa, co asinamento dun convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, que permita a participación deste colectivo na Rede de orientación escolar

- 18396 (11/POP-002427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o agrupamento do alumnado en aulas mixtas

- 18397 (11/POP-002428)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para dotar dun orzamento de 26.807.565 euros o programa 423B, Prevención do abandono escolar para o ano 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18398 (11/POP-002429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para convocar para o ano 2021, en réxime de concorrencia non competitiva, as axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos

- 18399 (11/POP-002430)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de levar a cabo a redacción de novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, os centros públicos integrados e os institutos de educación secundaria

- 18400 (11/POP-002431)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para resolver o problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz

- 18401 (11/POP-002432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia respecto da necesidade da creación dun observatorio da escola e da educación rural en Galicia

- 18406 (11/POP-002436)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a disposición da Xunta de Galicia de establecer facilidades para a recollida e a aceptación do documento de instrucións previas, polo que se dá cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

- 18408 (11/POP-002437)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a cifra exacta de rastrexadores que existen hoxe en día en Galicia

- 18410 (11/POP-002438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a dotación de medios e a atención prestada á atención primaria para afrontar a crise da covid-19

- 18412 (11/POP-002439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18414 (11/POP-002440)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as posibilidades de mellora que pode ofrecer o Servizo Galego de Saúde no tratamento de pacientes con enfermidade pulmonar obstrutiva crónica

- 18416 (11/POP-002441)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a execución do proxecto de novos vestiarios para o porto da Pobra do Caramiñal

- 18418 (11/POP-002442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a contradición entre a afirmación do presidente da Xunta de Galicia da existencia de seis mil cento oito rastrexadores en Galicia e a do conselleiro de Sanidade de que non é posible definir un número exacto por mor da natureza dese labor

- 18420 (11/POP-002443)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o número de profesionais extra que foron contratados polo Servizo Galego de Saúde para desenvolver a campaña de vacinación da gripe nos centros de saúde

- 18422 (11/POP-002444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a información ofrecida pola Xunta de Galicia aos concellos acerca dos datos da covid-19

- 18424 (11/POP-002445)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a decisión da Xunta de Galicia de ofertar a posibilidade de facer tests rápidos

- 18426 (11/POP-002446)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia das inconsistencias que a cidadanía está a percibir sobre o que se debe facer ante os casos de contaxios por covid-19

- 18428 (11/POP-002447)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a participación do colectivo de estudantes de Enfermaría no cribado masivo contra a covid-19 e a súa validación como práctica profesional

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18430 (11/POP-002448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os problemas que está a xerar a inexistencia de atención presencial nos centros de saúde de atención primaria

- 18432 (11/POP-002449)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles, como aconteceu recentemente en Noia

- 18434 (11/POP-002450)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles só por unha cuestión procedemental

- 18436 (11/POP-002451)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a previsión dalgún protocolo específico para avaliar e computar da maneira máis axeitada posible o volume de contaxiados e falecementos pola gripe de modo diferenciado do caso de persoas afectadas pola covid-19

- 18438 (11/POP-002452)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a rescisión dos contratos de explotación do uso dos aparellos de televisión nos centros hospitalarios para facelos de acceso gratuíto para os pacientes ingresados

- 18440 (11/POP-002453)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a porcentaxe real de propiedade e titularidade que ten agora mesmo a Xunta de Galicia sobre o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo

- 18441 (11/POP-002454)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a participación privada na propiedade e titularidade do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo

- 18443 (11/POP-002455)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os criterios que fundamentan a necesidade de ter contratados cincuenta e dous capeláns no Sistema público de saúde de Galicia

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18445 (11/POP-002456)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas carencias e as deficiencias detectadas en materia de recursos humanos e materiais no Hospital Psiquiátrico de Conxo, en Santiago de Compostela

- 18447 (11/POP-002457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co xogo

- 18449 (11/POP-002458)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para iniciar a dotación dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde de máscaras FFP2 na medida e no volume clinicamente máis recomendable segundo os expertos

- 18451 (11/POP-002459)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida ás explicacións ofrecidas respecto dos erros detectados no desenvolvemento do Plan de vacinación contra a covid-19

- 18453 (11/POP-002460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da dotación de medios humanos e materiais dos servizos de saúde mental de Galicia

- 18455 (11/POP-002461)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da capacidade actual e a calidade asistencial do Servizo Galego de Saúde no ámbito da saúde mental

- 18457 (11/POP-002462)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a consideración por parte da Consellería de Sanidade da planificación e da organización de cribados poboacionais

- 18459 (11/POP-002463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o volume de camas UCI que existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias existentes

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18461 (11/POP-002464)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as razóns polas que non se utilizou en Galicia o vinte por cento das vacinas recibidas contra a covid-19

- 18463 (11/POP-002465)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para afrontar a mortaldade de bivalvos na zona dos lombos do Ulla e nas zonas próximas da ría de Arousa

- 18465 (11/POP-002466)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para rectificar a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para que teña viabilidade dentro do marco legal do Estado

- 18467 (11/POP-002467)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o actual sistema de información á cidadanía respecto da situación da pandemia da covid-19

- 18469 (11/POP-002468)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa promoción da vacinación contra a covid-19

- 18471 (11/POP-002469)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de produción das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa

- 18473 (11/POP-002470)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros ao dominio municipal

- 18475 (11/POP-002471)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a presentación do informe preceptivo para tramitar o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18477 (11/POP-002472)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a valoración do Goberno galego das sentenzas xudiciais relativas á contratación e á xestión do persoal no Servizo Galego de Saúde

- 18479 (11/POP-002473)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o procedemento sancionador aberto pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia verbo dos contratos adxudicados polo Servizo Galego de Saúde nos proxectos do programa Hospital 2050

- 18482 (11/POP-002474)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as previsións do Goberno galego de reformular o modelo de atención primaria en Galicia

- 18485 (11/POP-002475)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o obxectivo do Goberno galego de presencialidade na atención primaria para a fin do ano 2021

- 18487 (11/POP-002476)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a intención do Goberno galego de crear a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicas nas quendas de mañá nos centros de saúde

- 18489 (11/POP-002477)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as garantías de calidade que ofrece a solución dada aos problemas da cociña do Hostipal Álvaro Cunqueiro

- 18491 (11/POP-002478)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da retirada do financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

- 18493 (11/POP-002479)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos recursos humanos e a dispoñibilidade de camas hospitalarias nos meses de verán

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18495 (11/POP-002480)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os motivos da demora da Xunta de Galicia para elaborar e publicar os cambios normativos necesarios para a habilitación legal da prescrición enfermeira en Galicia

- 18497 (11/POP-002481)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns da ausencia de execución orzamentaria na partida 513A, Construción, conservación e explotación portuaria

- 18507 (11/POP-002482)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da empresa conserveira Thenaisie Provote

- 18517 (11/POP-002483)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións para a habilitación e a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia nos últimos seis anos

- 18558 (11/POP-002484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 4 máis
Sobre o proxecto de plantación de 98,3 hectáreas de eucalipto nuns terreos que inclúen solos de protección de augas, de protección agropecuaria e de espazos naturais

- 18562 (11/POP-002485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as medidas de apoio promovidas e previstas pola Xunta de Galicia para garantir a supervivencia e impulsar un cambio de modelo no tecido do pequeno e mediado comercio

- 18563 (11/POP-002486)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha plataforma de venda "online" para o sector do comercio

- 18564 (11/POP-002487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar mecanismos de participación que consoliden o estaleiro Barreras e o sector naval de Vigo

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18566 (11/POP-002488)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para acadar unha aplicación xusta do Plan do carbón en Galicia e as previsións que ten para conseguila no futuro

- 18567 (11/POP-002489)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do Acordo parlamentario referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública

- 18568 (11/POP-002490)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados en relación coa tributación das súas pensións e co cumprimento dos acordos plenarios na materia

- 18569 (11/POP-002491)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir as carencias da atención de cirurxía pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 18570 (11/POP-002492)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución negativa do crédito en Galicia e as medidas para corrixir esta situación

- 18571 (11/POP-002493)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para Galicia

- 18572 (11/POP-002494)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as responsabilidades políticas e a investigación do proceso de fusión das caixas de aforro

- 18573 (11/POP-002495)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir a implantación dun modelo enerxético galego consensuado para captar fondos estatais e europeos

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18574 (11/POP-002496)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dun centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública en Ourense

- 18581 (11/POP-002497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira

- 18589 (11/POP-002498)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 4 máis
Sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:27:31
Nº Rexistro: 18347
Data envio: 14/07/2021 13:27:31.113

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A democracia é un sistema baseado na esixencia ética pública e privada. A palabra ética deriva do grego *ethos*, que significa conduta, carácter, personalidade. A democracia é, en boa medida, un sistema político que aspira a mellorar a sociedade por medio dunha ética pública –unha conducta, carácter e personalidade públicas- que satisfaga as esixencias da cidadanía contribuíndo a edificar non só un ámbito público ético senón tamén unha sociedade máis ética no seu conxunto.

Para iso é fundamental que as administración e as persoas que exercen a política se comporten dun xeito ético, sobre todo en tempos como os actuais nos que atravesamos unha forte crise sanitaria e económica que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais, e pon en cuestión as institucións que, en última instancia, sosteñen o Estado e a democracia mesma.

A prevención e loita contra a corrupción non se pode deixar en mans dunha administración de Xustiza lastrada por unha crónica falta de medios e que reacciona en todo caso con posterioridade á comisión das condutas potencialmente delituosas, senón que debe partir das propias administracións públicas, máxime cando a crise económica asociada á actual pandemia, e os plans de reconstrución financiados con cargo a fondos europeos e á débeda pública, impón a necesidade dun maior control no uso dos recursos públicos, escasos por definición.

Co PP acosado en Galicia e no resto do Estado por diversos casos de corrupción, e despois de aprobar no ano 2014 un código ético para a súa aplicación na Administración autonómica galega, no ano 2015 o señor Feijóo anunciou diversas medidas de control e transparencia (concretamente 50 medidas e 5 leis) que presentou como un “Programa de impulso democrático”, entre elas un Código Ético para a Xunta, medidas no eido da contratación pública ou o encargo ao Consello de Contas de que, ademais de fiscalizar o uso ordinario dos fondos públicos, axudase a previr a corrupción.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:27:31
Nº Rexistro: 18347
Data envio: 14/07/2021 13:27:31.113

O 23 de decembro de 2019 o Consello de Contas fixo publico o seu "Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta", documento no que afeaba a lentitude e pouca ambición do Goberno galego criticando, entre outras cuestións, que non admita denuncias anónimas ou que se descoñeza o nivel de cumprimento do Código Ético anunciado por Feijóo. O Consello de Contas critica que *"os esforzos son illados e non se estableceron políticas e procedementos para que a información relevante se identifique, elabore e comunique ás instancias pertinentes no momento adecuado, de tal forma que contribúa á toma de decisións, ao cumprimento dos obxectivos e á mitigación dos riscos"*. Nese eido, a Xunta non admite que o funcionariado ou calquera cidadán que poida ser coñecedor dunha irregularidade poida denunciala ante a Administración de xeito anónimo, cuestión que só contempla para as denuncias de acoso laboral.

Di o informe que *"Na nosa opinión, a condición de denunciante debe estenderse a toda a cidadanía na liña do apuntado na Lei do Consello de Contas; e respecto das denuncias anónimas, inclinámonos pola súa admisión sen prexuízo da aplicación dun sistema de garantías que preserve o adecuado equilibrio entre o anonimato e a esixencia de rigor por parte do denunciante. A aceptación nestes termos evita as consecuencias de ignorar feitos ou actuacións (acreditados con probas) que poderían ter a consideración de graves pola circunstancia de non coñecer a identidade da persoa denunciante"*.

O ente fiscalizador é especialmente duro co Código Ético impulsado polo propio Feijóo: *"En relación co cumprimento do Código Ético, o Consello de Contas descoñece se se está realizando o informe anual de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento"*, di, para engadir que *"non se establece un procedemento para a tramitación das violacións"* do Código Ético e *"non se establece un sistema de medidas de resposta". "Tendo en conta que aínda non está implantado un sistema de control interno e integridade, o sistema de información e rendición de contas é menos transparente no que afecta á avaliación do cumprimento de obxectivos institucionais, e menos aínda aos obxectivos de integridade e de prevención da corrupción"*, engade Contas.

O ente fiscalizador tamén sinala que hai moito camiño por percorrer na avaliación dos posibles riscos de corrupción, onde a Xunta carece dun *"procedemento formal para a identificación e avaliación de riscos"*, ou no establecemento dun órgano da administración con capacidade non só de avaliación e control interno senón tamén de *"adoptar medidas de resposta"* ante os posibles incumprimentos. Igualmente, reclama avanzar na regulación dos grupos de interese (os coñecidos como *lobbys*) e aumentar o tipo de información

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:27:31
Nº Rexistro: 18347
Data envio: 14/07/2021 13:27:31.113

que se ofrece sobre as axendas dos altos cargos, das que a Xunta só divulga os actos públicos pero non as reunións internas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do control da corrupción por parte da Administración autonómica galega?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 11:38:09

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 11:38:23

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:02
Nº Rexistro: 18348
Data envio: 14/07/2021 13:28:02.738

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O eucalipto, especie alóctona de rápido crecemento orixinaria das nosas antípodas, está experimentando nas últimas décadas unha proliferación descontrolada en Galicia, ante a completa pasividade da Xunta, que ten o deber de ordenar e racionalizar o monte, fomentar e diversificar o noso sector forestal e velar pola aplicación do dereito a un medio ambiente digno establecido polo artigo 45 da Constitución.

En síntese, a única política forestal que practicaron os sucesivos gobernos populares foi a de deixar facer o que considerase cada propietario individual, de modo que o obxectivo do Plan Forestal de 1992 para o ano 2032, 245.000 hectáreas de eucalipto, estímase superado hoxe, achegándose probablemente ás 400.000 segundo diversas estimacións, e crecendo rapidamente ano a ano.

E a pesar de que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, un recente estudo das universidades de Oviedo e León indica que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos. Tamén se estima que decenas de milleiros de hectáreas de superficie agrícola está sendo ocupada por plantacións de eucaliptos, que ademais invaden tamén as ribeiras dos nosos ríos, todo o anterior en flagrante e ben visible contravención da nosa lexislación, incomprensiblemente permitida pola Xunta, que dispón de todos os medios para evitala. Unha situación á vista de calquera que teña ollos e, simplemente, faga un percorrido por calquera parte de Galicia, con excepción de parte da provincia de Ourense.

No monte galego conflúen medio ambiente e economía. O eucalipto é un recurso económico que debe ser compatibilizado co respecto ao medio que impón o artigo 45 da Constitución, a lexislación nacional e a europea. A necesidade de limitar a expansión da especie, recoñecida pola propia Xunta, é maior tendo en conta a irrupción do *e. nitens*, que medra nas zonas interiores de Galicia, onde non podía facelo o tradicional *e. globulus*. Dito doutra forma, coa chegada do *nitens*, os límites naturais do eucalipto tenden a desaparecer, polo que o seu

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:02
Nº Rexistro: 18348
Data envio: 14/07/2021 13:28:02.738

potencial colonizador expándese, feito ao que se une que o cambio climático tende a aumentar o hábitat apto para esta especie.

A inexistencia dunha política forestal axeitada afondou os problemas do monte. A revisión do plan forestal é, sen dúbida, unha ocasión para dinamizar un sector económico estratéxico, dentro do dereito a un medio ambiente adecuado e sen perder de vista a íntima relación cos lumes pero non contribúe á esperanza a carencia -criticada polo Consello de Contas- dunha mínima avaliación do cumprimento do plan anterior.

Tampouco contribúe á esperanza o feito de que o ex conselleiro de Medio Ambiente D. Carlos del Álamo forme parte do Consello de Administración de Ence ou que a ex conselleira Dña. Beatriz Mato teña sido contratada pola empresa Greenalia menos de 2 anos despois de deixar a Xunta.

Un estudo efectuado recentemente pola Universidade do País Vasco e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, por encargo do Goberno vasco, a instancias do Parlamento vasco -que en 2018 debatera sobre a consideración ou non desta especie como invasora-, conclúe que as plantacións de eucaliptos "teñen un efecto ambiental negativo, tanto no País Vasco como no resto da península". O estudo considera que, aínda que os incendios forestais e a loita contra o quentamento global "son aspectos complexos nos que xogan tanto factores biofísicos como socioeconómicos", consideran que "en ambos campos as plantacións de eucaliptos non reducen, senón que aumentan os riscos" fronte a outro tipo de especies forestais, concluíndo que "a expansión do eucalipto pode ocasionar serios efectos ambientais no País Vasco e ameazar aínda máis especies incluídas no Catálogo Vasco de Especies Ameazadas'.

Son tamén diversos e reiterados os estudios científicos feitos en Galicia que conclúen que o eucalipto reduce a biodiversidade.

Por outra banda, o efecto paisaxístico das plantacións de eucaliptos é tamén evidente, eliminando as variacións estacionais de cores propias dos bosques caducifolios que tanto enriquecen a paisaxe e cada vez son máis limitadas en Galicia.

E o traballo da investigadora da Universidade da Coruña Marta Lamigueiro Durán, titulado "Patrimonio forestal sostenible en Galicia: el eucalipto" publicado tamén recentemente conclúe o seguinte:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:02
Nº Rexistro: 18348
Data envio: 14/07/2021 13:28:02.738

"A propósito de lo recogido en el apartado I de este trabajo, podemos constatar que el eucalipto es una especie pirófita, no autóctona y que provoca un impacto en el ecosistema natural. En cambio, constituye el producto forestal más abundante de Galicia por su gran rendimiento económico. A través de la información a la ciudadanía y de un cambio de las políticas forestales, nuestra Comunidad Autónoma se podría ver envuelta en un cambio en la industria maderera.En relación a dichas políticas, y tal y como se establece en el apartado IV, Galicia necesita la inmediata aprobación de su nuevo Plan Forestal. Al ser el actual del año 1992 y a pesar de las revisiones realizadas, no se adapta a la realidad jurídico-práctica de la Comunidad, cuestión muy relevante por el importante impacto económico que produce la industria forestal. El nuevo Plan Forestal se redactó en 2012, sin embargo en 2019 sigue sin aprobarse. Esta constituye una situación de incerteza jurídica que no resulta beneficiosa a un territorio con una producción en este sector tan elevada….sería un error prohibir totalmente las plantaciones de eucalipto, tanto por las grandes superficies con las que cuenta esta especie en Galicia como por la rentabilidad económica que supone respecto al mundo rural. No obstante, no es recomendable seguir con las políticas de actuación vigentes, ya que nuestra Comunidad Autónoma cometería el riesgo de convertirse en un territorio de monocultivo forestal de eucaliptales. Por ello, a pesar de no prohibir esta especie por el gran impacto que supondría, se deben tomar diversas medidas para su limitación. Es inexcusable también un fomento de la ordenación forestal y la selvicultura, como se establece en el apartado IV, propiciando así la gestión forestal sostenible. Asimismo, sería positivo fijar un límite de ocupación del territorio y la prohibición de plantación de nuevas especies de Eucalyptus en espacios naturales protegidos".

En suma, o eucalipto como valor económico do que depende parte da economía de Galicia debe ser conciliado co dereito a un medio ambiente adecuado constitucionalmente protexido e que se vai desenvolvendo cada vez máis a medida que a sociedade cobra conciencia da importancia de protexer o medio e das consecuencias de non facelo, que se manifestan crecentemente nos nosos días e ameazan directamente o noso modo de vida. Esa conciliación non existe en absoluto na actualidade, nunha claro desleixo de funcións por parte do Goberno galego, con consecuencias directas sobre o medio e a paisaxe de Galicia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:02
Nº Rexistro: 18348
Data envio: 14/07/2021 13:28:02.738

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Vai o Goberno galego a adoptar medidas que poñan fin á expansión incontrolada e acelerada da superficie dedicada a plantación de eucalipto en Galicia e diversifiquen as especies presentes nos nosos montes?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 11:39:23

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 11:39:37

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:25
Nº Rexistro: 18349
Data envio: 14/07/2021 13:28:25.082

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A crise do coronavirus está provocando unha caída económica do PIB sen precedentes no noso país nun período de paz. No resto do mundo, en maior ou menor medida, prodúcese unha situación similar que é altamente probable que se vexa agravada pola situación sanitaria, lonxe de estar controlada na maior parte dos países.

A caída dos ingresos fiscais e o aumento dos gastos asociados ao coste dos ERTE, axudas aos autónomos, gastos extra do sistema sanitario e educativo, etc, etc, determinan unha situación financeira de extrema dificultade para todas as instancias e niveis territoriais do Estado.

A Unión Europea, consciente da envergadura do desafío, acadou recentemente acordos para facer un esforzo de solidariedade sen precedentes, enlazado cos fondos *Next Generation*, que xa antes da pandemia pretendían modernizar e dixitalizar a economía europea ao mesmo tempo que se facía unha aposta decidida pola transición ecolóxica e enerxética. O financiamento europeo ao que poida chegar a acceder España nos próximos anos -absolutamente crucial dada a difícil situación das arcas públicas- vai estar condicionada dun xeito aínda difícil de precisar pero que irá na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento.

Nese contexto, é absolutamente fundamental que as administracións e o sector público en xeral sexan resilientes e eficientes no uso de recursos públicos cada vez máis escasos, o cal choca en Galicia coa ausencia dun sistema de control de xestión do gasto da Administración pública autonómica, limitándose as intervencións da Xunta a fiscalizar a regularidade administrativa (legalidade e dispoñibilidade orzamentaria) sen avaliar a eficacia e a eficiencia (é dicir, a consecución dos obxectivos, e o coste e alternativas desa consecución) como impón máis que nunca neste momento o principio básico de sometemento á obxectividade e ó interese xeral que vén establecido polo artigo 103 da Constitución.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:25
Nº Rexistro: 18349
Data envio: 14/07/2021 13:28:25.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Sen control de xestión da Administración pública, sen avaliación e medición reais da eficacia e da eficiencia das políticas da Administración autonómica, é imposible garantir un certo nivel de resiliencia que se demostra imprescindible ante fenómenos como a pandemia que estamos vivindo ou crises máis estruturais como a asociada á emerxencia climática ou aos cambios económicos e sociais que se están a vivir no século XXI.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Pensa o Goberno galego que a Administración autonómica debe mellorar a avaliación da eficacia e da eficiencia das políticas públicas ante a situación de restrición financeira que impón a actual e grave crise económica e as perspectivas dunha lexislatura que vai estar marcada pola crise sanitaria e económica?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 11:40:57

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 11:41:14

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:53
Nº Rexistro: 18351
Data envio: 14/07/2021 13:28:53.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno.

No mes de febreiro deste ano a sociedade galega tivo coñecemento de que a ex conselleira de Medio Ambiente, Dna. Beatriz Mato, aproximadamente ano e medio despois de ter abandonado a Xunta de Galicia, comezou a traballar como "directora de Desarrollo Corporativo y RSC" para a empresa Greenalia.

A citada empresa depende da Consellería de Medio Ambiente para a obtención de distintos tipos de autorizacións relativas á súa actividade e relaciónase con ese departamento da Xunta no ámbito de diversos expedientes administrativos, durante e despois do paso pola consellería de Dna. Beatriz Mato.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno determina as incompatibilidades dos altos cargos de Galicia. Así, no seu artigo 45 aborda as limitacións de actividades despois do cese do cargo, establecendo:

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cese, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditaran resolución no exercicio do seu cargo.

4. Durante o mencionado período de dous anos…. deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian a realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberá pronunciarse sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberá comunicarllo tanto á persoa afectada como á entidade na que pretenda prestar os seus servizos. Las resoluciones que reconozcan la compatibilidad con actividad privada serán publicadas en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.

A día de hoxe, non figura no portal de transparencia da Xunta ningunha resolución sobre a súa compatibilidade, nin hai constancia de que presentase a correspondente e preceptiva declaración previa tras o seu cese como alto cargo da Xunta.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:28:53
Nº Rexistro: 18351
Data envio: 14/07/2021 13:28:53.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Presentou a Sra. Mato a correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta con carácter previo á súa "fichaxe" por Greenalia como determina a lei?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 11:42:02

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 11:42:17

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:30:04
Nº Rexistro: 18352
Data envio: 14/07/2021 13:30:04.035

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Juan Carlos Francisco Rivera e Paloma Castro Rey, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados visitaron Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluíron que zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu. Ante esta situación o Goberno do Estado está ultimando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).

A situación en Galicia é especialmente preocupante dado que, 20 anos despois da aprobación da directiva Marco do Auga, a situación de contaminación das rías galegas (onde rematan non só os vertidos orixinados nas propias rías senón tamén os procedentes dos ríos que nelas desembocan) é altamente preocupante, igual que a dos propios ríos, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola UE.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:30:04
Nº Rexistro: 18352
Data envio: 14/07/2021 13:30:04.035

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A modo de exemplo, a pesar de que a realidade amosa que Augas de Galicia non chega a detectar máis que unha parte dos vertidos en rías e ríos, ese organismo detectou no ano 2019 un total de 1.575 vertidos na costa galega, un 21,5 % máis que hai un lustro (1.296). Dos detectados, aproximadamente o 16 % (253) excedían a carga contaminante permitida e outros 57 tiveron que ser investigados por ter impacto no entorno pese a non exceder os valores permitidos. Nesa estatística destacan as rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo; con 60, 45 e 30 puntos, respectivamente, con carga microbiolóxica ou química tóxica, así como Ferrol (29 focos), Ares-Betanzos (19) e Pontevedra (18).

As rías de Galicia son ecosistema singular e valiosísimo, marco conformador da nosa cultura e identidade e fonte de vida pero tamén de riqueza acuícola e marisqueira, cronicamente minguada pola contaminación. Algo parecido pode dicirse dos ríos de Galicia, outrora paraísos da pesca fluvial que hoxe está gravemente diminuída, ata o punto de que as licencias de pesca reducíronse aproximadamente á metade na última década.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai implantar o Goberno galego un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia para esta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:09:09

Patricia Otero Rodríguez na data 06/07/2021 12:09:25

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/07/2021 12:09:40

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:09:53

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:30:22
Nº Rexistro: 18353
Data envio: 14/07/2021 13:30:22.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As revelacións que nos últimos meses se están coñecendo sobre o chamado caso Kitchen que investiga a Audiencia Nacional teñen levado a algún medio a falar del como o Watergate español e a diversos xuristas a opinar que se trata dun caso dunha gravidade sen precedentes, dado que se trata da presunta utilización dos medios e recursos do Estado para tapar a corrupción do partido que gobernaba nese momento, é dicir, o uso ilegal do Estado contra o propio Estado.

A investigación céntrase en dirimir se existiu un operativo "parapolicial" supervisado e financiado con fondos reservados do Ministerio del Interior entre 2013 y 2014 para recuperar documentos e gravacións comprometedoras para o PP, que se atopaba nese momento sendo investigado xudicialmente pola súa contabilidade e por presuntos delitos de corrupción que logo deron lugar á condena do caso Gürtel, entre outros procedementos que se atopan hoxe en distintos momentos e etapas da súa tramitación xudicial.

Entre os imputados neste caso figuran o ex ministro do Interior e o seu número dous, así como a cúpula policial da época, estando ademais identificados decenas de axentes da Unidade Central de Apoio Operativo da Policía como presuntos participantes nese operativo.

No ámbito desa investigación, fálase de “papeis que probarían pagos en B en sedes do PP de Galicia, Madrid ou Valencia”.

A pesar da enorme transcendencia dos feitos que xa se coñecen, o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracións reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ó Consello da Xunta de 10 de setembro, sinalou que “estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos”, a pesar de que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que “nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual”, ademais de sinalar que no PP xa “están acostumados” a que se “critique e recritique por feitos que pasaron hai máis dunha década”.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:30:22
Nº Rexistro: 18353
Data envio: 14/07/2021 13:30:22.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que opinión lle merece ao Goberno de Galicia a presunta utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do partido ao que pertence ese mesmo goberno que se investiga pola Audiencia Nacional no coñecido como caso Kitchen?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:10:50

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:11:09

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:30:42
Nº Rexistro: 18354
Data envio: 14/07/2021 13:30:42.863

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O marisqueo –practicado intensamente en Galicia dende tempos inmemoriais segundo amosan os vestixios arqueolóxicos- é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade, ademais de ser unha actividade produtiva non deslocalizable, intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e parte da cadea de valor do sector da conserva, de enorme importancia en Galicia, así como da hostalería, o cal outórgalle un carácter estratéxico, que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI e sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Chama a atención, considerando todo o anterior, que tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixen de minguar.

Así, un estudio de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, larvada na última década, concluíndo, tras recoller datos de distintas fontes, que se deron descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo (caeu un 13 %), os desembarques e o valor de venta das distintas especies (que caeron un 16 % e un 13 %, respectivamente), así como a cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade. Segundo o dito estudo, as causas son debidas a un cúmulo de factores e a solución a este declive pasa por inverter na recuperación das especies autóctonas e máis políticas contra a contaminación e o furtivismo.

Dentro dese declive xeral, A ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar e dun xeito insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das confrarías da ría calcularon en setembro nun 90% o descenso da produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está en cuestión, afectado por causas que a Xunta non é capaz de determinar, xa que se falou primeiro do parasito *Perkinsus*, pero recoñeceu logo a Xunta ós

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:30:42
Nº Rexistro: 18354
Data envio: 14/07/2021 13:30:42.863

propios mariscadores que pode haber outras causas e que non sabe realmente o que está pasando na ría.

Así, despois de solicitar reiteradamente á Xunta de Galicia a adopción de medidas para solucionar esta situación, e de chegar a manifestarse en diversas ocasións, nunha recente reunión celebrada en Santiago, representantes das tres confrarías (Ferrol, Mugardos e Barallobre) da ría non obtiveron ningún tipo de resposta positiva da administración galega, manifestando o patrón da confraría de Barallobre que "Nos han trasladado que si son conscientes de que hai un problema en la ría pero que no saben realmente a que es debido, que lo están intentando averiguar, pero no nos aportan una solución ni tampoco ningún recurso económico para la falta de producto que tenemos".

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que está facendo e ten previsto facer a Xunta de Galicia para solucionar o dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:12:34

Julio Torrado Quintela na data 06/07/2021 12:12:52

Patricia Otero Rodríguez na data 06/07/2021 12:13:01

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:31:21
Nº Rexistro: 18355
Data envio: 14/07/2021 13:31:21.410

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A recente Sentenza 137/2020, de 2 do setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña declara a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. A sentenza, froito dun complexo e singular proceso xudicial impulsado con decisión polo Goberno progresista de España a través dun gran traballo da avogacía do Estado, abre a porta dun xeito histórico á recuperación do Pazo de Meirás polo Estado.

É claro e meridiano que a historia máis recente e significativa do pazo está asociada ao feito de que Francisco Franco foi un corrupto, ademais dun golpista e ditador que cos seus actos causou a morte de centos de milleiros de vítimas no noso país, o exilio doutros tantos e a represión de moitos máis. No caso do Pazo de Meirás, un corrupto que obrigou á cidadanía da comarca coruñesa a pagar para regalarlle o Pazo de Meirás e simular operacións xurídicas para poñer o ben ao seu nome, na liña do proceso xeral de saqueo do Estado polo que, segundo o historiador Ángel Viñas, amasara xa no ano 1940 unha fortuna de 38 millóns de pesetas de entón, que equivalen a 400 millóns de euros de hoxe.

E, ademais, unha vez que o xulgado facilitou a medida cautelar solicitada pola avogacía do Estado para inventariar e manter custodiado no propio pazo o contido do mesmo, soubemos que o seu contido está integrado en boa medida por obxectos que formaban tamén parte do patrimonio do Estado.

E o roubo do Pazo de Meirás é soamente unha mostra máis desa corrupción, que non pode desligarse da anulación das liberdades durante 40 anos e da represión franquista durante a guerra, a posguerra e moito despois, que tivo lugar en Galicia como noutras zonas de España.

A reivindicación da memoria democrática pretende non só homenaxear e restaurar a dignidade das vítimas senón contribuír a que se entendan os acontecementos que tiveron comezo en 1936 como o que foron -un episodio brutal, antidemocrático e sanguinario levado a cabo por uns golpistas que instauraron unha ditadura que parou o reloxo da historia de España durante

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:31:21
Nº Rexistro: 18355
Data envio: 14/07/2021 13:31:21.410

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

décadas-, así como reivindicar os movementos de disidencia contra esa ditadura e facer pedagoxía dos valores democráticos anulados por ela.

Dende ese punto de vista, e ante as iniciativas presentadas recentemente por outras forzas políticas nesta cámara, sinaladamente polo PP, entendemos necesario establecer con claridade cal debe ser o uso principal do Pazo de Meirás para o caso de que –como desexamos- a sentenza de primeira instancia remate por ser confirmada. E ese uso non pode ser outro que a reivindicación e estudo e difusión da memoria democrática, a cal, por certo, a Xunta de Galicia dedica cero euros nos orzamentos do ano 2021, mostra manifesta da incomodidade evidente que lle produce o tema, acorde coa súa traxectoria e historia política.

Unha democracia madura e moderna como a que levamos máis de 40 anos construíndo ten que deixar claro cal debe ser o uso principal do pazo: a memoria histórica democrática, sen prexuízo doutros usos –dado que no pazo hai espazo dabondo- pero sen dar pé a operacións de desvirtuación e alixeiramento e confusión do que debe ser o uso principal do pazo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Ten o Goberno galego algún tipo de problema co concepto de memoria democrática e co cumprimento da lexislación na materia que impida que o uso asociado a esa memoria democrática sexa o principal e prioritario do pazo sen prexuízo doutros?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:15:36

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:15:50

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:32:22
Nº Rexistro: 18356
Data envio: 14/07/2021 13:32:22.535

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Das aproximadamente 300 persoas que traballaban na Coruña hai unha década, cadro de persoal xa reducido a través dos sucesivos procesos de fusión da compañía, agora só quedan arredor de 70, tras un desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

Agora *Naturgy* vén de comunicar o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implica a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

Unión Fenosa Distribución, titular do COR, dá servizo a case 2 millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galeguidade da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a perda de calquera vestixio de galeguidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:32:22
Nº Rexistro: 18356
Data envio: 14/07/2021 13:32:22.535

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:26:30

Martín Seco García na data 06/07/2021 12:26:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/07/2021 12:27:05

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:32:44
Nº Rexistro: 18357
Data envio: 14/07/2021 13:32:44.097

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As reformas do Regulamento hipotecario e da Lei hipotecaria (concretamente do seu artigo 206) levadas a cabo polos gobernos do PP no Estado desde o primeiro Goberno Aznar posibilitaron o acceso ao rexistro da propiedade de calquera tipo de bens inmobles, así como a calquera dereito real sobre eles, situación que foi aproveitada pola Igrexa Católica para inmatricular multitude de bens ao seu nome, tendo en conta que ata ese momento, os templos dedicados ao culto católico quedaban fóra do rexistro, posto que eran considerados bens de dominio público, que non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario entón un título previo xustificativo da propiedade ou do dereito real.

En lexislaturas pasadas o PSdeG xa formulou, sen que fose apoiada polo PP, unha iniciativa dirixida a coñecer os efectos que tivo en Galicia a dita reforma a través dun estudo da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que enumerase os bens inmatriculados a favor da Igrexa Católica desde 1998, como se fixo noutros lugares de España.

Nestes días, o Goberno está facendo pública a relación dos bens que se inmatricularon aproveitando a vía aberta pola modificación da lexislación hipotecaria do Goberno Aznar.

Segundo os datos do Goberno, o número de inmobles inmatriculados pola Igrexa é de aproximadamente 35.000, dos cales 7.131, é dicir, un de cada cinco, corresponden a Galicia, o que dá idea da importancia desta situación na nosa comunidade. Dentro deses 7.131, hai 2.747 templos, e o resto está integrado por todo tipo de bens inmobles. A relación completa deses bens vén de ser remitida o Congreso, e este abrirá un prazo para reclamalos legalmente por parte de quen estea en desacordo coa declaración de titularidade a favor da Igrexa, como pode ser o caso de particulares ou concellos, entre outros.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que debe establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:32:44
Nº Rexistro: 18357
Data envio: 14/07/2021 13:32:44.097

reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos dada a dimensión deste asunto en Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:24:08

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:24:29

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:33:04
Nº Rexistro: 18359
Data envio: 14/07/2021 13:33:04.129

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai uns días, a Consellería de Medio Ambiente informou sinteticamente de 10 proxectos que afirma que vai presentar ante o Goberno do Estado para a captación de fondos *Next Generation* e que aspira a desenvolver nun prazo de 3 anos. Eses 10 proxectos optarían a un total de 122 millóns de euros. Deles a metade, segundo a consellaría, terían tres obxectivos concretos modernizar os recursos enerxéticos e potenciar os ecosistemas do parque nacional das Illas Atlánticas (11 millóns); a recuperación integral de 300 quilómetros de ríos, denominado Proxecto Mil Ríos, centrado no Ulla, Eo, Landro e Sor (31,3 millóns); e a restauración de 1.500 hectáreas de terreo da Rede Natura que sufriu incendios forestais (12 millóns).

Outras iniciativas, segundo a consellaría, teñen a recuperación da biodiversidade como eixo: adquisición de solo nos seis parques naturais para a restauración de ecosistemas (16 millóns), eliminación de especies invasoras (con 14 millóns específicos para Galicia e 3,5 millóns de euros compartidos con Asturias, País Vasco e Cantabria para eliminar a herba da pampa), creación dun mapa de hábitats de Galicia (1,1 millóns), recuperación do entorno do río Eo (2,9 millóns compartidos con Asturias) e traballos para actuar sobre 1000 hectáreas de espazos naturais atravesadas por infraestruturas (15 millóns), así como actuacións en 1000 hectáreas da Rede Natura (15 millóns).

A conselleira defendeu estes proxectos afirmando que “estamos ante 10 ambiciosos proxectos que cumpren as liñas xerais dos fondos comunitarios e cos que queremos responder ás necesidades presentes e futuras do noso medio natural”.

Non obstante, o importe e alcance dos proxectos desminte a ambición que pregona a conselleira. Ante unha oportunidade histórica como é a que representan os fondos *next generation* para dar un impulso á recuperación do medio ambiente de Galicia, e facer del, ao mesmo tempo, un vector de recuperación económica, sorprende a escaseza da ambición do departamento de medio ambiente.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:33:04
Nº Rexistro: 18359
Data envio: 14/07/2021 13:33:04.129

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Hai que ter en conta que no Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia o obxectivo de transición ecolóxica ascende a un 37 % dos fondos, e que eses fondos ascenden a aproximadamente 70.000 millóns nunha primeira fase, o cal implicaría que está previsto un importe de 25.900 millóns para transición ecolóxica, no cal Galicia ten que concorrer co resto das CC.AA baseándose nun deseño ambicioso. Certamente, neses importes están tamén incluídos proxectos de enerxía limpa, pero a cifra que a consellaría presenta como obxectivo (que non ten por que ser acadado dado que os fondos non se van repartir con criterios territoriais estritos senón en relación coa competencia entre proxectos, condicionalidade, etc) é manifestamente insuficiente, ademais de que o proceso de selección deses proxectos carece de deliberación cos axentes sociais, outras administracións, cidadanía, e está revestido de opacidade.

Pódese afirmar que esta escaseza de ambición e opacidade é unha nova mostra da política medioambiental da Xunta de Galicia, marcada polo ecobranqueo, un orzamento moi baixo e tolerancia e permisividade ante as agresións ao medio, que chocan frontalmente co espírito dos tempos e coa axenda verde española e europea.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera a consellaría que presentar 10 proxectos por importe de 122 millóns de euros é suficientemente ambicioso ante unha oportunidade histórica como a dos fondos *next generation*?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:25:31

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:25:46

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:33:28
Nº Rexistro: 18360
Data envio: 14/07/2021 13:33:28.285

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A sentenza 137/2020, do 2 de setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña, declarou a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. Trátase dunha sentenza histórica, a primeira do seu tipo en España, que abre a porta para a recuperación dun ben que foi obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición privilexiada, un ben do que desfrutou máis de tres décadas e do que continuou desfrutando a súa familia ata o presente.

Foi grazas á intervención da Avogacía do Estado que a principios de 2019 se obtivo un documento notarial que permanecía oculto no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña e que desmontou o embuste ideado polo ditador, documento en base ao que o 11 de xullo de 2019 se presentou a demanda de recuperación do ben para o patrimonio do Estado, froito dun gran traballo xurídico da Avogacía do Estado e da firme vontade política do Goberno progresista do Estado".

Recorrida a resolución xudicial pola familia Franco, a Audiencia Provincial da Coruña (sentenza 60/2021 da Sección Terceira) confirma que a propiedade do inmoble corresponde ao Estado, dando por tanto a razón ao Estado no asunto principal, que era a propiedade, se ben modifica a sentenza de primeira instancia no sentido de establecer unha compensación económica polos gastos feitos pola familia Franco dende a morte do ditador, por considerar, en síntese, que se mantiveron na posesión do pazo sen mala fe, o cal obriga a compensalos polos gastos útiles, ademais de considerar que incluso no caso de que se mantivesen na posesión do pazo concorrendo mala fe, habería que compensalos tamén polos gastos necesarios segundo dispón o artigo 453 do código civil.

Sen entrar a contradicir os argumentos xurídicos e o relato fáctico da sentenza de segunda instancia nun proceso tan novidoso e complexo, cousa que non corresponde a un partido político nin é propia da función parlamentaria, si que debemos demandar que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para defender o interese do Estado neste tema, cousa que, ademais do propio Estado, tecnicamente pode e debe facer da Xunta de Galicia, personada no proceso como

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:33:28
Nº Rexistro: 18360
Data envio: 14/07/2021 13:33:28.285

parte coadxuvante adhesiva, particularmente no relativo a impedir na medida do posible calquera pago por parte do Estado á familia Franco.

Por outra banda, unha democracia madura e moderna como a que levamos máis de 40 anos construíndo ten que deixar claro cal debe ser o uso principal do pazo: o estudo, difusión e reivindicación da memoria histórica democrática, sen prexuízo doutros usos –dado que no pazo hai espazo dabondo- pero sen dar pé a operacións de desvirtuación e alixeiramento e confusión do que debe ser o uso principal do pazo, asociado ao feito do modo ilexítimo e fraudulento en que o ditador chegou á súa posesión e ao propio uso do pazo durante toda a ditadura.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego recorrer como parte coadxuvante adhesiva a sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña no relativo á compensación económica á familia Franco polos gastos feitos no Pazo?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:28:10

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:28:27

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:33:48
Nº Rexistro: 18361
Data envio: 14/07/2021 13:33:48.472

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

Galicia é a comunidade autónoma con máis superficie costeira de España, ademais de que a economía asociada ás nosas costas ten unha enorme importancia, igual que a conservación do noso litoral, que é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade colectiva.

A economía marítimo-alimentaria das nosas costas (marisqueo, acuicultura, conserva, etc) xera unha actividade produtiva dificilmente deslocalizable, intensiva en man de obra en boa medida feminina e na que temos unha vantaxe competitiva evidente, o cal outórgalle un carácter estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI, sinaladamente no ámbito da Unión Europea. Así mesmo, o turismo vinculado ás nosas costas ten unha grande importancia que pode medrar no futuro, ademais de que as nosas costas son un patrimonio público que debe ser conservado para as xeracións futuras e subtraído da posibilidade de apropiación particular, sen perder de vista o especial impacto que pode ter o cambio climático nas nosas costas.

Galicia xa ten amplas competencias no ámbito costeiro, desde a promoción económica, a medioambiental, á ordenación do litoral, etc, e nese sentido, entendemos que dentro do reparto de competencias do Estado, ten sentido lóxico e xurídico que sexan exercidas pola Comunidade Autónoma as de xestión do dominio público marítimo terrestre, por razóns funcionais e de proximidade ao territorio e ás súas especificidades.

Os gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterizáronse polo completo abandono sobre as demandas competenciais para Galicia, sen que nos últimos 12 anos fose solicitada ningunha nova transferencia que supuxese a ampliación do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.

O caso que nos ocupa ben merece poñer fin a esa parálise, por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:33:48
Nº Rexistro: 18361
Data envio: 14/07/2021 13:33:48.472

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Está disposto o Goberno galego a asumir as competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre como outras CC.AA e dada a importancia das nosas costas?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:29:51

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:30:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2021 12:30:23

Patricia Otero Rodríguez na data 06/07/2021 12:30:38

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:34:26
Nº Rexistro: 18362
Data envio: 14/07/2021 13:34:26.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal levan véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles-, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Téxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:34:26
Nº Rexistro: 18362
Data envio: 14/07/2021 13:34:26.972

de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego exercer as súas competencias de política industrial e promoción económica para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:32:22

Martín Seco García na data 06/07/2021 12:32:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/07/2021 12:32:54

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:34:51
Nº Rexistro: 18364
Data envio: 14/07/2021 13:34:51.066

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Recentemente, no xuízo do caso Bárcenas que se celebra na Audiencia Nacional, tanto o ex-xerente do PP, Cristobal Páez, como o propio Bárcenas, confirmaron que a última operación da Caixa B do PP foi un pago en efectivo de 50.000 euros no ano 2010 que procedía do PP de Pontevedra e que se repartiu, segundo dixeron, en dous sobres, entregados a Rajoy e a Dolores de Cospedal.

Nos documentos aportados na Audiencia Nacional no caso Bárcenas figura unha relación de ingresos de empresas por importe de 2 millóns de euros que era a contabilidade B do PP de Galicia cando Feijóo xa era presidente do partido en Galicia, no ano 2006.

O propio Pablo Crespo, ex secretario de organización do PP de Galicia, recoñeceu nunha comisión do Congreso que o PP de Galicia estaba intensamente implicado no financiamento ilegal do PP, igual que o fixo en entrevistas nas que recoñeceu que no PP de Galicia tamén houbo sobres.

Incluso na investigación do caso Kitchen fálase de documentos que probarían "pagos en B en sedes do PP de Galicia, Valencia e Madrid", a pesar de que o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracións reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta de 10 de setembro de 2020, sinalou que "estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos", cando é notorio que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que "nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual", ademais de sinalar que no PP xa "están acostumados" a que se "critique e recritique por feitos que pasaron hai máis dunha década".

Por tanto, as probas e indicios dos casos Bárcenas, Gürtel e Kitchen comezan en Galicia (ademais de Madrid e Valencia) e rematan aparentemente en Galicia e ata o día de hoxe o Goberno do Sr. Feijóo non deu a máis mínima explicación convincente destes temas, aparte de negalo todo.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:34:51
Nº Rexistro: 18364
Data envio: 14/07/2021 13:34:51.066

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Todo o anterior implica que hai probas suficientes de que o PP de Galicia foi dopado ás eleccións durante polo menos dúas décadas, e como mínimo ás primeiras eleccións de Feijóo no ano 2009.

Por se fose pouco, recentemente foron condenados por corrupción o ex-presidente da Deputación de Pontevedra e a delegada da Xunta en Pontevedra. O desprezo do Sr. Feijóo pola ética é tal que se permitiu nomear á delegada da Xunta en Pontevedra e ex alcaldesa de Moraña sabendo que ía ser xulgada por prevaricación e falsidade. E o Sr. Louzán foi presidente do PP de Pontevedra ata o ano 2015 ademais de presidente da Deputación durante anos. E o Sr. Louzán xa fora investigado pola fiscalía no ano 2015 por un presunto delito de suborno, que se pechou porque se anularon as probas. E o Sr. Louzán manexa cada ano 400.000 euros de fondos públicos e está condenado por corrupción e a Xunta non fai nada cando ten ferramentas xurídicas máis que suficientes para actuar sobre os organismos directivos das federacións deportivas a través do comité galego de Xustiza deportiva, que ten competencias disciplinaria atribuída pola Lei galega do deporte, e ademais ten os medios para forzar politicamente a saída de Louzán, pero mira cara outro lado.

É fundamental que as administracións e as persoas que exercen a política se comporten dun xeito ético, sobre todo nun tempo marcado por unha forte crise sanitaria e económica que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais, e pon en cuestión as institucións que, en última instancia, sosteñen o Estado e a democracia mesma. Estamos preocupados polos antecedentes de corrupción do PP de Galicia e as implicacións que poden ter para o manexo das inxentes cantidades de fondos públicos que Galicia vai recibir dos fondos *next generation.*

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia os feitos coñecidos respecto da implicación do PP de Galicia nos procesos xudiciais derivados do chamado caso Bárcenas –operación Kitchen incluída- que se relatan na exposición de motivos desta iniciativa?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:34:51
Nº Rexistro: 18364
Data envio: 14/07/2021 13:34:51.066

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:33:43

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:33:58

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:12
Nº Rexistro: 18365
Data envio: 14/07/2021 13:35:12.332

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é desde hai moitos anos unha institución cultural imprescindible na vida cultural de Galicia como orquestra de nivel internacional que se mantén nunha cidade que non chega ós 250.000 habitantes como é A Coruña, facendo moito con pouco e mantendo contra vento e marea a súa xestión económica con recursos decrecentes que poñen en risco o seu futuro, tendo como causa fundamental desa situación económica o incumprimento pola Xunta de Galicia do seu compromiso de aportación económica ó Consorcio que xestiona a OSG.

O convenio de colaboración coa Xunta para o financiamento dese consorcio asinouse o 28 de decembro de 2004. Baseándose nese convenio a Xunta pasaría a cofinanciar o ente cunha cantidade de tres millóns de euros anuais unha vez que os estatutos do consorcio se modificasen para incluír a Xunta como parte del, cousa que tivo lugar en 2005. O acordo cumpriuse ata o ano 2010. Desde entón, a Xunta –de xeito inaudito- incumpriu ano tras ano o pactado nuns importes que oscilan entre os 358.000 e os 859.000 euros anuais, ascendendo a débeda acumulada a día de hoxe a máis de 5 millóns de euros.

Esta situación pon en risco a súa actividade social, ademais de imposibilitar unha planificación axeitada das actividades, sendo evidente que unha comunidade como Galicia ten a obriga de non deixar caer un dos seus símbolos culturais, que ademais é un modelo de eficacia no uso dos recursos públicos que contrasta enormemente co dispendio da Cidade da Cultura, pendente aínda de rematar as súas obras e de definir os seus usos máis de 20 anos despois do inicio das obras.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia axeitado incumprir os seus acordos asfixiando economicamente a unha institución cultural de referencia e primeiro nivel como a Orquestra Sinfónica de Galicia á que lle debe máis de 5 millóns de euros cando leva gastados máis de 300 millóns na Cidade da Cultura que tras máis de 20 anos segue sen estar rematada e sen ter claramente definidos os seus usos?

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:12
Nº Rexistro: 18365
Data envio: 14/07/2021 13:35:12.332

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:34:42

Noa Susana Díaz Varela na data 06/07/2021 12:35:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2021 12:36:04

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:34
Nº Rexistro: 18366
Data envio: 14/07/2021 13:35:34.238

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A vinculación de Galicia coa súa costa e o seu mar é ancestral, como o son as actividades económicas asociadas a eses ámbitos, existindo vestixios arqueolóxicos de actividade marisqueira e pesqueira desde os primeiros asentamentos humanos no noso territorio. A costa forma parte da nosa identidade, da nosa cultura, da nosa tradición e da nosa economía, sendo decenas de milleiros de postos de traballo os vinculados de xeito directo ou indirecto ó sector mar-industria-alimentario, líder a nivel internacional en moitos ámbitos (como a conserva) e cun peso no PIB da nosa comunidade sen parangón noutras CCAA, na medida en que Galicia é a comunidade autónoma con maior superficie costeira de España, ademais de desfrutar da singularidade xeográfica e ecolóxica das rías e da riqueza do noso mar, todo o cal fai que a economía asociada ó noso mar e á nosa costa teña unha riqueza e peculiaridade que a fan merecedora da máxima protección pública.

O marco lexislativo actualmente vixente no tocante ao noso sector mar-industria-alimentario está integrado, basicamente, pola Lei de costas, aprobada na súa última reforma polo Goberno de M. Rajoy no ano 2013, e o seu regulamento de desenvolvemento, do ano 2014. Así mesmo, tamén a Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003 (da época do Goberno de José María Aznar), que sobre as concesións en espazos de dominio público indica o seguinte no seu artigo 93.3: "O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor"; unha lei que, por un principio de coherencia normativa e dado o seu carácter xeral, aplicable a todo o ámbito das concesión públicas, resulta obviamente aplicable no ámbito do dominio público marítimo- terrestre, operando como límite da normativa de costas. Ese prazo de 75 anos non afecta ás concesións de instalacións de acuicultura, xa que o prazo máximo para a actividade acuícola establecido no artigo 53 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, é de 10 anos e pódese estender por períodos de igual duración, non superando o total de 50 anos. O propio Regulamento de costas establece unha serie de criterios para a determinación da duración das concesións, tales como a "adecuación ó medio", o posible "impacto paisaxístico" ou a "protección ecolóxica da interacción mar-terra" (art. 135)

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:34
Nº Rexistro: 18366
Data envio: 14/07/2021 13:35:34.238

No ano 2019, o Goberno do Estado decidía abordar un novo regulamento, ante a inseguridade xurídica e a ambigüidade de criterios producidas polo texto do ano 2014, que xa foran postos de manifesto pola Avogacía do Estado e polo Consello de Estado, pero despois da análise das alegacións e das conclusións dos grupos de traballo, tamén as presentadas pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición Ecolóxica tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto dun novo regulamento de costas, decisión na que foi tomada moi en conta a posición adoptada polo Partido Socialista de Galicia.

Coñecedor do problema asociado a que no ano 2018 vencían os 30 anos marcados pola Lei de costas como límite de moitas concesións e da inseguridade xurídica introducida pola reforma levada a cabo polo Goberno de M. Rajoy, dun xeito irresponsable o Goberno de Galicia e o partido que o sostén levan máis de dous anos dedicada á difusión tendenciosa de noticias falsas, empeñados en desinformar o sector e introducir confusión nun ámbito de por si suficientemente complexo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia deixar de desinformar o sector mar-industria-alimentario sobre as modificacións lexislativas que lle poidan afectar?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:36:55

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:37:11

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:54
Nº Rexistro: 18367
Data envio: 14/07/2021 13:35:54.816

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Juan Carlos Francisco Rivera, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Vén de ser denunciado ante a opinión pública polo colectivo Amigas das Árbores a tala indiscriminada dunha fraga de 2.5 hectáreas formada por especies autóctonas no concello de Parada de Sil, en pleno corazón da Ribeira Sacra, eliminando todo o sotobosque e o bosque de ribeira a carón do regato da Senra. Os cañóns do Sil forman parte da Rede Natura 2000 como LIC e ZEC, tendo un elevadísimo valor ecolóxico, cultural e etnográfico.

A forma de efectuar a tala constitúe unha práctica silvícola altamente agresiva que elimina todas as árbores dunha zona producindo a desaparición de flora e fauna, a colmatación dos cursos fluviais, perda de chan fértil e erosión, ademais do impacto paisaxístico.

Os nosos bosques autóctonos están a ser substituídos aceleradamente por monocultivos de eucalipto, o cal atenta contra a biodiversidade, a paisaxe e o dereito ambiental español e europeo. Este novo episodio, un de tantos, prodúcese nun espazo que en teoría debería gozar do máximo grado de protección e que, ademais, aspira a ser declarado Patrimonio da Humanidade este mesmo ano.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia ante a tala indiscriminada e total dunha fraga de 2,5 hectáreas nun espazo protexido como a Ribeira Sacra?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:37:52

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:38:09

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:35:54
Nº Rexistro: 18367
Data envio: 14/07/2021 13:35:54.816

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/07/2021 12:38:19

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:24
Nº Rexistro: 18368
Data envio: 14/07/2021 13:36:24.785

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinalaba que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Remataba a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son os de lograr a mellora das comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráficos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débese lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso, define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes e, por suposto, todo iso minimizando o impacto ambiental de conformidade coa normativa galega, española e europea.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non se pode circunscribir á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a terceira rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:24
Nº Rexistro: 18368
Data envio: 14/07/2021 13:36:24.785

segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria Autopistas del Atlántico sería favorecida. Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolto como proxecto construtivo. O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes. O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente "O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación".

Lamentable e incomprensiblemente, as obras da Vía Ártabra teñen arrasado xa parte da zona húmida da Gándara, que acolle catro especies en perigo de extinción e outras en estado de gran vulnerabilidade, ademais de funcionar como barreira contra posibles inundacións nunha extensa área, estar incluído na Reserva da Biosfera e figurar como hábitat prioritario na normativa europea e como ben de interese cultural no catálogo da Xunta desde 1994.

O 21 de decembro de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas publica un anuncio polo que se somete a trámite de información pública o proxecto de modificado número1 da Vía Ártabra, que contén modificacións na fase I e amplía as súas determinacións á fase II, que está pendente da autorización de Fomento para a conexión coa AP9.

A lei 21/2013, de avaliación ambiental, determina, por aplicación do seu artigo 43 e da súa DT primeira, que a DIA da obra, que data do ano 2009, perda vixencia a partir dos 6 anos desde a entrada en vigor da lei, prazo que se cumpriu o 12 de decembro de 2019, establecendo a mesma disposición transitoria o efecto desa perda de vixencia: "el promotor deberá iniciar nuevamente el trámite de evaluación del impacto ambiental del proyecto conforme a lo establecido en esta ley". Iso implica facer un estudo de alternativas, a correspondente comparativa entre elas, a elección da máis axeitada, a proposta de DIA e a redacción do proxecto baseándose na solución adoptada. A omisión deste trámite daría lugar á nulidade dos actos administrativos que se adoptasen a partir do 12 de decembro de 2019.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:24
Nº Rexistro: 18368
Data envio: 14/07/2021 13:36:24.785

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia omitir conscientemente as determinacións da Lei 21/2013, que implican a perda de vixencia da DIA do proxecto e a necesidade de iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:39:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2021 12:39:31

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:39:44

Patricia Otero Rodríguez na data 06/07/2021 12:39:56

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:57
Nº Rexistro: 18369
Data envio: 14/07/2021 13:36:57.191

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No ano 1992 creouse a Rede Natura 2000 no ámbito da UE, coa finalidade de converterse na principal ferramenta de conservación da biodiversidade, fixando obxectivos e protocolos de conservación dos hábitats naturais, fauna e flora e de mellorar a calidade do medio ambiente europeo.

O 20 de decembro de 2011, a Xunta emitía unha nota de prensa recollida ese día por Europa Press nos seguintes termos: "Galicia completará antes del verano su Red Natura 2000, que pasará del 12 % al 15 % del territorio".

O 2 de xaneiro de 2012, o DOG publicou o ANUNCIO do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acordaba someter á participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia, sinalando que:

"O día 21 de decembro de 2011 o conselleiro do Medio Rural presentou ao Parlamento a nova proposta de lugares de importancia comunitaria (LIC), dando así inicio ao procedemento de ampliación da actual rede Natura 2000 en Galicia. Desde o día seguinte, o documento quedou á disposición do público na páxina web da Consellería do Medio Rural.

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscríbense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:57
Nº Rexistro: 18369
Data envio: 14/07/2021 13:36:57.191

maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, ***é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión****".*

Nese mesmo anuncio acordábase *"Abrir un período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia polo prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados poidan remitir observacións e opinión"*

Ademais das decisións da UE ás que facía referencia o anuncio, hai que ter en conta o feito de que a Comisión Europea na súa resposta E 9181/2010, sinalaba o seguinte: "En lo que respecta a la Directiva sobre hábitats y a la protección de las especies y tipos de hábitat de interés comunitario, la Comisión ha detectado dos tipos de hábitat de interés comunitario que no están representados en medida suficiente en el territorio de Galicia incluido en la región biogeográfica atlántica. Por lo tanto, el Reino de España debería designar como LCI varias zonas más para cubrir las insuficiencias observadas en Galicia.La Comisión no ha recibido hasta ahora ninguna propuesta de ampliación de los LIC en Galicia. Tampoco se han notificado a la Comisión los planes de conservación u otros instrumentos de conservación de los lugares de la red Natura 2000 situados en Galicia".

Un mes máis tarde publicábase un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública, sen que soubésemos nada máis daquela ampliación nos anos posteriores.

Xa no ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan director da Rede Natura 2000, que foi obxecto de críticas por parte da Comisión Europea, por entender que as medidas de conservación recollidas son "demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen suficiente claridade para a súa aplicación" polo que

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:57
Nº Rexistro: 18369
Data envio: 14/07/2021 13:36:57.191

"non se pode considerar que o plan director da Rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente".

O informe da organización ecoloxista WWF (unha das máis importantes e recoñecidas do mundo) sobre a Rede Natura 2000 publicado no ano 2016 – perfectamente vixente na actualidade dado que a situación non mellorou desde entón- situaba Galicia como unha das 4 comunidades con peores deficiencias na Rede Natura de España, sinalando a responsable de Rede Natura de WWF nesas datas respecto do Plan director de Galicia que "Es, con diferencia, la peor planificación. Muchos coincidimos en que ni siquiera se le puede llamar plan de gestión" (sic).

En xullo de 2017, a entón conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostible para os concellos.

En conclusión, cando a Axenda Verde Europea prioriza a transición ecolóxica non só na teoría senón na propia estrutura dos fondos europeos, a situación do principal instrumento de conservación de Galicia, como é a Rede Natura, resulta, por tanto, dantesca e contraria ás tendencias de España, Europa e o mundo e a Xunta leva unha década sen proceder a ampliar a Rede Natura de Galicia a pesar de que:

1. A superficie terrestre incluída nela, que non chega ao 12 %, é menos da metade da incluída en todo o Estado, 27,35 % segundo datos oficiais. Se consideramos a superficie mariña protexida, a desproporción é aínda superior.

2. Hai xa unha década que a Comisión Europea considerou necesaria a ampliación.

3. A propia Xunta anunciou a ampliación en 2011 e 2017, considerándoa URXENTE xa no 2011.

4. O único instrumento de xestión da rede natura, o plan director do ano 2014, permite todo tipo de actividades e, ademais, na realidade nin sequera se aplica, estando de facto a exigua Rede Natura de Galicia practicamente desprotexida, polo que se trata dunha protección, ademais de moi escasa en canto á superficie, case inexistente na realidade.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:36:57
Nº Rexistro: 18369
Data envio: 14/07/2021 13:36:57.191

Vai a Xunta de Galicia ampliar a Rede Natura 2000 como leva anunciando desde hai 10 anos?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:40:55

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:41:12

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:37:18
Nº Rexistro: 18370
Data envio: 14/07/2021 13:37:18.379

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas á existencia de excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento. Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018.

Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo. No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio. As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construísen uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente. O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica, ademais de que arredor do 50 % da potencia xa instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques. Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:37:18
Nº Rexistro: 18370
Data envio: 14/07/2021 13:37:18.379

iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións. Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

A enorme cantidade de proxectos eólicos en curso afecta a unha gran parte do noso territorio, incluíndo zonas con gran valor ambiental e paisaxístico, sendo necesario, ademais, considerar a forte implantación preexistente da eólica no noso territorio e os efectos ambientais de todo tipo que produce a implantación de parques eólicos (sobre as aves, sobre a fauna e flora, sobre os cumios das serras, sobre os recursos fluviais, etc).

Ademais, parte dos proxectos en curso afectan a zonas contempladas nas previsións de ampliación da Rede Natura 2000, reclamada desde hai tempo pola UE, xa proxectada polo goberno de Emilio Pérez Touriño pero que foi paralizada polos gobernos do Sr. Feijóo, e a pesar de ser anunciada en 2011 e 2017, nunca levada a cabo cando a superficie protexida en Galicia pola Rede Natura é menos da metade da media estatal.

Por outra banda, as valiosas zonas húmidas de Galicia (incluídas as turbeiras presentes en moitos dos lugares onde está previsto instalar parques eólicos) apenas están a ser contempladas nos estudos de impacto ambiental, dado que, coa excepción das cinco zonas húmidas protexidas en Galicia, nin sequera están incluídas no inventario de zonas húmidas previsto pola propia normativa autonómica desde hai máis dunha década e que nunca foi realizado, e malamente se pode protexer o que non existe oficialmente.

A todo o anterior únese o feito de que o Plan eólico de Galicia data do ano 1997, e a avaliación ambiental estratéxica non foi implantada no noso país ata o ano 2006, polo que o plan non foi avaliado estratexicamente desde o punto de vista medioambiental, o cal implica que non ten en conta os efectos acumulativos dos parques nin o impacto conxunto das instalacións, entre outras deficiencias.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Como vai garantir a Xunta de Galicia que a enorme cantidade de proxectos eólicos que está previsto desenvolver na próxima década non teña un elevado

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:37:18
Nº Rexistro: 18370
Data envio: 14/07/2021 13:37:18.379

impacto ambiental sobre o noso territorio, que xa ten unha elevada presencia de parques eólicos?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:41:56

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:42:11

Martín Seco García na data 06/07/2021 12:42:21

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:37:44
Nº Rexistro: 18371
Data envio: 14/07/2021 13:37:44.597

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os humidais son ecosistemas dun elevado valor ecolóxico, que actúan como soporte dunha importante biodiversidade, incluíndo aves, anfibios, réptiles e mamíferos, e contribúen decisivamente á loita contra o cambio climático. Son esenciais para frear riadas e inundacións en épocas de crecida de caudais, crean chan, estabilizan as costas, controlan a erosión e recargan e purifican acuíferos e augas subterráneas. Ademais as turbeiras e humidais arborados son particularmente importantes como sumidoiros de carbono, estimándose que as turbeiras almacenan máis do 25 % do carbono do solo, a pesar de representar o 3 % da superficie.

Galicia, dadas as súas características climatolóxicas e xeográficas, conta aínda cunha elevada riqueza deste tipo de espazos ecolóxicos, a pesar de que moitos desaparecer en e moitos máis sufriron agresións de todo tipo nas últimas décadas.

O convenio Ramsar de 1982 marcou o inicio da protección destes espazos, complementada pola lexislación ambiental europea e pola directiva marco de augas, así como pola propia lexislación estatal. En Galicia, o Decreto 127/2008, de 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia establece a regulación especificamente autonómica na materia, tendo como obxectivos, segundo o artigo 1 do propio decreto:

a) O desenvolvemento do réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia establecido no artigo 14 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.

b) A creación e regulación do Inventario de humidais de Galicia.

Consonte ao artigo 13, o inventario configúrase como o instrumento que recollerá de forma sistemática os humidais situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídos nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:37:44
Nº Rexistro: 18371
Data envio: 14/07/2021 13:37:44.597

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Segundo o artigo 14.1 do decreto, o Inventario de humidais de Galicia "constitúe un rexistro público de natureza administrativa dos humidais localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" e segundo o artigo 14.3 "o inventario de humidais de Galicia ten carácter público e poderá ser obxecto de consulta pública permanente".

Finalmente, o artigo 15 determina que a inclusión dos humidais no inventario se faga de oficio e sexa obxecto de publicación no DOG.

A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, 12 anos despois da entrada en vigor desta norma non existe o inventario de humidais previsto detalladamente no propio decreto.

Deste xeito, fóra dos 5 humidais teoricamente protexidos da ría do Eo, ría de Ortigueira e Ladrido, lagoa e areal de Valdoviño, complexo das praias, duna e lagoa de Corrubedo e complexo intermareal Umia-O Grove, o resto dos humidais de Galicia non existen para a Administración, polo que habitualmente nin sequera son tidos en conta nas declaracións de impacto ambiental, por exemplo dos numerosos parques eólicos que se están a desenvolver nos últimos tempos.

Non obstante, cada ano a Xunta celebra o día mundial dos humidais falando da súa importancia coa foto e nota de prensa correspondente. Así, por exemplo, no cada vez máis distante ano 2013, o delegado da Xunta en Ourense personábase na Limia (exemplo de degradación de espazos deste tipo) para dicir que o 80 % destes espazos "tería a máxima protección ambiental", quedando incluído na ampliación da Rede Natura, que consideraba inminente. Tamén cuantificaba o seu número afirmando que Galicia conta con 1.100 humidais, que suman 70.000 hectáreas repartidas maioritariamente entre os sectores litorais e as áreas de montaña, "segundo o inventario da Xunta", cousa moi sorprendente considerando que tal inventario non existe aínda a día de hoxe.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal é o motivo de que 12 anos despois da aprobación do decreto que obriga ao Goberno galego a facer o inventario de humidais, tal inventario non exista?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:37:44
Nº Rexistro: 18371
Data envio: 14/07/2021 13:37:44.597

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:43:14

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:43:30

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:06
Nº Rexistro: 18372
Data envio: 14/07/2021 13:38:06.597

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e a posibilidade de exame cidadán de toda esta información son mecanismos básicos de control e de limitación do poder estatal.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria. Tamén obriga á Xunta de Galicia a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia e os contratos menores.

Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano. Actualmente, finalizada a X Lexislatura e rematado o ano 2020, non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento actualizado destes acordos, sendo o último publicado de decembro de 2017.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:06
Nº Rexistro: 18372
Data envio: 14/07/2021 13:38:06.597

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pola súa banda, o artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Non obstante, sorprendentemente, a 20 de maio de 2021 non figuran os datos estatísticos sobre contratos de 2019 e 2020.

Por outra banda, en cumprimento do disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte, a Xunta publicou no ano 2017 no portal de transparencia un plan anual normativo, así como un informe sobre o seu grado de cumprimento. En 2018, publicou tamén un plan anual normativo (aprobado o 22 de marzo dese ano) pero non un informe de cumprimento e non publicou absolutamente nada en 2019 e 2020, probablemente polo escaso grao de cumprimento que amosaban os últimos informes. En consecuencia, leva tres anos incumprindo o establecido na lexislación nesta materia.

Todo o anterior amosa desprezo pola lei, ademais dunha acusada falta de dilixencia e de respecto pola transparencia e pola función de control da acción do goberno, básicas para o axeitado funcionamento da democracia e do estado de dereito.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno de Galicia que a transparencia é algo do que se pode prescindir nunha democracia?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:44:12

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:06
Nº Rexistro: 18372
Data envio: 14/07/2021 13:38:06.597

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:44:30

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:29
Nº Rexistro: 18373
Data envio: 14/07/2021 13:38:29.425

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia ten 201 especies ameazadas, 75 das cales están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerable. A Lei 42/2007, na redacción orixinal do seu artigo 56 (hoxe artigo 59), xa establecía que *"La inclusión de un taxón o población en la categoría de «en peligro de extinción» conllevará, en un plazo máximo de tres años, la adopción de un plan de recuperación, que incluya las medidas más adecuadas para el cumplimiento de los objetivos buscados y, en su caso, la designación de áreas críticas"*. Non obstante, Galicia só conta con plans de recuperación para 3 das 75 especies en perigo de extinción e ningún plan de conservación para as especies vulnerables.

Recentes informacións indican que a Xunta leva gastados 566.000 euros en estudos sobre especies ameazadas, estudos que non son públicos e non deron pé a elaborar os correspondentes plans de recuperación de especies.

Todo iso é unha mostra máis da completa desidida da Xunta en materia medioambiental e tamén do desprezo pola lexislación vixente, que no caso da estatal, incumpre flagrantemente desde hai unha década.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan ao Goberno galego:

Por que Galicia non ten máis que 3 plans de recuperación de especies en perigo de extinción cando ten 75 especies nesa situación e a Lei 42/2007 estableceu un prazo de 3 anos para a adopción dos correspondentes plans?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:45:19

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:29
Nº Rexistro: 18373
Data envio: 14/07/2021 13:38:29.425

grupo socialista Parlamento de Galicia

PSG PSOE

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:45:35

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:53
Nº Rexistro: 18374
Data envio: 14/07/2021 13:38:53.410

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo o prestixioso índice europeo de calidade de goberno elaborado pola Universidade de Gotemburgo, Galicia é a decimocuarta comunidade entre as dezasete do Estado en calidade de goberno, moi por debaixo da media estatal, o cal dá idea da aguda necesidade de mellora dunha administración que con demasiada frecuencia entorpece en lugar de dinamizar, sobre todo considerando que España, en conxunto, está lonxe de países veciños como Portugal e aínda máis lonxe doutros como Francia, por non falar dos países nórdicos que ocupan as primeiras posicións en calidade de goberno no noso ámbito europeo. A Administración autonómica xestiona inxentes recursos humanos, técnicos e financeiros, sendo o instrumento principal das políticas públicas en Galicia, de cuxo axeitado funcionamento dependen en gran medida o presente e o futuro do noso país, o seu éxito ou o seu fracaso.

Os fondos *Next Generation* apostan pola dixitalización e modernización das administracións, pero dificilmente pode haber dixitalización nin modernización sen un cambio progresivo da cultura directiva e organizativa no noso eido público, que debe partir da complicidade e cooperación do conxunto dos traballadores públicos.

Baseándonos no anterior, dende o PSdeG consideramos moi importante e urxente abordar un proceso de modernización e transformación da Administración para facela moito menos burocrática, opaca e ineficiente, superando a propaganda e autocomplacencia na que leva instalado o Goberno de Galicia desde hai unha década, reiteradamente desmentida non só por indicadores como o antes referido senón pola realidade dunha administración con tintes decimonónicos en pleno século XXI.

Curiosamente, moi pouco tempo despois de coñecerse a escasa puntuación de Galicia no índice arriba referido, a Xunta emitiu unha nota de prensa sinalando que “A Xunta aproba o primeiro programa de integridade institucional para avanzar na transparencia e na eficiencia da Administración autonómica”, no cal presúmese de ser a primeira administración en facelo pero que consiste nun conxunto de vaguedades carente de contido, na liña do tan publicitado programa

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:38:53
Nº Rexistro: 18374
Data envio: 14/07/2021 13:38:53.410

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

de impulso democrático do ano 2015, que o Goberno de Galicia sacou da manga ante a presión mediática dos numerosos casos de corrupción asociados ao PP naquel tempo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Como valora o Goberno de Galicia o feito de que a nosa Administración autonómica ocupe a decimocuarta posición entre as dezasete CC.AA do Estado, cunha puntuación lonxe da media e superada por trece comunidades no principal índice europeo de calidade de goberno?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:46:23

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:46:41

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:39:12
Nº Rexistro: 18375
Data envio: 14/07/2021 13:39:12.472

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rei, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados visitaron Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluíron que zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas corrían grave perigo de non adoptarse medidas, concretamente as rías de Pontevedra, Arousa, A Coruña e Muros-Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa pésima xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais.

Previsiblemente, o Estado repercutirá sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións. E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu. Ante esta situación o Goberno do Estado está tramitando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, que xa completou a fase de información pública, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).

A situación en Galicia é especialmente preocupante dado que, 20 anos despois da aprobación da directiva Marco do Auga, o nivel de contaminación das rías galegas (onde rematan non só os vertidos orixinados nas propias rías senón

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:39:12
Nº Rexistro: 18375
Data envio: 14/07/2021 13:39:12.472

tamén os procedentes dos ríos que nelas desembocan) é altamente preocupante, igual que a dos propios ríos, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola UE.

Así, a pesar de que a realidade amosa que Augas de Galicia non chega a detectar máis que unha parte dos vertidos en rías e ríos, ese organismo detectou no ano 2019 un total de 1.575 vertidos nas rías galegas, un 21,5 % máis que hai un lustro (1.296). Dos detectados, aproximadamente o 16 % (253) excedían a carga contaminante permitida e outros 57 tiveron que ser investigados por ter impacto no entorno pese a non exceder os valores permitidos. Nesa estatística destacan as rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo; con 60, 45 y 30 puntos, respectivamente, con carga microbiolóxica ou química tóxica, así como Ferrol (29 focos), Ares-Betanzos (19) e Pontevedra (18).

Datos recentes de Augas de Galicia sobre o balance do ano 2020 indican que, a pesar de tratarse do ano no que, por causa da paralización de actividades económicas pola pandemia, tivo lugar a maior caída do PIB desde a guerra civil, un 10,8 %, o que debería implicar un descenso significativo no nivel de contaminación, a situación non mellorou, ao contrario, empeorou.

Así, asumindo a veracidade duns datos non contrastados independentemente e que, vulnerando a lexislación sobre transparencia, nin sequera están a disposición do público na páxina *web* de Augas de Galicia, detectáronse 21 novos puntos de vertido nas rías, un total de 1596, agravando unha situación de por si moi negativa e que cuestiona por completo a eficacia do Plan de Control de Vertidos da Xunta. Os puntos negros unicamente reducíronse en 4, pasando de 253 a 249, o que implica un fracaso da política de saneamento das nosas rías, que vén incrementada ano tras ano a carga contaminante que soportan. Rías como O Barqueiro, Viveiro, Ares, Ferrol, Coruña, Muros o Corcubión ofrecen en 2020 peores datos que en 2019, xa que aumentan os puntos de vertido ilegais en 13. As rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo concentran 127 puntos negros.

A día de hoxe, hai en Galicia segundo a información de Augas de Galicia 13 zonas marisqueiras clasificadas como C, das que non se pode extraer marisco para a súa comercialización dado o seu elevado grado de contaminación.

Un balance desolador cando a Xunta afirma ter investido 1.100 millóns de euros en saneamento na última década. Por outra banda, a directora de Augas de Galicia sinalaba en setembro de 2020 que a Xunta aspira a captar 675 millóns de euros de fondos europeos (Feder 21-27 e *Next Generation*) para un ciclo da auga máis verde e xa no ano 2021 a conselleira de infraestruturas cuantificaba en 110

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 13:39:12
Nº Rexistro: 18375
Data envio: 14/07/2021 13:39:12.472

millóns de euros a aspiración da Xunta para este fin dentro dos fondos *Next Generation*.

As rías de Galicia son ecosistema singular e valiosísimo, marco conformador da nosa cultura e identidade e fonte de vida pero tamén de riqueza acuícola e marisqueira, cronicamente minguados pola contaminación. Algo parecido pode dicirse dos ríos de Galicia, outrora paraísos da pesca fluvial que hoxe está gravemente diminuída, ata o punto de que as licencias de pesca se reduciron aproximadamente á metade na última década. E se os nosos ríos merecen a máxima protección dado o seu valor ecolóxico, a elevadísima singularidade das nosas rías merece moito mellores políticas e planteamentos moito máis ambiciosos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia que os vertidos ás nosas rías aumenten nun ano 2020 cunha caída histórica do PIB do 10,8 %?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/07/2021 12:47:33

Paloma Castro Rey na data 06/07/2021 12:47:49

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18382
Data envio: 14/07/2021 15:47:57.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Durante o período de suspensión da actividade lectiva nos centros como consecuencia da pandemia xerada pola Covid-19 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou a Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia da Covid-19.

Esta orde ditouse para axudar ás familias que, atopándose en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social, tiñan que asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa.

O importe das axudas quedou establecido en 2,50 € para os alumnos e alumnas beneficiarios da gratuidade total e 1,50 € para o alumnado que satisfai 1€ diario pola comida, logo das estimacións do custo das materias primas empregadas na elaboración dos menús escolares.

Segundo estimacións oficiais da propia Xunta de Galicia publicadas na súa páxina *web* o 30 de marzo, preto de 45.000 (en realidade 44.293) alumnos e alumnas se poderían beneficiar desta medida e, deles, 40.480 como usuarios con comedor gratuíto e 3.813 semigratuíto que pagan 1 euro.

Durante a comparecencia da Sra. conselleira na Deputación Permanente celebrada o día 22 de abril de 2020, afirmou que foron 30.159 os alumnos e alumnas beneficiados, o que supón un 68 % do alumnado potencial ou, dito doutro xeito, un 32 % do alumnado potencialmente beneficiario ao final non ten axudas ou, o que é o mesmo, 14.134 alumnos pertencentes a familias en situación vulnerable non estaban a recibir axuda naqueles momentos.

O certo é que a xestión destas axudas foi moi complexa ao carecer a Administración da información necesaria para facer máis áxil o procedemento e ter que recorrer ás direccións dos centros educativos para obtela; ademais, debe

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18382
Data envio: 14/07/2021 15:47:57.894

engadirse a dificultade de moitas familias para facer o procedemento de xeito telemático empregando a sede electrónica da Xunta de Galicia.

En resumo, atopámonos ante unha acción pertinente pero que debe ser mellorada en múltiples aspectos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego necesario deseñar un procedemento que permita actuar de forma máis eficiente ante posibles repeticións de situacións como a prevista na Orde?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:17:34

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:17:49

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18383
Data envio: 14/07/2021 15:49:57.457

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O confinamento por coronavirus e o peche dos centros educativos a partir de marzo de 2020 puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo ante unha situación inédita. Tratouse dunha situación excepcional e mundial que afectou a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco e a preto de 230.000 en Galicia.

Ese novo contexto puxo de manifesto, entre outras necesidades, que debemos activar todos os recursos ao noso alcance para ser quen de manter a continuidade do proceso educativo a distancia e atender a toda a poboación escolar ante potenciais episodios nos que se repita a suspensión da actividade lectiva, xa que se puxo en evidencia a auténtica magnitude da brecha dixital existente entre o alumnado.

Dos datos publicados na *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019* realizada polo INE, dedúcese de xeito inmediato a existencia de dous factores que determinan a existencia e amplitude da fenda á que nos estamos a referir: a renda familiar e o lugar de residencia.

1º) A necesaria dispoñibilidade dalgún tipo de equipamento (ordenador ou *tablet*), así como unha conexión a internet que permita un seguimento aceptable das actividades propostas ao alumnado, resulta imposible na metade dos fogares con ingresos netos mensuais inferiores a 900 € e, dentro dos que dispoñen de equipamento informático, a cuarta parte carecen dunha conexión axeitada.

2º) Menos impacto dende o punto de vista cuantitativo, pero grave para o alumnado que poida estar nesas circunstancias pola limitación que supón, é a inexistencia dunha conexión axeitada na quinta parte do fogares que, dispoñendo de conexión a internet, se sitúan en contornos de menos de dez mil habitantes.

O certo, con independencia dos datos que se consideren, é que a situación vivida no último trimestre do curso 2020/2021 puxo de manifesto a necesidade de censar as necesidades de dixitalización que seguen sen cubrirse (% de centros sen

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18383
Data envio: 14/07/2021 15:49:57.457

plataformas en liña, % de alumnos sen ordenador, impresora ou conexión axeitada a internet, % alumnos cos que resulta complexo comunicarse, etc). No escenario post-crise e con posibilidades de que se repitan confinamentos de distinta amplitude e/ou periodicidade, este censo permitirá actuar de xeito moito máis eficiente.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan pregunta:

Realizou a Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional algún estudio que permita coñecer o grao de acceso do alumnado ás distintas alternativas que poden resultar necesarias para continuar co seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/07/2021 15:48:53

Noa Susana Díaz Varela na data 14/07/2021 15:49:06

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18384
Data envio: 14/07/2021 15:50:15.050

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi presentado en setembro do ano 2016 e elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade), expón seis eixes:

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visualizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18384
Data envio: 14/07/2021 15:50:15.050

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales se aplica a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos nos que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Este grupo parlamentario presentou diversas iniciativas ao longo da pasada lexislatura do Parlamento de Galicia para coñecer a avaliación do plan desde o seu primeiro curso de vixencia (2016-2017). Todas cantas veces foron debatidas proposicións non de lei, foron rexeitadas pola maioría absoluta do Partido Popular, co incoherente argumento de que a avaliación se realizaría ao remate do plan, eliminado deste xeito a necesidade da máis que acreditada conveniencia de levar a cabo a avaliación de implementación como procede en calquera política pública.

Considerando que o horizonte temporal que comprendía a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia eran os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que todos eles remataron, semella que os febles argumentos empregados para rexeitar a avaliación do plan carecen xa de sustento.

Por outra parte, o plan carece dunha memoria económica xa que implicou gasto ordinario tanto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que tamén resulta pertinente coñecer o que cada unha delas gastou en cada curso de vixencia do plan.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados logo de rematada a vixencia do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18384
Data envio: 14/07/2021 15:50:15.050

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:19:33

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:19:47

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18385
Data envio: 14/07/2021 15:50:33.441

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 24 de setembro de 2020 tratou o Informe da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre o Plan de continxencia para educación non presencial e semipresencial.

Na información aos medios traslada podemos atopar o que poderiamos chamar *afirmacións aproximadas*, que conforman un conxunto do que resulta complexo extraer conclusións certas. Así podemos ler que:

1. O Plan de continxencia poñerá a disposición do alumnado arredor de 20.000 dispositivos dixitais que se sumarán aos 34.000 xa existentes que corresponden ao proxecto E-Dixgal, co que se poderá contar con arredor de 55.000 equipos a disposición do alumnado galego.

   Admitindo a aproximación por exceso, debemos supoñer que os equipos serán menos de 20.000 en realidade, pero parece excesivo admitir que 20.000 máis 34.000 son arredor de 55.000 e non arredor de 54.000, cifra esta menos redonda pero máis aproximada á realidade.

2. Continuando coa nova, atopamos que a ampliación do programa E-Dixgal en 200 aulas supón 8.000 novos equipos de alumnado e 2.000 para o profesorado. Si 200 aulas supoñen 8.000 novos equipos, a media é de 40 alumnos por aula o que, evidentemente, non é certo.

3. Tamén se informa da participación do Goberno galego no programa *Educa en Digital*, acordada tamén nese Consello da Xunta de Galicia, que suporá aproximadamente a chegada de 17.000 equipos.

Aquí a aproximación parece pertinente posto que o número final de equipos dependerá, como se indica, do custo final dos equipos.

Ante a indefinición que provoca esta información o deputado e a deputada que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18385
Data envio: 14/07/2021 15:50:33.441

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Que valoración fai o Goberno galego do programa *Educa en Digital?*

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:20:40

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:20:57

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18386
Data envio: 14/07/2021 15:50:53.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Vimos de coñecer a tráxica nova do suicidio dunha moza de 17 anos no concello de Rois, presuntamente relacionado coa situación de acoso que sufriu pola súa identidade sexual; resulta imposible imaxinar unha traxedia maior para a súa familia.

Pero tamén é extremadamente doloroso como sociedade contemplar como se poden chegar a producir feitos como este, feitos que son un síntoma dunha sociedade enferma que fai da orientación sexual un elemento de estigmatización.

Segundo se desprende das noticias publicadas nos medios de comunicación, a familia era consciente do abuso ao que estivo sometida a súa filla no colexio e nas redes sociais, acoso que comezou a sufrir en educación primaria e que se repetiu na educación secundaria.

Fallamos como sociedade pero tamén, e con máis intensidade, fallamos desde o ámbito educativo. E fallamos porque, quizais, no ámbito educativo é onde eses comportamentos menos se poden tolerar e, de existir, é onde mellor se poden e deben corrixir.

Os centros dispoñen de varios protocolos para previr, detectar e corrixir problemas como os que parecen estar detrás da traxedia á que nos estamos a referir. Así, dispoñen de tres que serían directamente aplicables neste caso:

- O protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

- O protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, e finalmente

- O protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18386
Data envio: 14/07/2021 15:50:53.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Parece que ningún destes protocolos se activou no caso que nos ocupa en ningún dos centros nos que estivo escolarizada como alumna, o que evidencia que houbo unha mala *praxe* ou, cando menos, unha *praxe* inadecuada.

Non parece necesario expoñer o contido deses protocolos pero parece pertinente subliñar que o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero afirma que a diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo, para continuar afirmando que co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Segundo se traslada, o xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivo unha reunión cos responsables dos centros educativos nos que cursou os seus estudios a moza falecida.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cre o Goberno galego que é necesaria a revisión dos protocolos educativos antes mencionados?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:22:06

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:22:18

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18387
Data envio: 14/07/2021 15:51:15.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O día 17 de xuño de 2020 publicouse o Real decreto lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo Covid-19 e se establecen as regras relativas á súa distribución e libramento.

Esta medida excepcional ditouse considerando o papel excepcionalmente relevante que desempeñan as comunidades autónomas na prestación de servizos públicos fundamentais como a educación, os servizos sociais e a sanidade, considerando, ademais, que precisamente as comunidades autónomas, ademais de afrontaren incrementos de gastos nas súas contas como consecuencia da pandemia, fano ante un freo na actividade económica, que vai supor previsiblemente unha significativa diminución dos recursos dispoñibles para dar cobertura a estes servizos públicos.

Esta norma, e con respecto á distribución do Fondo Covid-19 entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, determina que se fará por tramos establecendo o tramo 3 que se dota con 2.000.000.000 € asociados ao gasto en educación.

O día 2 de setembro de 2020 publícase a Orde HAC/809/2020, do 1 de setembro, pola que se determina a contía da distribución definitiva entre as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla dos recursos previstos na letra c) do apartado 2 do artigo 2 da Real Decreto-lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo Covid-19 e establécense as regras relativas á súa distribución e libramento, no que a Galicia lle corresponden 92.987.530 €.

Dende o Goberno do Estado, concretamente dende o Ministerio de Educación e Formación Profesional, e respectando a capacidade dos gobernos das comunidades autónomas para a utilización deses fondos, fíxose fincapé en que os correspondentes a ese tramo 3 teñen como finalidade os gastos educativos, poñendo como exemplo a contratación de profesorado, a habilitación de novos espazos ou outras necesidades ás que se debese facer fronte.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18387
Data envio: 14/07/2021 15:51:15.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por parte do Sr. presidente da Xunta de Galicia pediuse liberdade para dedicar eses fondos ao que o Goberno galego considerase co argumento, segundo se recolle en diversos medios, de que *"O que pretendemos é que nos deixen tomar a decisión, que somos maiores de idade, de para que programas destinamos os fondos"*.

Parece, polo tanto, moi pertinente que o Goberno galego informe de que cantidade e que conceptos dedicou a Xunta de Galicia aos fondos os que nos estamos a referir.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que cantidade dos 92.987.530 € recibidos do Goberno do Estado se dedicou exclusivamente a gastos educativos?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:23:22

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:23:34

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18388
Data envio: 14/07/2021 15:51:42.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os principios reitores da política social e económica, dentro dos dereitos e deberes fundamentais ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito –gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto a esas políticas activas, o Goberno galego aprobou o *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita. Este plan desenvolve unha planificación baseada en catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda.

Cabe entender que para acadar os obxectivos previstas no plan RehaVita os orzamentos da Consellería de Medio ambiente, territorio e vivenda inclúen, entre outros, o programa 451B - Acceso á vivenda que ten como obxectivo facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, atendendo a aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas, seguindo as directrices establecidas no Plan RehaVita e no Plan estatal de vivenda 2018-2021.

No orzamento do ano 2019, último dos que temos datos de execución orzamentaria, este programa estaba dotado con 28.820.000 €, que serían rebaixados, logo das modificacións orzamentarias realizadas, a 14.280.000 €.

Por si a falla de compromiso co desenvolvemento deste programa non fose evidente á vista redución experimentada no crédito inicial, os datos de execución en canto ás

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18388
Data envio: 14/07/2021 15:51:42.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

obrigas recoñecidas despexan toda dúbida, xa que son 4.005.000 €. é dicir, unha execución orzamentaria de tan só un 13,9 % con respecto a o crédito inicial e un exiguo 28 % con respecto a crédito rebaixado.

Para a avaliación deste programa o propio orzamento prevé cinco indicadores e os valores que se espera acadar para cada un deles. Aos efectos que interesan nesta iniciativa, son dous os que nos preocupan:

-Vivendas de promoción pública licitadas, cun valor previsto de 3.
-Axudas concedidas para o acceso á vivenda, cun valor previsto de 3.858.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan ao Goberno galego:

Cales son os motivos polos que se decidiu facer unha modificación á baixa do programa 451B - Acceso á vivenda durante o ano 2019, que supuxeron unha rebaixa de 14.540.000 €?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:24:22

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:24:34

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18389
Data envio: 14/07/2021 15:52:06.004

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os principios reitores da política social e económica, dentro dos dereitos e deberes fundamentais ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito –gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto a esas políticas activas, o Goberno galego aprobou o *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita. Este plan desenvolve unha planificación baseada en catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda.

Cabe entender que para acadar os obxectivos previstas no plan RehaVita os orzamentos da Consellería de Medio ambiente, territorio e vivenda inclúen, entre outros, o programa 451B - Acceso á vivenda que ten como obxectivo facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, atendendo a aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas, seguindo as directrices establecidas no Plan RehaVita e no Plan estatal de vivenda 2018-2021.

No orzamento do ano 2019, último dos que temos datos de execución orzamentaria, este programa estaba dotado con 28.820.000 €, que serían rebaixados, logo das modificacións orzamentarias realizadas, a 14.280.000 €.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18389
Data envio: 14/07/2021 15:52:06.004

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por si a falla de compromiso co desenvolvemento deste programa non fose evidente á vista redución experimentada no crédito inicial, os datos de execución en canto ás obrigas recoñecidas despexan toda dúbida, xa que son 4.005.000 €. é dicir, unha execución orzamentaria de tan só un 13,9 % con respecto a o crédito inicial e un exiguo 28 % con respecto a crédito rebaixado.

Para a avaliación deste programa o propio orzamento prevé cinco indicadores e os valores que se espera acadar para cada un deles. Aos efectos que interesan nesta iniciativa, son dous os que nos preocupan:

-Vivendas de promoción pública licitadas, cun valor previsto de 3.
-Axudas concedidas para o acceso á vivenda, cun valor previsto de 3.858.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan ao Goberno galego:

Que impacto tivo sobre os colectivos potencialmente beneficiados por unha completa execución deste programa a redución de 14.280.000 €?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:25:34

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:25:48

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18390
Data envio: 14/07/2021 15:52:35.175

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A rehabilitación de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia forma parte das actuacións previstas no Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (*Plan Rehavita*).

Aínda que este plan pode considerarse temporal e politicamente rematado, visto o anuncio realizado pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no Parlamento de Galicia ao anunciar un novo pacto social pola vivenda para os vindeiros cinco anos, parece que xunto co resto das actuacións previstas non se pode cualificar, nin de lonxe, como un éxito.

Sintetizando o que a propia literatura do plan expón, a necesidade permanente de rehabilitación cumpre, entre outros, cos obxectivos de manter a poboación en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de mellora, conservar o patrimonio residencial construído, mellorar as condicións de vida, reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos e facer máis eficientes dende o punto de vista do consumo enerxético as vivendas rehabilitadas.

Como sabemos, a concordancia entre as declaracións que se poden facer sobre as intencións de desenvolver determinadas políticas e o que se fai atópase nos orzamentos públicos e no seu grao de execución; non se trata só de consignar cantidades concretas, máis ou menos elevadas, se non da xestión que se leve a cabo desas cantidades.

Os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda inclúen o denominado programa 451A - Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda que ten como obxectivo fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18390
Data envio: 14/07/2021 15:52:35.175

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

No ano 2019, último do que coñecemos a execución orzamentaria, este programa tiña un orzamento inicial de 49.005.000 € que posteriormente serían incrementados ata os 54.803.000 €. As obrigas recoñecidas foron 32.617.000 €, do que se conclúe que se deixaron sen executar 22.186.000 € ou, o que é o mesmo, practicamente o 40,5 % do orzamentado non foi executado.

Por outro lado, os indicadores asociados para avaliar o cumprimento deste programa prevén os seguintes valores:

- Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación: 52
- Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda: 2.445

A deficitaria execución de calquera programa orzamentario pode ter distintas causas, entre outras, unha incorrecta consignación inicial ou unha xestión inadecuada del; en todo caso, esa deficiencia debe ser analizada dentro do propio Goberno e explicada en sede parlamentaria, posto que estamos a falar dunha elevada cantidade de recursos públicos que deberían ter sido aplicados a unha política de vivenda esencial.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cales son os motivos polos que as obrigas recoñecidas correspondentes ao ano 2019 foron 32.617.000 € deixando sen executar 22.186.000 €?.

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:27:07

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:27:20

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18391
Data envio: 14/07/2021 15:53:02.019

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A rehabilitación de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia forma parte das actuacións previstas no Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (*Plan Rehavita*).

Aínda que este plan pode considerarse temporal e politicamente rematado, visto o anuncio realizado pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no Parlamento de Galicia ao anunciar un novo pacto social pola vivenda para os vindeiros cinco anos, parece que xunto co resto das actuacións previstas non se pode cualificar, nin de lonxe, como un éxito.

Sintetizando o que a propia literatura do plan expón, a necesidade permanente de rehabilitación cumpre, entre outros, cos obxectivos de manter a poboación en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de mellora, conservar o patrimonio residencial construído, mellorar as condicións de vida, reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos e facer máis eficientes dende o punto de vista do consumo enerxético as vivendas rehabilitadas.

Como sabemos, a concordancia entre as declaracións que se poden facer sobre as intencións de desenvolver determinadas políticas e o que se fai atópase nos orzamentos públicos e no seu grao de execución; non se trata só de consignar cantidades concretas, máis ou menos elevadas, se non da xestión que se leve a cabo desas cantidades.

Os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda inclúen o denominado programa 451A - Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda que ten como obxectivo fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción.

No ano 2019, último do que coñecemos a execución orzamentaria, este programa tiña un orzamento inicial de 49.005.000 € que posteriormente serían

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18391
Data envio: 14/07/2021 15:53:02.019

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

incrementados ata os 54.803.000 €. As obrigas recoñecidas foron 32.617.000 €, do que se conclúe que se deixaron sen executar 22.186.000 € ou, o que é o mesmo, practicamente o 40,5 % do orzamentado non foi executado.

Por outro lado, os indicadores asociados para avaliar o cumprimento deste programa prevén os seguintes valores:

- Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación: 52
- Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda: 2.445

A deficitaria execución de calquera programa orzamentario pode ter distintas causas, entre outras, unha incorrecta consignación inicial ou unha xestión inadecuada del; en todo caso, esa deficiencia debe ser analizada dentro do propio Goberno e explicada en sede parlamentaria, posto que estamos a falar dunha elevada cantidade de recursos públicos que deberían ter sido aplicados a unha política de vivenda esencial.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Fixo o Goberno galego unha avaliación do impacto que tivo o feito de deixar sen executar 22.186.000 € no ano 2019 dentro deste programa?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:28:16

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:28:29

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18392
Data envio: 14/07/2021 15:53:57.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O día 11 de xaneiro de 2020 entrou en vigor a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Cando se tramitou no Parlamento de Galicia este texto normativo, o grupo parlamentario socialista manifestou a súa oposición fundamentalmente porque a lei ten orientacións que parten dun suposto de desconfianza da Xunta de Galicia cara á Administración local, á que en moitas veces se lle atribúe (e con razón) un elevado grao de autonomía pero á que se lle impón con este texto unha absoluta tutela cando non obrigas de moi difícil asunción.

Así, podemos destacar os seguintes aspectos negativos máis relevantes da lei:

- Insístese máis (e de feito así se regula) nos procedementos coercitivos que nos mecanismos de colaboración e no seu fomento.

- Non se amplían as vías de financiamento, que quedan exclusivamente limitadas aos concellos ou a Augas de Galicia.

- Imponse aos concellos a recepción de obras, aínda que existan discrepancias entre as administracións locais e autonómica, xa que as obras pasan a ser competencia dos concello cunha simple comunicación.

- Non se garante en ningún caso axuda financeira aos concellos para un paso tan elemental, previo e imprescindible como son as auditorías previas nin, por suposto, as actuacións necesarias para acadar o obxectivos dun máximo dun 20 % de perdas nas redes de abastecemento.

- Tamén se perde a oportunidade (apelando a esa autonomía local que o propio texto parece ignorar) de harmonizar as contías das sancións nos casos de incumprimento do réxime regulador do abastecemento ou saneamento.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18392
Data envio: 14/07/2021 15:53:57.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

- Resulta particularmente taxativa e imperativa impoñendo prazos de moi difícil cumprimento para concellos e deputacións provinciais á vez que é máis laxa coa propia Xunta de Galicia.

- Introduce definitivamente un gravame sobre as perdas nas redes que superen o 20 %, cando sería máis pertinente e mesmo eficaz, desenvolver un plan que promovese as actuacións precisas para que ese 20 % non se superase ou que fose minoritario ou mesmo residual.

En todo caso, o texto introduce obrigas que tiñan que ser cumpridas no primeiro ano de vixencia da lei, como por exemplo a que se establece na disposición adicional terceira, sobre a obriga da instalación de contadores homologados de medición de consumo de auga, que determina que no prazo máximo dun ano, contado desde a entrada en vigor desta lei, as persoas titulares das redes de abastecemento deben dispoñer de contadores homologados de medición de consumo de auga en todos os puntos de captación ou de subministración en alta e nos puntos de subministración final en alta ou en baixa; ou a establecida na disposición transitoria segunda, sobre a vixencia dos actuais plans de emerxencia ante situacións de seca na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que determina que os plans de emerxencia ante situacións de seca aprobados no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa con anterioridade á entrada en vigor desta lei poderán continuar a aplicarse no que non se opoñan ao seu contido e que estes plans deberán ser remitidos a Augas de Galicia no prazo máximo de seis meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, para analizar a compatibilidade das súas previsións co establecido nela.

En definitiva, hai obrigas que nesta data deberían estar cumpridas polo que o coñecemento do seu grao de cumprimento resulta un indicador imprescindible para coñecer a eficacia do texto normativo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o cumprimento, no primeiro ano de vixencia, da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18392
Data envio: 14/07/2021 15:53:57.644

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:29:24

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:29:36

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18393
Data envio: 14/07/2021 15:54:30.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Goberno galego desenvolveu, entre os anos 2015 e 2020, o Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita.

Este plan, e segundo o propio texto, pretendía deseñar a política de vivenda en función das necesidades reais da demanda de vivenda protexida e na rehabilitación do patrimonio construído, así como prestar especial atención ás persoas en situación de desprotección por estar en risco de perder ou ter perdido a súa vivenda.

A súa articulación prevé catro eixos de actuación: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda, que inclúen desenvolvemento normativo, estudos e traballos relativos á calidade da construción e normativa técnica, rexistro de informes de avaliación dos edificios, a regulación do rexistro de promotores da Comunidade Autónoma de Galicia e o plan de venda de locais.

Como é sabido, calquera política pública pretende xerar determinados impactos ou efectos na sociedade e para iso estas políticas teñen ciclos perfectamente coñecidos: a identificación e definición de problemas, a formulación da política, a adopción da decisión, a implantación e, por último a avaliación.

No que aos impactos pretendidos polo Plan Rehavita se refire, queda claro xa dende o primeiro parágrafo cando se di que *"As políticas públicas en materia de vivenda teñen que orientar a súa intervención a adoptar as medidas necesarias encamiñadas a que os cidadáns poidan exercer o dereito, constitucionalmente recoñecido, a dispoñer dunha vivenda digna e adecuada".*

Como queira que o Goberno galego vén de presentar o chamado Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, podemos considerar sen marxe de erro que o Plan Rehavita está rematado ao ter un novo plan que o substitúe e tamén pola súa vixencia temporal que, lembremos, remataba no ano 2020.

Procede, en consecuencia, avaliar os resultados da aplicación do Plan Rehavita, xa que a avaliación pecha o ciclo ao que antes se fixo referencia, e resulta incuestionable que unha avaliación, non só ao final se non durante a implantación, permite coñecer a adecuación do deseño á realidade e corrixir, se fose necesario, calquera aspecto.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18393
Data envio: 14/07/2021 15:54:30.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Neste caso, o propio plan presenta unha serie de indicadores asociados aos eixos, polo que esa avaliación debería resultar sinxela ao dispoñer a Administración autonómica da totalidade da información precisa.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:30:34

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:30:47

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18394
Data envio: 14/07/2021 15:55:03.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia ten o seu marco legal no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que desenvolve o Decreto.

O artigo 2 do Decreto 120/1998 crea os equipos de orientación específicos, que abranguen no seu plan de actuación os institutos de educación secundaria, as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, os colexios de educación primaria e os colexios de educación especial.

No artigo 5 d) do mesmo Decreto establécese que dentro da composición dos equipos de orientación específicos formará parte un traballador ou unha traballadora social e/ou educador ou educadora social, que ten as funcións que se establecen no artigo 22 da Orde do 24 de xullo de 1998, orientada a realizar accións de intervención socio-educativa cos alumnos que presenten problemas ou dificultades de integración escolar e social.

Resulta, polo tanto, evidente a importancia que á participación destes profesionais lle concede a Administración educativa na orientación educativa e profesional, importancia que non se ve acompañada en realidade das actuacións concretas como proba o feito de que estean vacantes estas especialidades nos equipos de orientación específicos da Coruña e Pontevedra.

Atopámonos ante un servizo educativo, o de orientación educativa e profesional, regulado dende hai 23 anos e que ten contribuído, sen dúbida, á mellora do sistema educativo galego pero que non foi modificado substancialmente nese longo período de tempo, pero que si admite espazos de mellora, para o que pode resultar moi pertinente experimentar na súa ampliación.

No sentido anterior e como sabemos, a experimentación no ámbito educativo consiste, basicamente, en efectuar intervencións educativas alternativas no

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18394
Data envio: 14/07/2021 15:55:03.082

sistema coa clara finalidade de mellorar a práctica educativa. Esa intervención debe sempre estar sometida a un control rigoroso construído sobre criterios de investigación e avaliación. Existe un consenso absoluto en que a experimentación educativa contribúe á calidade e mellora educativas.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia teñen manifestado a conveniencia de incrementar a participación destes profesionais nos servizos de orientación educativa e profesional, considerando que a súa formación académica e capacitación profesional supón unha cualificación idónea para prestar unha axuda técnica a nivel educativo, xa que o medio escolar é onde primeiro se poden detectar problemas familiares e sociais, constituíndo os centros educativos unha institución idónea a nivel de detección e prevención.

Segundo este colexio oficial, a participación das persoas traballadoras sociais nos centros educativos abrangue ámbitos tan relevantes como:

a) Colaborar na prevención e detección de indicadores de risco que puideran xerar inadaptación social e escolar.
b) Participar na elaboración de programas para dar resposta ás necesidades sociais do alumnado e das súas familias.
c) Detectar situacións de risco, como malos tratos infantís, abusos sexuais, problemas emocionais ou problemáticas sociofamiliares.
d) Facilitar a incorporación de alumnado migrante ou pertencente a minorías.
e) Diminuír o risco de fracaso e abandono escolar, ou
f) Potenciar a coordinación das distintas entidades e organismos dos ámbitos sanitarios, de servizos sociais e educativos.

O certo é que a proposta que se realiza conta con precedentes no Estado español, por exemplo na Comunidade Autónoma de Canarias. En setembro do ano 2017 asinouse un convenio de colaboración entre a *Consejería de Educación y Universidades* do Goberno de Canarias e o *Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias* (CEESCAN), para a mellora do sistema educativo y da educación social. Este convenio recoñece que a Educación Social é unha das claves para potenciar o desenvolvemento social, educativo e político dos nenos e nenas e a xuventude, desenvolvendo e expondo desde o centro educativo, propostas de mediación familiar, resolución de conflitos, redución do absentismo escolar, fomento da convivencia, prevención do acoso escolar, atención á diversidade e desenvolvemento comunitario e participado.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18394
Data envio: 14/07/2021 15:55:03.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

En definitiva, a petición que traslada o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia conta con precedentes de implantación no Estado, polo que resulta oportuno coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a demanda que traslada este colectivo profesional.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que o colectivo de traballadores sociais pode contribuír á mellora do servizo de orientación educativa e profesional ampliando a súa presenza na rede de orientación existente?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:31:31

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:31:44

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18395
Data envio: 14/07/2021 15:55:25.613

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia ten o seu marco legal no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que desenvolve o Decreto.

O artigo 2 do Decreto 120/1998 crea os equipos de orientación específicos, que abranguen no seu plan de actuación os institutos de educación secundaria, as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, os colexios de educación primaria e os colexios de educación especial.

No artigo 5 d) do mesmo Decreto establécese que dentro da composición dos equipos de orientación específicos formará parte un traballador ou unha traballadora social e/ou educador ou educadora social, que ten as funcións que se establecen no artigo 22 da Orde do 24 de xullo de 1998, orientada a realizar accións de intervención socio-educativa cos alumnos que presenten problemas ou dificultades de integración escolar e social.

Resulta, polo tanto, evidente a importancia que á participación destes profesionais lle concede a Administración educativa na orientación educativa e profesional, importancia que non se ve acompañada en realidade das actuacións concretas como proba o feito de que estean vacantes estas especialidades nos equipos de orientación específicos da Coruña e Pontevedra.

Atopámonos ante un servizo educativo, o de orientación educativa e profesional, regulado dende hai 23 anos e que ten contribuído, sen dúbida, á mellora do sistema educativo galego pero que non foi modificado substancialmente nese longo período de tempo, pero que si admite espazos de mellora, para o que pode resultar moi pertinente experimentar na súa ampliación.

No sentido anterior e como sabemos, a experimentación no ámbito educativo consiste, basicamente, en efectuar intervencións educativas alternativas no

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18395
Data envio: 14/07/2021 15:55:25.613

sistema coa clara finalidade de mellorar a práctica educativa. Esa intervención debe sempre estar sometida a un control rigoroso construído sobre criterios de investigación e avaliación. Existe un consenso absoluto en que a experimentación educativa contribúe á calidade e mellora educativas.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia teñen manifestado a conveniencia de incrementar a participación destes profesionais nos servizos de orientación educativa e profesional, considerando que a súa formación académica e capacitación profesional supón unha cualificación idónea para prestar unha axuda técnica a nivel educativo, xa que o medio escolar é onde primeiro se poden detectar problemas familiares e sociais, constituíndo os centros educativos unha institución idónea a nivel de detección e prevención.

Segundo este colexio oficial, a participación das persoas traballadoras sociais nos centros educativos abrangue ámbitos tan relevantes como:

a) Colaborar na prevención e detección de indicadores de risco que puideran xerar inadaptación social e escolar.
b) Participar na elaboración de programas para dar resposta ás necesidades sociais do alumnado e das súas familias.
c) Detectar situacións de risco, como malos tratos infantís, abusos sexuais, problemas emocionais ou problemáticas sociofamiliares.
d) Facilitar a incorporación de alumnado migrante ou pertencente a minorías.
e) Diminuír o risco de fracaso e abandono escolar, ou
f) Potenciar a coordinación das distintas entidades e organismos dos ámbitos sanitarios, de servizos sociais e educativos.

O certo é que a proposta que se realiza conta con precedentes no Estado español, por exemplo na Comunidade Autónoma de Canarias. En setembro do ano 2017 asinouse un convenio de colaboración entre a *Consejería de Educación y Universidades* do Goberno de Canarias e o *Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias* (CEESCAN), para a mellora do sistema educativo y da educación social. Este convenio recoñece que a Educación Social é unha das claves para potenciar o desenvolvemento social, educativo e político dos nenos e nenas e a xuventude, desenvolvendo e expondo desde o centro educativo, propostas de mediación familiar, resolución de conflitos, redución do absentismo escolar, fomento da convivencia, prevención do acoso escolar, atención á diversidade e desenvolvemento comunitario e participado.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18395
Data envio: 14/07/2021 15:55:25.613

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

En definitiva, a petición que traslada o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia conta con precedentes de implantación no Estado, polo que resulta oportuno coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a demanda que traslada este colectivo profesional.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Valora o Goberno galego a posibilidade de levar a cabo un proxecto de experimentación educativa asinando un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que permita a participación deste colectivo da rede de orientación escolar?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:37:05

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:37:23

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18396
Data envio: 14/07/2021 15:55:48.332

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 9 de marzo de 2020 foi debatida unha Proposición non de lei deste grupo parlamentario sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro.

A iniciativa foi rexeitada ao votar en contra o Grupo Parlamentario Popular, que entre os seus argumentos empregou a mellora da calidade educativa que se conseguirá o trasladar ao alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño, posto que non existirá a necesidade de agrupar alumnado en aulas mixtas, entendo por tal as que escolarizan alumnos de distintos cursos.

O anterior argumento, repetido en varias ocasións durante a intervención do voceiro do partido popular, replica o empregado polo alcalde do concello de Begonte, cando no seu *Plan de impulsión da educación no concello de Begonte* expón que "Os/as nenos/as do Colexio de Baamonde, polo seu número, teñen que estar agrupados en tres aulas, xuntándose cursos inmediatos, dificultando os traballos dos profesores e imposibilitando que a educación sexa a óptima que un colexio pode ofrecer".

Cabe entender a argumentación do alcalde do concello de Begonte no contexto da súa proposta. O que costa entender, por inexplicable, é que se empregue por parte do Partido Popular nun debate parlamentario.

E isto é así porque, como sabemos, existen na Comunidade Autónoma de Galicia un elevado número de centros de educación infantil e primaria incompletos, é dicir, que non teñen tres grupos de educación infantil e seis de educación primaria, polo que existen neles aulas mixtas no sentido anteriormente descrito.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publica anualmente ordes que modifican as unidades dos centros de educación infantil e primaria (entre outros), no que se pode atopar como xustificación que é necesario adaptar a organización dos centros docentes ás necesidades efectivas da poboación escolar e ás exixencias duns cadros de persoal que incidan na atención á

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18396
Data envio: 14/07/2021 15:55:48.332

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

diversidade coa introdución de profesorado especialista e a mellora da súa oferta educativa, e que en consecuencia se deben revisar as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desa consellaría nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial; como se pode observar se incide na mellora da súa oferta educativa.

Por citar só as dúas últimas,

a) Na Orde do 3 de agosto de 2020 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellaría nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial (DOG do 12 de agosto) aparecen os seguintes centros incompletos: 1 centro na provincia da Coruña, 5 centros na de Lugo, 1 centro na de Ourense e 3 centros na de Pontevedra.

b) Na Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellaría nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial (DOG do 29 de xullo) aparecen os seguintes centros incompletos: 6 centros na provincia da Coruña, 5 centros na de Lugo, 8 centros na de Ourense e 11 centros na de Pontevedra.

Empregando o argumento anterior, estes centros non poden ter experimentado mellora na súa oferta educativa posto que teñen aulas mixtas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Comparte o Goberno galego que as aulas nas que se escolarizan alumnos de distintos cursos ofertan unha deficiente calidade educativa?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:38:29

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:38:41

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18397
Data envio: 14/07/2021 15:56:08.691

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na memoria dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o ano 2020 pódese ler que o programa 423B Prevención do abandono escolar trata de atender a necesidade existente de incrementar o número de titulados en formación postobrigatoria, sobre a necesidade recoñecida de que é necesario formar unha cidadanía máis e mellor formada.

Tamén se recoñece, axeitadamente a xuízo deste grupo parlamentario, que para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior.

As propostas articúlanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administracións locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral, tendo previstas as seguintes actuacións estratéxicas:

1. Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
2. Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
3. Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidido no aumento da motivación e autoestima.
4. Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
5. Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
6. Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18397
Data envio: 14/07/2021 15:56:08.691

7. Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
8. Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics; Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).
9. Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.
10. Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais
11. En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.09) son acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

Pese ao marco teórico deste programa, o certo é que a súa dotación orzamentaria e a posterior diminución poñen de manifesto que o compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional neste ámbito e cuestionable.

Coñecida a execución orzamentaria do ano 2020 do orzamento da Xunta de Galicia sabemos que con respecto a este programa dunha dotación inicial de 26.247.000 €, fixose unha modificación orzamentaria global que o rebaixou a 15.679.000 € o que supón unha redución do 40,26 %. Ademais, e pese a presentar un nivel de execución do 99,5 %, debemos de ter en conta que a execución final é un 59,45 % do consignado inicialmente e que debemos supoñer que era o que se consideraba necesario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Como xustifica a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que para o ano 2021 o programa 423B Prevención do abandono

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18397
Data envio: 14/07/2021 15:56:08.691

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

escolar conte cun orzamento de 26.807.565 €, cantidade que incrementa nun 70,97 % o executado no 2020 nese mesmo programa?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:39:30

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:39:43

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18398
Data envio: 14/07/2021 15:56:42.457

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Diario Oficial de Galicia do 13 de marzo de 2021 publica a Resolución do 29 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021.

Esta resolución ten como obxectivos:

1. Aumentar a sensibilidade cidadá en relación coas alteracións ou impactos en relación coa paisaxe, é dicir, nas cales diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe, e

2. Sensibilizar e fomentar a colaboración cidadá en coordinación coas administracións públicas.

Estes obxectivos, que compartimos, deben permitir que toda a cidadanía sexa consciente da relevancia do seu papel e a importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia no eido do respecto paisaxístico.

A dotación económica desta actuación é de 1.000.000 €, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, e se establecen importes das subvencións do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, cun límite máximo de 3.000 €.

Con independencia de que o orzamento desta actuación se poida considerar manifestamente insuficiente, tendo en conta a realidade que pretende corrixir, debemos chamar a atención sobre dous feitos relevantes: que se trate dun procedemento de concorrencia non competitiva e o prazo de presentación de solicitudes.

Así, o carácter non competitivo das axudas leva a que, conforme se establece no artigo 8.4 para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18398
Data envio: 14/07/2021 15:56:42.457

cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria.

Por outro lado, o prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, ou sexa o 14 de abril de 2021, e abranguerá ata o 31 de maio de 2021. En definitiva, un mes e medio.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Cal é a xustificación pola que se optou por establecer un réxime de concorrencia non competitiva para a concesión destas axudas?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:40:33

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:40:46

Pablo Arangüena Fernández na data 07/07/2021 13:41:02

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18399
Data envio: 14/07/2021 15:58:33.394

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A lexislación educativa é un elemento fundamental do sistema educativo constituíndo unha peza imprescindible no que afecta á organización dos centros. Debe resolver situacións tanto dende o punto de vista pedagóxico e didáctico como de organización e xestión.

A publicación da Lei de ordenación xeral do sistema educativo e a súa implantación supuxeron, entre outras cousas, unha modificación das etapas obrigatorias, as que constitúen as ensinanzas básicas, e a reorganización dos centros educativos.

Para adecuar os centros a esa realidade a consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia ditou normativas específicas que, para o ámbito desta iniciativa, podemos concretar do seguinte xeito:

1. O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, desenvolto pola Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria

2. O Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, desenvolto pola Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

3. O Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, desenvolto pola Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18399
Data envio: 14/07/2021 15:58:33.394

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A anterior normativa non foi obxecto dunha adecuación ás distintas normativas que se foron ditando, tanto dende o Estado como dende a propia Xunta de Galicia, constituíndo a día de hoxe un corpo normativo derrogado de feito nalgúns casos e superado pola actual realidade noutros. Así, podemos citar as competencias dos consellos escolares dos centros e das direccións dos mesmos, o sistema de selección das direccións dos centros públicos, a formación do profesorado, distintos documentos administrativos ou outros de tanta relevancia como a atención á diversidade do alumnado ou a participación dos centros escolares en proxectos impulsados pola Administración educativa, entre outros.

O feito de que esteamos a falar de normativa con 25 anos dende a súa redacción e os cambios experimentados en múltiples ámbitos nese período, fan, a todas luces, necesaria unha actualización. Toda a experiencia acumulada ao longo destes anos na aplicación da normativa existente, recoñecendo os elementos que deron unha resposta axeitada ás necesidades para as que foron deseñados, pero tamén aqueles aspectos que non o fixeron, constitúen unha base sólida para enfrontar a súa reformulación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego necesaria a redacción de novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:44:18

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:44:31

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18400
Data envio: 14/07/2021 15:59:05.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As escolas infantís son un entorno de desenvolvemento onde os nenos pasan unha gran parte da súa infancia e despregan relacións significativas que os axudan a medrar.

Dende que a Rede Europea da Atención á Primeira Infancia publicase en 1996 os seus compromisos de desenvolvemento dos servizos da primeira infancia co fin de garantir a igualdade de oportunidades para homes e mulleres desde o nacemento, abordáronse tanto os aspectos cualitativos como os cuantitativos destes servizos.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo a información da propia Consellería de Política Social, as escolas infantís da rede "A Galiña Azul" están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, tratándose dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.

No caso do concello de Guitiriz este servizo non existe, pese á existencia dun elevado número de nenas e nenos que resultarían potenciais usuarios cos beneficios indiscutibles tanto para eles como para as súas familias. Así, e segundo datos do Instituto Galego de Estatística a día 28 de xaneiro de 2021, hai 24 nenas e nenos menores dun ano, 48 menores de 2 e 24 menores de 3, é dicir, 96 nenas e nenos que poderían beneficiarse deste servizo.

Recentemente, a alcaldesa deste concello presentou ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un proxecto valorado en 478.766,75 euros para construír unha escola infantil de 0 a 3 anos con 3 unidades. Esta demanda, que xa acadara o compromiso de ser atendida no ano 2019, faise sobre a necesidade real de ampliar o actual Punto de Atención á Infancia (PAI) que ten só 20 prazas e unha ampla lista de agarda, consecuencia lóxica do número de potenciais usuarios e as prazas ofertadas.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18400
Data envio: 14/07/2021 15:59:05.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O concello viuse obrigado a presentar este proxecto toda vez que dende que no ano 2019, no que os técnicos da Consellería de Política Social concluíron que o actual PAI non era ampliable e. polo tanto. era preciso construír un novo edificio, ningún avance se produciu.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego iniciar as actuacións necesarias, en diálogo co Goberno local do concello de Guitiriz, para resolver ese problema?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:45:28

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2021 13:45:40

Marina Ortega Otero na data 07/07/2021 13:45:54

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18401
Data envio: 14/07/2021 15:59:27.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade. Investir en educación é equivalente a investir nas persoas. Non hai desenvolvemento económico, social ou persoal que non pase por unha firme aposta por un sistema educativo de calidade.

A promulgación da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) ano 1990 e a súa implantación ao longo da década dos anos noventa do século pasado trouxo consigo, entre outras cousas, a necesidade de reorganizar a rede de centros da nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno da Comunidade Autónoma tomou naquel momento a decisión de elaborar un extenso e detallado documento de planificación coñecido como a Rede de Centros, na que se establecían os centros existentes e os de nova creación, así como a adscrición entre eles, xunto co número de unidades necesarias para a efectiva escolarización do alumnado.

Ademais reguláronse, coa necesaria negociación cos representantes do profesorado, os postos de traballo para os distintos corpos docentes o que deu lugar aos correspondentes procesos de adscrición.

Todos os procesos, que moi basicamente se acaban de describir, tiveron un elemento fundamental que os caracterizou: o diálogo. Dende entón téñense producido moitos cambios, tanto demográficos como lexislativos.

Por outro lado a grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, ten o seu reflexo en varios feitos:

- No ano 1998 había en Galicia 22.276 nenas e nenos de 6 anos que é idade na que se inicia a escolarización obrigatoria en educación primaria e no ano 2020 hai 20.521, unha redución do 7,88 %.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18401
Data envio: 14/07/2021 15:59:27.894

- As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 14.486 o número de nenas e nenos de 6 anos no ano 2031 (dentro de dez anos).

- Do mesmo xeito, no ano 1998 había en Galicia 28.899 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2020 esa cifra descendeu ata os 23.176, unha redución do 19,80%.

As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 17.930 o número de alumnos a alumnas de 16 anos no ano 2031 (dentro de dez anos).

A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia desa grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún centro, dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

- A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.

- A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

Tamén é necesario mudar as políticas relativas aos servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18401
Data envio: 14/07/2021 15:59:27.894

Por último, tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias, hai alumnado que se debe escolarizar noutras localidades o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, dende os horarios ata o custo económico.

As anteriores afirmacións poñen o foco sobre un problema que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten abordado nin dende o ámbito político nin moito menos dende a acción gobernamental na última década, negando toda posibilidade de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade ao sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do goberno contrarias a un interese común acordado co máis amplo consenso posible.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación inclúe un artigo específico, o 82, relativo á igualdade de oportunidades no ámbito rural, establecendo con claridade que as administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural proporcionándolle os medios e sistemas organizativos necesarios para atender ás súas necesidades particulares e garantir a igualdade de oportunidades, que impulsarán o incremento da escolarización do alumnado de zona rural nos ensinos non obrigatorios, procurando unha oferta diversificada destes ensinos, relacionada coas necesidades da contorna, adoptando as oportunas medidas para que a dita oferta proporcione unha formación de calidade, especialmente con programas de formación profesional vinculados ás actividades e recursos da contorna, que para garantir a igualdade de oportunidades no ámbito rural, realizarase un axuste razoable dos criterios para a organización da optatividade do alumnado de educación secundaria nos centros que polo seu tamaño puidesen vela restrinxida, que facilitarán a dotación dos centros do ámbito rural con recursos humanos suficientes e fomentarán a formación específica do profesorado das zonas rurais, favorecendo a súa vinculación e identificación cos proxectos educativos do centro e que dotarán á escola rural de materiais de aprendizaxe e de recursos educativos na internet.

Ante ese sensato mandato caben dúas posibilidades: que o Goberno da Xunta de Galicia considere que as medidas que se están a poñer en marcha dan cumprimento á obriga ou que se deben enfrontar novos retos para cumprila. Sen afirmar que o Goberno galego teña sumida a escola rural nunha situación calamitosa, o Grupo Parlamentario Socialista considera que existe un amplo espazo de mellora con respecto á escola rural.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18401
Data envio: 14/07/2021 15:59:27.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Comunidades autónomas con problemáticas similares ás de Galicia, como o Principado de Asturias ou Aragón, teñen creado observatorios da escola rural (no Principado de Asturias mediante o *Decreto 78/2018, de 27 de diciembre, por el que se crea el Observatorio de la Escuela Rural en Asturias y se regula su organización y funcionamiento* e en Aragón mediante o *Decreto 83/2018, de 8 de mayo, del Gobierno de Aragón, por el que se crea el Observatorio de la Escuela Rural en Aragón, y se regula su organización y funcionamiento*).

Nos preámbulos podemos ler que as razóns que xustifican eses órganos son que "considérase necesario efectuar unha fase de valoración e estudo que permita ofrecer propostas xerais coas que lograr a estruturación e consolidación do modelo educativo propio da escola rural asturiana, e que indirectamente favoreza o desenvolvemento do medio rural en xeral, tendo en conta as súas necesidades actuais así como as previsións e formulacións de futuro" (no caso do Principado de Asturias) ou que "estímase necesaria a creación dun Observatorio da Escola Rural en Aragón como órgano colexiado de carácter consultivo e participativo, que sirva como punto de encontro e participación entre distintas Administracións Públicas e entidades privadas vinculadas á educación no medio rural, e dar resposta á problemática e necesidades que se dan no medio educativo rural, especialmente naqueles territorios que presenten unhas características demográficas e xeográficas singulares" (no caso de Aragón).

Ambas afirmacións teñen un traslado exacto á Comunidade Autónoma de Galicia, polo que entendemos que sería moi pertinente crear un órgano autonómico análogo aos existentes nas dúas comunidades autónomas mencionadas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia necesaria a creación dun Observatorio da Escola e Educación Rural en Galicia como un órgano colexiado de carácter consultivo, de asesoramento e participativo das diferentes entidades e Administracións implicadas no desenvolvemento do medio rural e na estrutura dun modelo educativo propio da escola rural galega?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 18401
Data envio: 14/07/2021 15:59:27.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2021 13:46:50

Noa Susana Díaz Varela na data 07/07/2021 13:47:02

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:39:00
Nº Rexistro: 18406
Data envio: 14/07/2021 16:39:00.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O dereito a escoller o modo de poñer fin á vida é un exercicio persoal de liberdade inigualable, concibido dende o maior respecto á vida propia que pode existir: decidir como debe terminar. Respectar esta vontade é, en definitiva, o espírito que debe guiar as decisións e accións que se deben tomar, e a isto veñen estando encamiñados os progresos legais, normativos e sociais que se veñen dando. Son lentos, pero deben ser sólidos.

En 2015 aprobábase no Parlamento de Galicia a Lei 5/2015 do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Esta lei daba pasos importantes no recoñecemento das persoas a ter dereitos ao final da súa vida, entre eles o dereito a morrer dignamente. Para seguir avanzando neste proceso, dita lei, en consonancia con outras normativas, promovía o dereito das e dos pacientes a explicitar vontades sobre posibles situacións futuras nas que terían desexo de marcar algunhas decisións con documentos de instrucións previas ante situacións irreversibles provocadas por danos de saúde.

Seguintes normativas sobre esta cuestión, como as que se promoveron recentemente no Congreso dos Deputados de regulación dos dereitos da persoa ante o proceso final da vida, están a continuar avanzando no dereito á decisión das persoas sobre a súa propia vida.

Mais unha cuestión elemental para poder exercer os dereitos pasa porque se cumpran os avances recoñecidos nas leis. A Asociación polo Dereito a Morrer Dignamente (Asociación DMD), así como persoas e colectivos que se aliñan na mesma reivindicación, veñen advertindo hai tempo que existen moitos problemas efectivos para rexistrar os chamados “documentos de instrucións previas”, ou “documento de vontades anticipadas” que son o eixo do exercicio do dereito a decidir sobre o final da vida recoñecido na Lei 5/2015. Non en vano Galicia está entre as comunidades autónomas de España que menor rexistro de documentos notifica, aínda existindo máis intentos de rexistro dos que finalmente se recollen. É constatable que, aínda que o recoñecemento desta posibilidade existe no plano

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:39:00
Nº Rexistro: 18406
Data envio: 14/07/2021 16:39:00.941

legal non o é de maneira completa no plano real, e un dereito que non pode ser exercido é un dereito errado.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galicia a estender as facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 16:38:06

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 16:38:14

Pablo Arangüena Fernández na data 14/07/2021 16:38:23

Paloma Castro Rey na data 14/07/2021 16:38:34

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:39:39
Nº Rexistro: 18408
Data envio: 14/07/2021 16:39:39.691

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Nas recentes semanas os rebrotes de contaxios, e as súas consecuencias en falecementos, son un grave problema na maneira en que Galicia está encarando a situación. O aumento exponencial de casos, sumado á aparente inactividade do Goberno autonómico que amosa estar sobrepasado pola situación, deixando en evidencia calquera estratexia que sexa que se está intentando levar a cabo.

Unha das figuras máis relevantes na loita contra os rebrotes neste escenario, unha vez superado o impacto inicial da COVID, no que o obxectivo principal era confrontar as consecuencias directas, son os rastrexadores. A prevención ante o posible espallamento do virus por parte de contaxiados e os seus contactos é unha ferramenta chave para evitar entrar de novo en situacións límite.

A pesares de todo o anterior, a Xunta de Galicia non é quen de dar un dato fiable e argumentado sobre o número de rastrexadores existentes en Galicia. Distintas novas apuntaron inicialmente ao exiguo número de 20, mais o propio presidente da Xunta de Galicia falou de máis de 6.000 nunha das escasísimas comparecencias de prensa dende mediados de xullo. Este dato non puido ser explicado en detalle por ningún membro de ningún nivel da Xunta de Galicia, apelando a que a se pode interpretar que todos os médicos de atención primaria do sistema poden ser interpretados como rastrexadores. A maiores desta peregrina argumentación, en recentes datas o Goberno autonómico esfórzase en amosar o traballo dalgúns outros profesionais (como os de enfermería) en labores relacionadas co rastrexo, pero sen aclarar se esas funcións son parte da súa tarefa recoñecida ou cargas a maiores da labor que xa deben facer. Tampouco se ten aclarado se existiu contratación expresa para esta función, cales foron os criterios ou, incluso, que condicións laborais existen para este persoal.

Tamén nestas recentes datas, algúns medios de comunicación fixéronse eco de noticias sobre a posible contratación de rastrexadores por parte da Xunta de Galicia a través de empresas privadas, sen que existan explicacións convincentes e certeiras por parte do Goberno autonómico.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:39:39
Nº Rexistro: 18408
Data envio: 14/07/2021 16:39:39.691

Esta cerimonia da confusión non contribúe a xerar confianza nun sistema sanitario no que os profesionais están a facer unha enorme labor, pero que podería estar optimizada se a dirección do sistema funcionara de maneira transparente, clara e con criterios de eficacia.

Por todo o expostos anteriormente, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a cifra exacta de rastrexadores que existen hoxe en día en Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:01:39

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:01:45

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:40:21
Nº Rexistro: 18410
Data envio: 14/07/2021 16:40:21.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

Lonxe de ser resoltos os problemas enquistados dende hai anos na Atención Primaria (falta de profesionais, organización dos centros, presencia da primaria nos órganos de dirección, coordinación entre a dirección do sistema sanitaria e profesionais…), a pandemia intensificou estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. Medidas como o inicio dun estudio serolóxico autonómico, sen consultar nin coordinar cos profesionais de primaria e existindo un estudo realizado xa polo Goberno de España, antes de dotar de medios de protección aos propios profesionais ou a negativa a realizar contratacións extraordinarias necesarias para dotar ao sistema de primaria dos medios axeitados puxeron de manifesto que, a pesares de todo, non existen avances para a mellora deste nivel asistencial.

A situación actual, co aumento continuado de rebrotes e de número de contaxiados, afecta tamén de maneira predominante á atención primaria, sendo o nivel do sistema que primeiro contacto ten cos pacientes sospeitosos habitualmente. Non existe unha información clara aos profesionais sobre protocolos a seguir, sobre a existencia e a coordinación cos equipos de rastreadores ou sobre as previsións da consellería acerca do funcionamento e situación en vindeiras semanas e meses.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:40:21
Nº Rexistro: 18410
Data envio: 14/07/2021 16:40:21.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno de Galicia a dotación de medios e atención prestada á atención primaria para afrontar coas mellores garantías os problemas derivados da pandemia provocada pola covid-19?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:03:12

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:03:19

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:40:51
Nº Rexistro: 18412
Data envio: 14/07/2021 16:40:51.816

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A vila de Vilaxoán, pertencente ao municipio de Vilagarcía, vén recibindo unha asistencia sanitaria limitada na Atención Primaria, por mor da existencia dun so facultativo e un enfermeiro/a para unha vila que se sitúa en torno aos 1.500 habitantes no núcleo, pero ao que se pode incrementar a poboación dos contornos parroquiais próximos duplicando esa poboación.

As dependencias sanitarias sitúanse no baixo da confraría de pescadores, o que reincide na precariedade da atención recibida pois o local non se adapta todo o necesario ao axeitado dunha consulta médica. En todo caso, a poboación da vila prioriza a existencia do servizo perante ao local.

A baixa da profesional que traballa nesa mesma praza provocou nas últimas datas a ausencia de atención sanitaria, remendada por parte do Sergas coa substitución nalgúns días, que non en todos, doutro médico que de maneira provisional pasou consulta en Vilaxoán. A pesares diso, a atención non queda cuberta, pois a poboación usuaria do servizo resulta de elevada idade media, e a solución do Sergas pasa por reubicar a atención sanitaria no Centro de Saúde San Roque, de Vilagarcía. Este centro de saúde vén sendo sinalado por profesionais, pacientes e administracións (a excepción da Xunta de Galicia) polos seus defectos xa irreparables, debido á antigüidade da edificación, dos anos 70, e á saturación que se produce ao ser o único centro de saúde para unha poboación de case 40.000 habitantes. A negativa da Xunta de Galicia de atender á urxente necesidade de reformular a asistencia sanitaria de Vilagarcía en atención primaria cun centro de saúde novo que desafogue ao actual e permita reordenar aos e ás pacientes, a pesares de existir un amplo respaldo social e político municipal e de existir terreos para elo, vese agora agravada para as persoas usuarias de Vilaxoán, que teñen que desprazarse a Vilagarcía para un servizo que antes dispoñan preto da súa casa.

A saturación existente no Centro de Saúde de Vilagarcía, a idade avanzada da poboación e os problemas de mobilidade para o desprazamento que supón ir de Vilaxoán a Vilagarcía, o volume de poboación a atender en Vilaxoán e os seus arredores, a entidade dunha vila que conta cun porto pesqueiro e confraría de

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:40:51
Nº Rexistro: 18412
Data envio: 14/07/2021 16:40:51.816

pescadores, clubs deportivos de primeiro nivel ou asociacionismo veciñal e cultural de elevada actividade, entre outros factores, apunta á necesidade de fortalecer o servizo sanitario para garantir a calidade asistencial.

Non en tanto, pese a estas circunstancias, o Sergas continúa a desatender a asistencia sanitaria de atención primaria a Vilaxoán de maneira habitual. Dende hai meses que a veciñanza ven reclamando que non teñen en funcionamento o consultorio, e que sistematicamente perden esta asistencia en favor doutros núcleos de poboación. A asociación de veciños ten remitido escritos aos diferentes estamentos da Consellería de Sanidade, e agardan por unha resposta para recibir as explicación da desatención e a percepción de abandono, que afonda na crenza de que o servizo será suprimido de maneira definitiva.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coñece a Xunta de Galicia a situación que se está dando na vila de Vilaxoán sobre a súa asistencia sanitaria?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:07:43

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:07:50

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:41:22
Nº Rexistro: 18414
Data envio: 14/07/2021 16:41:22.754

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A enfermidade pulmonar obstrutiva é unha enfermidade crónica, que afecta aos pulmóns e que provoca problemas diversos relacionados co sistema respiratorio. As súas consecuencias son notoriamente molestas para as persoas que a padecen, en distintos graos.

Estímase que a porcentaxe de persoas que a padecen está incluso por riba do 10 % en España, e aínda algo máis elevado no caso de Galicia. A pesares disto, algúns especialistas apuntan que os casos detectados e diagnosticados poden corresponder apenas a un de cada catro persoas afectadas.

A atención sanitaria recibida polos profesionais do Sergas é sempre de alta calidade, non en tanto os pacientes de EPOC, asociados en torno á Asociación APEPOC (Asociación de Pacientes de EPOC), de ámbito estatal, apuntan a posibles melloras que diversos profesionais do propio Sergas consideran de interese. Estas teñen que ver coa mellora, na medida do posible, dos protocolos de actuación no caso dun diagnóstico de EPOC, facilitando o tratamento. Neste caso do tratamento tamén existen posibles melloras, que teñen que ver coa posibilidade de implementar terapias como a fisioterapia respiratoria a través dos servizos de fisioterapia do Sergas, ou a dotación maior de instrumentos que permitan mellores e máis rápidas detecciónns, como espirómetros, ou nebulizadores para o tratamento.

Resulta obvio asociar estes problemas coa situación de dificultade sanitaria actual, provocada pola pandemia da COVID, onde moitos pacientes de EPOC son poboación de especial risco por sufrir unha enfermidade do aparato respiratorio. Isto ten provocado reaccións de angustia e temor por parte destas persoas, que precisan nalgúns casos de axuda en termos de saúde mental para superar as dificultades que, nos seus casos, son de clara gravidade.

Resulta importante visibilizar colectivos con este tipo de problemas, o que podería derivar en promover a presencia de contidos relacionados coa EPOC nos procesos de formación continua dos profesionais, así como a activación real da Escola de Pacientes, contando coa colaboración das entidades e asociacións.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:41:22
Nº Rexistro: 18414
Data envio: 14/07/2021 16:41:22.754

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que posibilidades de mellora no tratamento de pacientes con EPOC considera o Sergas que pode ofrecer?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:10:45

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:10:52

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:41:55
Nº Rexistro: 18416
Data envio: 14/07/2021 16:41:55.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O porto de A Pobra supón un elemento dinamizador da vida económica e social imprescindible para esta vila. Dentro da actividade, en parte minguante nos últimos tempos, a descarga de peixe activa parte das empresas que operan na rada, xa que implica a mariñeiros, consignatarias, subministradoras, limpeza…

No caso específico das persoas traballadores que se dedican á descarga no porto existe unha demanda, acumulada durante tempo, sobre a que existe un amplo consenso de necesidade de mellora entre empresarios/as, Administración autonómica, Administración local e as persoas traballadoras que son os principais necesitados dela, que é a dotación de vestiarios para cambios e aseo.

Hoxe en día, o estado dos vestiarios é inasumible, indigno para calquera persoa traballadora e con serios problemas de hixiene polo estado das instalacións. Urxe afrontar unha solución para isto, sobre a que existe proxecto e unicamente é necesario que a Xunta de Galicia o execute, despois de anuncialo innumerables ocasións pero nunca executalo.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que non se ten iniciado aínda a execución do proxecto de novos vestiarios para o porto de A Pobra cando é unha necesidade imperiosa?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:12:52

Patricia Otero Rodríguez na data 13/07/2021 17:12:59

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:41:55
Nº Rexistro: 18416
Data envio: 14/07/2021 16:41:55.269

Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2021 17:13:08

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:42:24
Nº Rexistro: 18418
Data envio: 14/07/2021 16:42:24.457

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Durante momentos moi difíciles da pandemia, e no traballo necesario para afrontar as seguintes ondas que se prevían, en xuño deste 2020 o presidente da Xunta de Galicia, entón candidato á reelección en plena campaña electoral, pasou de advertir que Galicia contaba con 20 rastrexadores, a elevar a 50 o dato e, no prazo dunha semana, anunciou repentinamente a existencia de 6108 rastrexadores en Galicia, presumindo de grande eficiencia e xestión.

Despois diso, e sucesivamente, ningún responsable na Dirección da Consellería de Sanidade soubo, ou quixo, concretar novamente esa cifra e esclarecer de onde saían eses datos tan grandes e concretos. No Pleno de fins de setembro do Parlamento de Galicia, a preguntas do Grupo Parlamentario Socialista, o Conselleiro de Sanidade afirmou que non se podía indicar un número exacto de rastrexadores porque era unha función e non un posto de traballo, que a súa experiencia como xerente dunha área sanitaria amosáballe que non existían tales contratos como tal e que existían persoas contratadas nunha central de seguimento situada pero, de maneira engadida o seu labor, todos os profesionais do sistema sanitario facían labores de rastrexo en distinta medida.

Sendo dúas perspectivas contraditorias, e asumindo que a resposta no Parlamento de Galicia dada polo conselleiro de Sanidade axústase á realidade, segue sendo un misterio coñecer a orixe da información que Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia e candidato ás eleccións autonómicas na altura do momento, anunciou sobre a existencia dun número exacto de rastrexadores (6108).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como se pode entender a contradición entre a afirmación do presidente da Xunta de Galicia da existencia de 6108 rastrexadores en Galicia e a do Conselleiro de Sanidade de que non é posible definir un número exacto por mor da natureza dese labor?

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:42:24
Nº Rexistro: 18418
Data envio: 14/07/2021 16:42:24.457

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:14:08

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:14:14

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:42:57
Nº Rexistro: 18420
Data envio: 14/07/2021 16:42:57.300

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A campaña da vacinación da gripe adquire, neste 2020/2021, unha especial relevancia dadas as circunstancias nas que estamos. A situación provocada pola pandemia da covid, a especial incidencia na poboación de máis idade (sendo esta un obxectivo prioritario na campaña de vacinación da gripe) e a dificultade para xestionar de maneira eficiente e áxil o sistema de atención primaria que debe desenvolver a campaña e a vacinación, fan deste escenario unha realidade especialmente delicada.

Para estas circunstancias, sería relevante que o sistema público sanitario galego tivese unha previsión extraordinaria en termos materiais e humanos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos profesionais extra foron contratados polo Sergas para desenvolver a campaña de vacinación da gripe nos centros de saúde?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:16:40

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:16:47

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:43:28
Nº Rexistro: 18422
Data envio: 14/07/2021 16:43:28.472

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A transparencia e a facilitación de información sobre a afectación da covid-19 é un dos elementos que está xerando maior confusión e disparidade de accións por parte da Xunta de Galicia. Durante meses, os datos ofrecidos evitaron as series que permitiran establecer comparativas e mellor análise da evolución. Tampouco existen datos abertos, que permitan obter a información a investigadores, periodistas e axentes sociais, económicos ou políticas que permitan facer análises propios e contribuír con conclusións.

De maneira sinalada, fornecer datos aos concellos é un dos debates existentes dende o principio da pandemia, especialmente agravado dende o momento en que a xestión pasou a estar integramente dirixida pola Comunidade Autónoma e as medidas tómanse por concellos. Neste contextos, numerosas alcaldías e a Federación Galega de Municipios e Provincias estiveron reclamando maior información, para poder servir de axuda e colaboración na toma de medidas e loita contra a pandemia. A pesar disto, o goberno da Xunta de Galicia negou esta información, e o propio presidente da Xunta de Galicia cualificou esta información como “perigosísima”. Lonxe de establecer un debate sobre se é necesario ou non compartir estes datos, ou existen outras posibilidades, o Goberno galego modificou a súa postura e anunciou a información por concellos. Non en tanto, demorou máis dunha semana dende que se prometeron ata que finalmente se entregaron.

Esta información que se facilita non é, non en tanto, unha información concreta de datos, se non que se entrega un mapa de gravidade por concellos, que non esclarece tendencias nin posición concreta dos concellos. Con esta información, sendo mellor que nada, tampouco é posible establecer posicións e evolucións que permitan aos concellos tomar medidas claras.

Esta falta de información, que si se filtra dende a Xunta de Galicia a outros axentes como medios de comunicación, deixa de lado a colaboración institucional cos concellos, e impide accións coordinadas e complementarias.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:43:28
Nº Rexistro: 18422
Data envio: 14/07/2021 16:43:28.472

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a información ofrecida pola Xunta de Galicia é un mapa de niveis e non os datos concretos por concellos como demandan as entidades municipais a través de todos os seus mecanismos?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:18:38

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:18:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/07/2021 17:18:53

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:43:57
Nº Rexistro: 18424
Data envio: 14/07/2021 16:43:57.066

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Nos recentes días á presentación desta iniciativa parlamentaria a Xunta de Galicia vén de anunciar unha iniciativa para distribuír un gran volume de test dos chamados "rápidos", e a súa realización a toda persoa que o solicite en farmacias determinadas duns concellos determinados da provincia de Ourense.

Esta medida, proposta pola Xunta de Galicia como un avance no combate contra a covid-19, ten notorias eivas que non foron expostas pola propia Xunta de Galicia, ou non foron tidas en conta. En primeiro lugar a utilización de probas que, outrora, foron cualificadas pola propia Xunta de Galicia como "non válidas" para funcións semellantes. Por outro lado, non se clarificou se a Xunta de Galicia financiará, e en que medida, estas probas ás farmacias que as dispensen. Tampouco foi clarificado se existirá un rexistro de persoas que demanden realizar estas probas, así coma o seu resultado, e se a voluntariedade de facela responderá a algún criterio previo clínico ou servirá co mero desexo persoal.

Ante todas estas cuestións esta medida recibiu bastantes críticas e valoracións negativas por parte de colectivos profesionais do sistema sanitario. Entre estas críticas está sinalar que os test están a piques de caducar, o que provoca preocupación e interpretacións en liña comercial e non clínica.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai manter a Xunta de Galicia a súa decisión de ofertar a posibilidade de facer test rápidos nas condicións que anunciaron?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:43:57
Nº Rexistro: 18424
Data envio: 14/07/2021 16:43:57.066

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:19:46

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:19:52

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:44:26
Nº Rexistro: 18426
Data envio: 14/07/2021 16:44:26.410

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

As incertezas e o exceso incontrolado de información redundante e contraditoria que moitas veces circula sobre a pandemia, e os protocolos de actuación que deben seguir as persoas en función dos diferentes casos (positivos, contactos con positivos, etc) está contribuíndo pouco a actuar conforme as recomendacións sanitarias estritas.

Existen numerosas informacións confusas por parte da Xunta de Galicia sobre o que se deben facer ante a aparición de contaxiados por covid-19 en diferentes eidos, como as escolas, o traballo, os contactos familiares ou convivintes. A isto súmase que a xestión da realización e notificación de PCR está sendo errática, con casos de notificacións a persoas que non fixeron a proba pero non información a algunhas que si a fixeron.

A esta confusión contribúen notoriamente as decisións distintas en cada área sanitaria sobre a realización de PCR ou non en función de cada escenario, e a tardía notificación das medidas a tomar. Indiscutiblemente, a falta de claridade sobre o número de rastrexadores existentes en Galicia, que necesitou da axuda do exército para realizar esta labor, e a falta de claridade do Goberno galego sobre as decisións en torno a este perfil despois das contradicións entre Presidencia e Consellería de Sanidade, non son aspectos que axuden a determinar o funcionamento óptimo da xestión do sistema.

Un dos problemas ante a variabilidade de medidas que se toman, e a ausencia de información nítida e unificada sobre as decisións a tomar polos positivos e os contactos, está na falta de certezas na poboación. Esta fai que existe unha menor implicación coas medidas, unha falta de cumprimento por non estar clarexadas e incluso a comisión de erros por parte de poboación que quere seguir as recomendacións pero que non atopa no Sergas unha política informativa clara.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:44:26
Nº Rexistro: 18426
Data envio: 14/07/2021 16:44:26.410

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É consciente a Xunta de Galicia das inconsistencias que a cidadanía está a percibir sobre as necesidades da súa conduta ante os casos de positivos e contactos?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:21:20

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:21:25

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:44:54
Nº Rexistro: 18428
Data envio: 14/07/2021 16:44:54.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Dentro das distintas iniciativas que colectivos, institucións e asociacións de todo tipo están tendo para colaborar na loita contra a pandemia, o colectivo de estudantes de enfermería da universidade galega está participando, coordinado polas universidades, nunha campaña de cribado masivo de estudantes. Este cribado chega a volumes moi elevados (só no campus de Santiago calcúlanse en torno a 20.000 probas) que o Sergas tería dificultades para acadar se non fora por esta colaboración de universidade e estudantes.

Non en tanto, lonxe de facilitar as medidas necesarias de protección ou recursos materiais, e de recoñecer de maneira clara e efectiva esta labor, tanto universidades como estudantes atópanse desprotexidos por parte da Xunta de Galicia.

No que corresponde ao alumnado é difícil comprender por que o labor que están a desenvolver non pode contabilizarse como prácticas executadas, que é un elemento fundamental na súa formación, e por que a Xunta de Galicia pon trabas e impide que se desenvolvan prácticas en centros sanitarios pero, á vez, négase a validar como labor práctica a que están facendo neste momento o colectivo de estudantes.

As universidades, pola súa banda, asisten pasmosas ao desleixo da Xunta de Galicia, que apenas devolve ningunha información sobre a recepción de resultados, a evolución da situación ou a preocupación por facilitar medios e recursos. Cabe ter en conta que as universidades chegaron a parar as súas campañas de vacinación da gripe para axudar neste cribado.

Por último, respecto dos resultados, non hai información oficial da Xunta de Galicia sobre os datos recibidos e o seu procesamento. Durante semanas a Xunta de Galicia vén difundindo información sinalando ás e aos estudantes universitarios como foco de contaxios masivos e culpables da expansión do virus entre a poboación, nomeadamente en Santiago de Compostela. Os resultados provisionais, segundo a información do propio persoal que participa nos cribados,

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:44:54
Nº Rexistro: 18428
Data envio: 14/07/2021 16:44:54.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

non apoia firmemente esa hipótese, polo que quedaría en suspenso a idea de poder determinar esta fonte de contactos como determinante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia bloquea a posibilidade de que o colectivo de estudantes de enfermería que participa no cribado masivo contra a covid-19 poida validar esta actuación como práctica profesional?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:23:51

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:23:57

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:45:28
Nº Rexistro: 18430
Data envio: 14/07/2021 16:45:28.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Despois da primeira onda da pandemia provocada pola covid as medidas sanitarias e sociais implantadas están recibindo un tímido apoio por parte da Xunta de Galicia. Esta situación está dificultando a maior eficacia posible ante a nova onda, e o sistema sanitario público de Galicia está ante un novo reto que afrontar en condicións limitantes.

A inconcreción sobre o número de rastrexadores existentes no Sergas, sobre os que Núñez Feijoo afirmou que Galicia tiña máis de 6.000 pero dende a Consellería de Sanidade se lembrou despois que "non se podía dar un número exacto porque non hai contratados con esa figura ningún profesional", provoca que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que peor datos rexistra sobre coñecemento da orixe dos contaxios, non identificando 2 de cada 3 orixes de infección por covid-19.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. O ano pasado, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:45:28
Nº Rexistro: 18430
Data envio: 14/07/2021 16:45:28.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Con todo isto a atención primaria, que leva anos sendo obxecto de numerosas reclamacións, ve como os centros de saúde permanecen maioritariamente pechados e a atención telefónica pretende cubrir a asistencia sanitaria maioritaria. Con isto as e os pacientes crónicos están tendo dificultades para ser atendidos, e incluso están existindo problemas para conseguir citas para renovación de receitas para os seus tratamentos. Numerosos colectivos médicos están amosando o seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de Galicia (CESM) vén de iniciar unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.

É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica (nos casos en que esta pódese conseguir). Os anuncios do Goberno galego, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está sendo consciente a Xunta de Galicia dos problemas que está a xerar a inexistencia de atención presencial nos centros de saúde de primaria?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:25:49

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:25:56

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:46:07
Nº Rexistro: 18432
Data envio: 14/07/2021 16:46:07.285

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Instituto Tecnolóxico do Mar (Intecmar) realiza moitos labores fundamentais para o desenvolvemento da actividade marítimo-pesqueira, da que dependen moitas familias en Galicia. Entre elas está a análise de calidade das augas e de índices que permitan, ou non, saír a faenar ao sector marisqueiro.

A non realización destas análises o fin de semana pode desembocar en que se produza unha demora inxustificada en obter resultados que permitan faenar, inhabilitando en moitas ocasións días que poderían ser hábiles se o procedemento fose máis áxil, se existise un protocolo que habilitase outras análises (cando o Intecmar non realice) ou que amplíe a labor a realizar para poder ter datos útiles de maneira máis continua.

Do modo que sexa é unha necesidade importante que os trámites e procedementos a realizar sexan máis áxiles, pois iso permitirá optimizar o tempo de traballo e a posibilidade do sector de ser máis produtivo co seu traballo.

Un caso específico de esta situación ocorreu nas recentes semanas en Noia, onde moitas familias quedaron sen poder saír ao mar un luns porque o Intecmar non realiza estes labores en fin de semana e non se validan as análises feitas por laboratorios privados, que ofrecían resultados habilitantes para poder faenar. Así, os traballadores/as do marisqueo da ría de Noia quedaron sen poder traballar por culpa dun procedemento modificable.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:46:07
Nº Rexistro: 18432
Data envio: 14/07/2021 16:46:07.285

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles solo por unha cuestión procedemental?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:30:18

Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2021 17:30:26

Patricia Otero Rodríguez na data 13/07/2021 17:30:37

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:46:41
Nº Rexistro: 18434
Data envio: 14/07/2021 16:46:41.566

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Instituto Tecnolóxico do Mar (Intecmar) realiza moitas labores fundamentais para o desenvolvemento da actividade marítimo-pesqueira, da que dependen moitas familias en Galicia. Entre elas está a análise de calidade das augas e de índices que permitan, ou non, saír a faenar ao sector marisqueiro.

A non realización destas análises o fin de semana pode desembocar en que se produza unha demora inxustificada en obter resultados que permitan faenar, inhabilitando en moitas ocasións días que poderían ser hábiles se o procedemento fose máis áxil, se existise un protocolo que habilitase outras análises (cando o Intecmar non realice) ou que amplíe a labor a realizar para poder ter datos útiles de maneira máis continua.

Do modo que sexa é unha necesidade importante que os trámites e procedementos a realizar sexan máis áxiles, pois iso permitirá optimizar o tempo de traballo e a posibilidade do sector de ser máis produtivo co seu traballo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles solo por unha cuestión procedemental?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:29:31

Patricia Otero Rodríguez na data 13/07/2021 17:29:38

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:47:14
Nº Rexistro: 18436
Data envio: 14/07/2021 16:47:14.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A época de gripe en Galicia, como en moitos outros lugares, tende a suscitar unha atención especial por parte do sistema sanitario público. Entre outras cuestións, tristemente tende a presentar cifras de falecidos por causa da gripe, especialmente en poboación de idades avanzadas ou patoloxías previas que se complican co contaxio da gripe.

Esta situación, salvando as distancias, ten certas semellanzas co que sucede en torno á pandemia da covid-19, sendo ademais afeccións que van a convivir durante este inverno.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia algún protocolo específico para avaliar e computar da maneira máis axeitada posible o volume de contaxiados e falecementos pola gripe de maneira diferenciada que no caso de persoas afectadas pola covid-19?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:32:38

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:32:46

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:47:50
Nº Rexistro: 18438
Data envio: 14/07/2021 16:47:50.832

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O escenario actual, no que moitas persoas deben permanecer días en hospital, moitas veces sen contactos con visitas, acentúa un problema dos centros hospitalarios como é a soidade e o desarraigo dos contornos máis familiares e próximos. Este problema acrecéntase no caso de persoas maiores.

Dentro das mínimas axudas para conlevar as situacións atópase a dispoñibilidade de televisores nas habitacións dos hospitais, que supoñen unha das poucas fontes de certo entretemento que poden ter as persoas que pasan días alí. Non en tanto o seu uso está dificultado por ser xa hoxe un servizo de pago, que engade un custe ao problema de estar ingresado.

Esta situación é totalmente incomprendida polas persoas que pasan tempos nos hospitais e que ven como necesitan desembolsar un coste non menor para un dos poucos entretementos que teñen nestas circunstancias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non rescinde os contratos coas empresas correspondentes sobre a explotación do uso dos aparatos de televisión nos centros hospitalarios de Galicia para facelos de acceso gratuíto para os/as pacientes ingresados?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:47:50
Nº Rexistro: 18438
Data envio: 14/07/2021 16:47:50.832

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:34:24

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:34:31

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:48:34
Nº Rexistro: 18440
Data envio: 14/07/2021 16:48:34.347

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. A construción deste Hospital, que foi proxectado en 2008 para algo máis de 1.200 camas, estivo proxectada en torno aos 410 millóns de euros a través da Sociedade Pública de Investimentos e tiña data prevista de finalización do pago en 2021. A chegada de Núñez Feijoo ao goberno de Galicia mudou o proxecto e o sistema de financiación, proxectando un hospital que viu reducida a previsión de camas a menos de 1.000 e que se orzamentou nunha contía aproximada de 860 millóns de euros, que se financiarían co modelo PFI (público-privado), a maiores dos compromisos que a Xunta de Galicia adquiriu para a dotación de servizos e a compra de equipamento e material a empresas vinculadas coa financiación.

Os orzamentos da Xunta de Galicia recoñecen, aínda en 2020, unha débeda de 550 millóns aproximados soamente pola construción, que se paga en canon anual de 42 millóns, máis os servizos xestionados externamente e o compromiso sistemático de compra, mellora ou actualización de equipamento, que implica un cifra en torno aos 30 millóns extra anuais.

Esta vinculación con empresas construtoras, que ademais teñen participación nas decisións do Hospital, ten sido obxecto de numerosas discusións, sen que o Goberno de Galicia teña a ben modificar ou abrirse a estudar outras posibilidades.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:48:34
Nº Rexistro: 18440
Data envio: 14/07/2021 16:48:34.347

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Grupo Parlamentario Socialista ten formulado o estudo da reversión ao sistema público do Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi rexeitado (novembro de 2016) cos votos en contra do Partido Popular.

A empresa construtora Acciona iniciou o mercado da súa participación no hospital, que en recentes datas foi coñecido que atópase, agora, en mans dunha empresa francesa que é propietaria do maior centro sanitario do área de Vigo, a máis poboada de Galicia. Acciona vendeu máis do 40 % da propiedade do Hospital Álvaro Cunqueiro, o que evidencia que era propiedade privada, que agora pasan a outras mans.

A participación privada na titularidade de bens públicos tan esenciais como hospitais non está dentro dos parámetros que se deberan aceptar para xestionar os servizos públicos. No caso actual, resulta sorprendente que a propia Xunta de Galicia non aspirara a facerse coa titularidade completa dos bens en venta, e puidese aspirar a comprar esta participación. Hoxe en día, a Xunta de Galicia está pagando unha débeda aínda moi ampla, con xuros aplicados ao inicio da construción do hospital, e que mantén á Xunta de Galicia sen ser propietaria e titular única do Hospital. Non en tanto, o contexto crediticio e os niveis de inflación actuais permitirían formular novas operacións financeiras que mellorarían as condicións nas que a Xunta de Galicia podería afrontar novas solucións.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que porcentaxe real de propiedade e titularidade ten agora mesmo a Xunta de Galicia sobre o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:48:34
Nº Rexistro: 18440
Data envio: 14/07/2021 16:48:34.347

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:40:53

Noelia Otero Lago na data 13/07/2021 17:40:59

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/07/2021 17:41:09

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:41:16

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:50:13
Nº Rexistro: 18441
Data envio: 14/07/2021 16:50:13.629

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. A construción deste Hospital, que foi proxectado en 2008 para algo máis de 1.200 camas, estivo proxectada en torno aos 410 millóns de euros a través da Sociedade Pública de Investimentos e tiña data prevista de finalización do pago en 2021. A chegada de Núñez Feijoo ao goberno de Galicia mudou o proxecto e o sistema de financiación, proxectando un hospital que viu reducida a previsión de camas a menos de 1.000 e que se orzamentou nunha contía aproximada de 860 millóns de euros, que se financiarían co modelo PFI (público-privado), a maiores dos compromisos que a Xunta de Galicia adquiriu para a dotación de servizos e a compra de equipamento e material a empresas vinculadas coa financiación.

Os orzamentos da Xunta de Galicia recoñecen, aínda en 2020, unha débeda de 550 millóns aproximados soamente pola construción, que se paga en canon anual de 42 millóns, máis os servizos xestionados externamente e o compromiso sistemático de compra, mellora ou actualización de equipamento, que implica un cifra en torno aos 30 millóns extra anuais.

Esta vinculación con empresas construtoras, que ademais teñen participación nas decisións do Hospital, ten sido obxecto de numerosas discusións, sen que o Goberno de Galicia teña a ben modificar ou abrirse a estudar outras posibilidades.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:50:13
Nº Rexistro: 18441
Data envio: 14/07/2021 16:50:13.629

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Grupo Parlamentario Socialista ten formulado o estudo da reversión ao sistema público do Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi rexeitado (novembro de 2016) cos votos en contra do Partido Popular.

A empresa construtora Acciona iniciou o mercado da súa participación no hospital, que en recentes datas foi coñecido que atópase, agora, en mans dunha empresa francesa que é propietaria do maior centro sanitario do área de Vigo, a máis poboada de Galicia. Acciona vendeu máis do 40 % da propiedade do Hospital Álvaro Cunqueiro, o que evidencia que era propiedade privada, que agora pasan a outras mans.

A participación privada na titularidade de bens públicos tan esenciais como hospitais non está dentro dos parámetros que se deberan aceptar para xestionar os servizos públicos. No caso actual, resulta sorprendente que a propia Xunta de Galicia non aspirara a facerse coa titularidade completa dos bens en venta, e puidese aspirar a comprar esta participación. Hoxe en día, a Xunta de Galicia está pagando unha débeda aínda moi ampla, con xuros aplicados ao inicio da construción do hospital, e que mantén á Xunta de Galicia sen ser propietaria e titular única do Hospital. Non en tanto, o contexto crediticio e os niveis de inflación actuais permitirían formular novas operacións financeiras que mellorarían as condicións nas que a Xunta de Galicia podería afrontar novas solucións.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia negou sempre sistematicamente a participación privada na propiedade e titularidade do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:50:13
Nº Rexistro: 18441
Data envio: 14/07/2021 16:50:13.629

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 16:02:46

Noelia Otero Lago na data 14/07/2021 16:02:54

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/07/2021 16:03:04

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 16:03:12

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:50:44
Nº Rexistro: 18443
Data envio: 14/07/2021 16:50:44.816

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Os orzamentos 2021 para a Consellería de Sanidade inclúen, en continuidade cos anos anteriores, unha partida destinada á financiación de capeláns para o Sistema Público de Saúde. Para o ano 2021 a contía destinada a este fin son 685.000€, para 41 capeláns a xornada completa e 11 a xornada partida. Esta contía incrementouse nos últimos anos aplicando a este persoal, que no anexo de persoal do Sergas vén indicado con categoría propia como "*persoal relixioso*", aumentando a súa dotación económica en proporción ao que aumentan as nóminas dos profesionais sanitarios e non sanitarios que compoñen o Sistema Público de Saúde de Galicia.

Esta dotación a persoal non relacionado co sistema de saúde reduce esas contías doutras posibles finalidades, como a contratación de 30 profesionais de enfermería extra durante toda a campaña de vacinación, ou outros para funcións de carácter máis estrutural e nos que existen déficits notorios para servizos en clara demanda, como 20 profesionais de fisioterapia ou 20 de psicoloxía.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterios fundamentan a necesidade de ter contratados 52 capeláns no Sistema Público de Saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:50:44
Nº Rexistro: 18443
Data envio: 14/07/2021 16:50:44.816

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:42:58

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:43:05

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:51:15
Nº Rexistro: 18445
Data envio: 14/07/2021 16:51:15.300

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo vén sendo un problema non asumido de forma real pola Administración autonómica dende hai anos. No ano 2017, a institución do Defensor do Pobo detectou, a través do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura que visitou o centro e emitiu un informe sobre o atopado, que existían irregularidades nos ingresos, falta de seguimento e vixilancia, así como na calidade asistencial as persoas ingresadas.

As eivas detectadas e a súa descrición resultan moi duras, e alertaban de situacións graves con respecto á situación dos pacientes. Entre elas, en termo xeral atopábanse conclusións sobre a "insuficiencia xeral de recursos para a atención" e que "o perfil da maioría dos pacientes ingresados afástanse da concepción actual de unidades hospitalarias psiquiátricas". De maneira máis específica, hai apuntes chamativos ao respecto de que "non existe un control oficial dos pacientes nos que se rexistren historiais legais e administrativos", non existían as copias dos informes médicos que avalaran a continuidade do internamento e que son remitidos aos xulgados que, á súa vez, emitía autos de continuidade no internamento que "non contaban, en xeral, con motivación suficiente". En numerosas das conclusións e recomendacións emitidas polo informe consta que a resposta da administración responsable do centro (Xunta de Galicia) nin sequera emitiu resposta ao respecto.

O informe apuntaba, tamén, a un trato de "respecto, cariño e proximidade" por parte dos profesionais que alí traballan.

Esta situación, alertada e denunciada por profesionais do sistema sanitario público e por especialistas de diversos ámbitos sanitarios, foi debatida en 2018 no Pleno do Parlamento de Galicia, ao fío dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista, na que se instaba á Xunta de Galicia a asumir as propostas do informe do Defensor do Pobo. Esta proposición foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, que solicitaba algo de tempo para que a Consellería de Sanidade avaliase o informe recibido.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:51:15
Nº Rexistro: 18445
Data envio: 14/07/2021 16:51:15.300

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Despois de todo este tempo, é necesario afrontar unha solución urxente a problemas que seguen vixentes e que son de necesaria solución.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia é tan reticente a afrontar as necesidades demandadas polo Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura respecto do Hospital de Conxo e o trato que se dá aos pacientes alí ingresados?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:45:55

Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2021 17:46:03

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:46:14

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:51:46
Nº Rexistro: 18447
Data envio: 14/07/2021 16:51:46.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

As condutas relacionadas co xogo e as apostas están sendo obxecto dun intenso e importante debate nos últimos tempos, debido ao seu forte impacto sobre a sociedade e sobre os problemas das condutas aditivas, de maneira especial no caso dos máis mozos e mozas. As políticas públicas orientadas a afrontar este problema veñen amosando o problema da ausencia dunha regulación adaptada á realidade actual, sobre novas formas de xogo e apostas polo avance da tecnoloxía.

Nesta liña, a lexislatura 2016-2020 no Parlamento de Galicia viviu varios debates sobre a necesidade de que exista lexislación a este respecto, sobre a que o Goberno galego anunciou constantemente a existencia dunha lei autonómica do xogo pero que nunca chegou á Cámara. Durante este tempo, non en tanto, e á vez que se viña advertindo de que existiría unha normativa que regulara a implantación e funcionamento deste sector, aumentaron enormemente a implantación de locais de apostas e a situación de máquinas de apostas deportivas en locais de hostalería. Toda esta estratexia de desenvolvemento foi posible por unha ausencia de normativa, e aproveitando o tempo previo á entrada dunha posible nova lexislación, existindo un posible efecto chamada con este motivo.

Recentes estudos sobre a cuestión, con datos enormemente contrastados, apuntan a un grave perigo para a saúde dos cidadáns, especialmente para aqueles máis mozos e mozas porque son especialmente sensibles a estes problemas. A este respecto vense graves perigos na existencia de máquinas de apostas deportivas en locais de hostalería de fácil acceso, a presencia de numerosos locais de xogo nas cidades nos que existen débiles ou inexistentes mecanismos de control de acceso ou a publicidade esaxerada aproveitando figuras coñecidas en espazos ou horarios de libre acceso para a poboación.

De maneira específica, durante este último ano de pandemia as casas de xogo e apostas viviron unha permisividade maior que o conxunto da hostalería, con horarios máis laxos e menores restricións, o que resulta incomprensible dende calquera punto de vista. O Goberno da Xunta de Galicia, a preguntas do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia apuntou que non había riscos nestes espazos porque non existía excesiva interacción, o que é contraditorio coas consideracións

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:51:46
Nº Rexistro: 18447
Data envio: 14/07/2021 16:51:46.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

que se fan de espazos de hostalería que formularon a incorporación de medidas hixiénicas e de control moi elevadas.

Mentres isto ocorre, dende o Goberno da Xunta de Galicia sigue a permitirse a barra libre normativa e compártense actos, premios e encomios recíprocos e públicos entre Goberno e sector empresarial acerca dun problema de saúde pública que está a danar gravemente a moitas persoas e familias. Paralelamente os orzamentos autonómicos 2021 incorporaron medidas de bonificación e axuda a locais do sector do xogo e apostas, con maior celeridade e facilidade que a outros sectores con maiores dificultades.

Hai unha necesidade urxente de implementar lexislación que controle e regule a implantación do sector do xogo e apostas, que permita afrontar os problemas derivados deste novo problema con recursos materiais e persoais e que facilite a posibilidade de coñecer e estudar con profundidade o escenario para poder dotarnos de mellores ferramentas e coñecemento para combatelo. Esta lexislación debe contemplar liñas claras baseadas na prevención, con especial atención ás idades máis novas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia ten freado a tramitación parlamentaria dunha futura lei do xogo mentres facilita as posibilidades de apertura ante as restricións e dota de maiores e máis áxiles axudas ante elas en comparación co resto do sector do ocio?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:51:46
Nº Rexistro: 18447
Data envio: 14/07/2021 16:51:46.972

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:49:01

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:49:08

Paloma Castro Rey na data 13/07/2021 17:49:16

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:52:14
Nº Rexistro: 18449
Data envio: 14/07/2021 16:52:14.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Dende o inicio da pandemia provocada pola covid-19 o persoal sanitario está sendo o parapeto e a trincheira que frea a súa expansión e, esforzadamente, está conseguindo minorar un dano de por si moi impactante.

Este colectivo viu, durante o último ano, como os recursos materiais de protección tiveron épocas de máis difusión e de menos atención por parte das direccións, froito da dificultade de xestión dende o inicio da pandemia e as complicacións para subministrar material de maneira axeitada a todos os lugares e profesionais. Tamén existiron dúbidas ao principio da pandemia sobre as medidas a tomar, o que afectou a algunhas decisións como a destitución dunha xefa de servizo no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo por usar a máscara dende o principio da afectación da covid, tildando de "alarmismo" o caso e censurando que existiran críticas pola negativa do Sergas a subministralas.

A realidade actual é que a subministración de material é máis continuada que o que xa foi, aínda que hai certas queixas pola ausencia de suficiente material para ser reposto na medida en que clinicamente é recomendable. Este caso é especialmente de máscaras cirúrxicas, que os profesionais sanitarios reciben con menor frecuencia da que sería recomendable para exercer a súa labor.

Dentro deste pico da terceira onda, coas UCI no seu pico de toda a pandemia e cos contaxios no seu tope, a maior valoración que mereceu a situación por parte do Presidente da Xunta de Galicia en comparecencia no Parlamento de Galicia foi que trasladaría a pregunta ao Goberno de España de que sexan obrigatorias as máscaras FFP2.

Dada esta posición do goberno da Xunta de Galicia, e a relevancia que lle atribúe a esta cuestión agora, parece natural comezar a asumir a súa labor sobre a dotación de máscaras FFP2 aos profesionais sanitarios.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:52:14
Nº Rexistro: 18449
Data envio: 14/07/2021 16:52:14.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai comezar a Xunta de Galicia a dotar de máscaras FFP2 aos profesionais sanitarios do Sergas na medida e volume que sexa clinicamente máis recomendable segundo os expertos?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 17:58:35

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 17:58:42

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:52:43
Nº Rexistro: 18451
Data envio: 14/07/2021 16:52:43.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A campaña de vacinación contra a covid-19 supón a ferramenta máis potente de combate contra a pandemia, e tamén un instrumento que permitirá a recuperación da maior e máis segura actividade dende o inicio o pasado marzo das medidas de confinamento e/ou restricións. Esta situación está a supoñer unha esperanza e a ser motivo de grande expectativa por parte de todos os sectores implicados tanto dende a propia sanidade, como os sectores económicos e, en definitiva, de toda a cidadanía.

A preparación da campaña de vacinación vén de longo, e os acordos e colaboración mutua entre Ministerio e Comunidades Autónomas vén advertindo a necesidade de que a campaña sexa deseñada e executada coa maior eficiencia posible. Así, o Ministerio ten garantido a subministración de doses de vacinación, con protocolos de entrega e calendarización destas para que as comunidades autónomas poidan desenvolver a práctica operativa da vacinación.

A pesares da importancia da vacinación como exemplo da eficacia do sistema, existen algúns erros dentro dos procedementos que contribúen ben pouco a xerar certeza e confianza no sistema. Entre eles nos recentes días foi sabido que existen alertas sobre a vacinación irregular dun gran número de persoas non prioritarias, segundo o plan de vacinación, dentro do propio Sergas. Ademais foi coñecido que a alcaldesa de Boimorto, do Partido Popular, foi vacinada cando non cumpre requisito ningún para facelo dentro das primeiras fases. Ante este escenario, as explicacións dadas foron mínimas e incompletas, persistindo no problema de xerar incertezas no sistema e alimentando a idea dun proceso turbio e opaco.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:52:43
Nº Rexistro: 18451
Data envio: 14/07/2021 16:52:43.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno da Xunta de Galicia que son aceptables as explicacións ofrecidas sobre os erros detectados no plan de vacinación?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:01:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/07/2021 18:01:59

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:02:07

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:53:11
Nº Rexistro: 18453
Data envio: 14/07/2021 16:53:11.769

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A saúde mental é considerada por unha gran parte dos/as profesionais que se dedican a ela como unha rama minusvalorada dentro dos sistema sanitario. Esta consideración ten a súa orixe na tendencia a reducir o impacto visible e a difusión sobre as cuestións relacionadas coa saúde mental, a tentar de ocultar os debates e a considerar que a sensibilidade dos temas que trata debe levar a facelo con menor atención. Froito disto, que tamén crea unha conciencia social de agochamento, sumado a certas cuestións culturais e históricas, resulta que a saúde mental vén sendo sempre menos atendida dende os sistemas sanitarios do que debera. Como consecuencia disto, por poñer un exemplo, atopámonos coa deslocalización de diversos servizos de saúde mental fora dos centros sanitarios de referencia, afastándoos e xerando un sistema paralelo aparte.

A realidade actual en Galicia é dura para este ámbito asistencial. As ratios de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especializada son as menores de España en profesionais por habitante, e o déficit de recursos persoais tamén se acompaña de falta de medios materiais axeitados.

Galicia ten pendente unha necesaria unidade de hospitalización infanto-xuvenil para o sur da comunidade, así como revisar a súa capacidade asistencial e a calidade do tratamento no centro psiquiátrico de Conxo, sinalado polo Defensor do Pobo a través dos informes do Mecanismo Nacional para a Prevención da Tortura.

Os datos sobre suicidios seguen a ser alarmantes na nosa comunidade, con índices que destacan en negativo respecto do conxunto de España, a pesares de contar con especialistas dentro do sistema que teñen amosado unha enorme capacidade de desenvolvemento de programas beneficiosos para os pacientes e a sociedade en xeral. O concepto do sistema como compartimentos estancos dificulta a coordinación de actuacións, o que provoca maiores dificultades para afrontar o problema.

A pandemia provocada pola covid-19 vén a disparar a grave preocupación da situación da saúde mental. Por un lado as persoas que estaban en tratamento e

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:53:11
Nº Rexistro: 18453
Data envio: 14/07/2021 16:53:11.769

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

seguimento tiveron, dende o principio da pandemia e por mor das restricións e da orientación dos recursos ao combate contra a covid, problemas para a continuidade. Estas interferencias dificultaron en moitas ocasións a adherencia e limitaron a capacidade do sistema de facer unha atención máis personalizada e eficaz. Por outro lado a duración e a gravidade da situación pandémica provoca novos cadros clínicos e agudiza situacións latentes. A coñecida como "fatiga pandémica" é so un de tantos problemas, como os asociados á soidade non desexada, especialmente en pacientes de maior idade, ou a dificultade para novos diagnósticos que ten o sistema.

A saúde mental será a gran resaca das últimas etapas da pandemia, e da situación post-covid. Fronte a elo, o enésimo lanzamento do Plan galego de saúde mental, que dende 2012 vén sendo anunciado en épocas preelectorais pero logo esquecido, parece acompañarse agora dunha intención de aparentar investimentos. Non son coñecidas, non en tanto, iniciativas encamiñadas a incrementar o volume real e efectivo de profesionais de saúde mental no sistema, e as dotacións económicas que se inclúen nos orzamentos 2021 son exiguas dadas as necesidades detectadas polos propios profesionais.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a dotación de medios humanos e materiais dos servizos de saúde mental de Galicia é axeitada?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:05:21

Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2021 18:05:28

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:05:39

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:53:45
Nº Rexistro: 18455
Data envio: 14/07/2021 16:53:45.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Galicia sitúase como unha das comunidades autónomas de España con maior incidencia de problemas de saúde mental, con índices crecentes ano a ano dende un estimado do 15 % a principios da década ata a estudos que apuntan a unha taxa actual que se achega máis ao 20 %, en función da interpretación dos datos oficiais do sistema nacional de saúde.

Esta incidencia actual, ademais do feito diferencial propiciado pola propia Comunidade Autónoma, vén sendo afectado polo período de crise económica e as condicións laborais e vitais, en permanente tensión e inestabilidade, que se producen habitualmente e que se incrementan nos últimos tempos.

Non en tanto, a presencia dos e das profesionais de psicoloxía non camiña acorde a esta realidade dentro do Sergas. Non chega ao centenar de psicólogos/as no sistema público de saúde de Galicia, o que supón unha ratio de menos de 4 profesionais por cada 100.000 habitantes (3,7 máis concretamente), cando as recomendacións estándares da Estratexia Nacional de Saúde Mental do ano 2014 sitúan o axeitado en torno ao 4,3 (para o que farían falta uns 20 máis dos existentes). O notorio déficits de profesionais da psicoloxía no sistema provoca problemas de calidade de asistencia sanitaria en saúde mental, e as persoas que entran ao sistema a través das consultas de medicina de familia e comunitaria afrontan, en moitas ocasións, a dicotomía de esperar citas que tenden a demorarse de 3 a 6 meses para a primeira visita ou optar por un tratamento farmacolóxico xeneralizado que remite algunha sintomatoloxía aparente de maneira máis inmediata, aínda que non afronte a realidade do problema que permanece latente. Os profesionais de medicina de familia e comunitaria atópanse co mesmo problema dende o outro lado, pois non teñen apenas máis recursos que os mencionados para afrontar un problema que deben e queren axudar a solucionar.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:53:45
Nº Rexistro: 18455
Data envio: 14/07/2021 16:53:45.082

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Ante isto, a convocatoria de prazas para profesionais de psicoloxía na última década e practicamente inexistente (3 prazas dende o ano 2010).

Dado que o primeiro contacto co paciente prodúcese en atención primaria a maior parte das ocasións, dende os colectivos profesionais de psicoloxía vense poñendo o foco na posibilidade de incorporar a profesionais da saúde mental aos servizos de atención primaria. Esta situación permitiría afrontar de maneira máis inmediata e con maior especificidade as problemáticas de saúde mental xurdidas nestes servizos, así como desafogar aos demais servizos de saúde mental que poderían afrontar cuestións máis concretas e con outro plantexamento asistencial.

A ausencia dunha planificación real e efectiva en saúde mental por parte da Xunta de Galicia, que explotou a súa capacidade de anunciar estratexias e plans que non se terminan por levar a cabo nunca, ofrece un panorama disperso e de dificultosa eficiencia dende o punto de vista da planificación e a organización. O funcionamento dalgúns servizos e a súa eficacia no freo e control de problemas existentes no panorama autonómico, como o exemplo das experiencias de plans contra o suicidio en Ourense, teñen dificultades para ser estendidas ao conxunto do territorio por esta falta de recursos humanos e de planificación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a situación actual da capacidade e calidade asistencial do Sergas respecto da saúde mental?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:06:47

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:06:54

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:54:17
Nº Rexistro: 18457
Data envio: 14/07/2021 16:54:17.191

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación de desborde de contaxios de coronavirus, e os efectos que estes contaxios derivan en termos de estrés asistencial dos centros hospitalarios e falecidos por causa do virus, está a supoñer un verdadeiro reto para a nosa sociedade e para o sistema sanitario en particular.

Un dos mecanismos evidentemente útiles para conseguir afrontar o combate contra o virus dende os estadíos máis temperás, que é o obxectivo, está nos cribados poboacionais. A posible utilización desta ferramenta permite identificar con precisión a situación dun contorno poboacional (por grupo de idade, sector socioeconómico, territorio xeográfico…) e, con esta información, actuar en consecuencia. Os cribados, desenvolvidos con eficacia, son un instrumento de enorme axuda para a epidemioloxía. Non en tanto estanse a ver certos erros na organización e planificación destes cribados que non están sendo ben explicados, e que están contribuíndo a xerar outros problemas que non son recomendables.

Nestes últimos tempos en Galicia estivéronse a comprobar como algúns cribados foron desatendidos pola dirección do Sergas, como o realizado entre o colectivo de estudantes universitarios aos que, primeiramente, se sinalou como causantes e culpables da expansión da segunda onda da pandemia. A pesar disto, foron as universidades as que tiveron que organizarse para realizar estas probas, con problemas e polémicas xeradas pola participación de estudantes e, tamén, a desidia da dirección da Consellería para comunicar e explicar os datos resultantes que evidenciaron que aquelas acusacións foran absolutamente infundadas. No mesmo sentido os profesionais de hostalería foron sinalados e postos na picota dos problemas de expansión xa daquela segunda onda, e tamén o están sendo nesta terceira en certa parte. A pesares disto, moitos daqueles cribados evidenciaron resultados contrarios ás opinións ampla e abertamente manifestadas polo goberno da Xunta de Galicia, en particular polo seu Presidente, sen que existira rectificación posterior.

Os cribados a contornos xeográficos ou poboacionais máis amplos tampouco están exentos de desordes organizativos por parte da Consellería. Algúns deles foron organizados de costas aos concellos e alcaldes, o que provocou maiores

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:54:17
Nº Rexistro: 18457
Data envio: 14/07/2021 16:54:17.191

dificultades organizativas. Noutros casos, a propia planificación resultou un problema, por provocar aglomeracións e acumulacións de persoas sen indicacións reais de como proceder ante as probas, como nos recentes días sucedeu en Soutomaior. Hai casos con utilización partidista, como a presentación do cribado en Forcarei que contou coa presenza de membros do Partido Popular local pero non do goberno municipal, nun procedemento contrario a toda lóxica. En Allariz as persoas que foron citadas para o cribado do IES non o foron no seu concello senón que foron enviadas a Ourense cando, pouco tempo antes, un cribado na propia localidade si foi organizado no pavillón.

En termos de planificación, diversos profesionais galegos teñen manifestado que o deseño destes cribados pode estar incorrendo en certa ineficacia, ao non dirixirse aos grupos precisos que debe e nas condicións en que debe darse, atendendo ás incidencias e aos obxectivos da procura de asintomáticos.

No que corresponde á poboación obxectivo estase detectando a ausencia nos cribados de persoas que teñen vínculo co sistema sanitario a través das mutuas aseguradoras, como ocorre por exemplo en certos servizos públicos. Estes profesionais, ao estar fora da carteira do Sergas, veñen alertando de que non son advertidos dos cribados que afectan a contornos poboacionais ou xeográficos similares.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Consellería de Sanidade que a súa planificación e organización de cribados poboacionais está sendo satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:09:44

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:09:51

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:55:01
Nº Rexistro: 18459
Data envio: 14/07/2021 16:55:01.800

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación crítica dos hospitais públicos de Galicia debido aos efectos da pandemia está sendo moi esixente para o persoal e poñendo a niveis moi elevados a esixencia de funcionamento en base aos recursos dispoñibles.

Cada día numerosos profesionais e colectivos sanitarios advirten da situación de estrés asistencial que se vive nos centros hospitalarios, particularmente nos servizos de urxencias, nas UCI e reanimación, así como a carga saturante de traballo en situación complexas para os pacientes. Fronte a isto, recentemente o Goberno da Xunta de Galicia informaba de ocupacións en torno ao 30 % ou 40 % das camas UCI, o que xerou unha fonda preocupación e contrariedade nos profesionais de Galicia. Estas informacións, voluntariamente confusas sobre o volume de camas UCI realmente dispoñibles, non ofrecidas, as ocupadas por pacientes covid pero non as libres para a chegada de novos pacientes se fora necesario, ou a negativa para informar das ocupacións e dispoñibilidades por área sanitaria, convértense nunha fonte de incerteza e preocupación para a cidadanía.

Esta información, de moita relevancia tamén para a toma de decisións sobre restricións e limitacións asociadas ao control da pandemia, resulta moi importante para contribuír á concienciación da cidadanía sobre o nivel de preocupación que debera ser esixible con respecto ao cumprimento das medidas. Relativizar a situación ou pretender trasladar unha imaxe irreal sobre a situación límite do sistema é contraproducente.

O volume de persoal dispoñible non é, tampouco, motivo de satisfacción. Os constantes recortes e precarización do emprego sanitario no Sergas da última década xerou menores posibilidades de contratación e a dispersión de profesionais formados para outras comunidades autónomas e outros países. Neste escenario, o Sergas debe reconsiderar a súa política de recursos humanos e invertir a tendencia, para poder contribuír a dar maior robustez ao sistema e maiores capacidades asistenciais aos seus hospitais.

Ademais a existencia de zonas non utilizadas en diversos centros hospitalarios de Galicia, froito dos recortes en medios e a non dispoñibilidade de profesionais para

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:55:01
Nº Rexistro: 18459
Data envio: 14/07/2021 16:55:01.800

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

atender suficientes, provoca que se produzan incongruencias na xestión da pandemia. Estas inconsistencias provocan decisións tardías sobre a dispoñibilidade de novos espazos, ou o aproveitamento de centros ou plantas inutilizadas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que volume de camas UCI existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os/as profesionais sanitarios existentes?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:11:42

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:11:48

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:55:33
Nº Rexistro: 18461
Data envio: 14/07/2021 16:55:33.425

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O proceso de vacinación contra a covid-19 iniciouse o 27 de decembro de 2020, sendo a mellor noticia e a máis esperanzadora na loita contra a pandemia. O Plan de Vacinación, con liñas xerais pactadas na ponencia nacional de vacinas na que participan as comunidades autónomas co Ministerio de Sanidade permite, despois, aos diferentes sistemas autonómicos de saúde axustar en función das súas realidades autonómicas as cuestións máis operativas. En xeral, cabe mencionar que o procedemento está sendo satisfactorio, e España está entre os países do mundo que maior número absoluto de vacinas está a poñer.

Dentro desta situación, algunhas comunidades amosan un ritmo constante e outras algunhas interrupcións e alteracións do seu procedemento. Este último é o caso de Galicia, que está afrontando algunhas realidades froito das dificultades globais coñecidas como é o caso da subministración de vacinas ante a Unión Europea por parte das industrias farmacéuticas, e a necesidade de garantir clinicamente todo o procedemento a través das distintas axencias de avaliación.

En termos específicos da Comunidade Autónoma, Galicia afrontou as primeiras fases da vacinación coa contratación extraordinaria de 207 enfermeiras para substituír no seu posto de traballo ás 207 que se dedicaron en exclusiva á vacinación. A realidade actual, na que o proceso vaise desenvolver en todo o territorio de maneira máis estendida, con menores posibilidades de afrontar a poboación concentrada (residencias, hospitais, centros de saúde) senón que é preciso coordinar citas, aglomeracións ou atencións a domicilio, precisará da participación de máis profesionais de atención primaria. Non en tanto non están previstas novas contratacións para suplir estas dedicacións á vacinación, o que pode redundar nunha perda de capacidade asistencial ordinaria na atención primaria, xa de por si saturada e con problemas derivados da atención non presencial.

Por outra banda, mentres existiron situacións rexeitables nunca explicadas como a vacinación da alcaldesa de Boimorto ou da conselleira delegada de DomusVi cando non lles correspondía, existen aínda profesionais sanitarios en Galicia non vacinados aínda que estamos xa en marzo e foron as datas límite anunciadas pola

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

propia Xunta de Galicia. Entre estes problemas atópanse profesionais como os que atenden en clínicas concertadas, que tamén están en contacto directo con pacientes, ou os sanitarios dos centros penitenciarios, que non teñen aínda inicio do seu proceso marcado. Estas lagoas son dificilmente explicables pois, a pesares dalgunhas queixas feitas públicas sobre a subministración de vacinas, a actualización do fin do mes de febreiro amosa que Galicia aínda non aplicou un 20 % de vacinas que xa ten dispoñibles. Este problema, probablemente operativo por ter dedicado menos recursos e esforzos a vacinar dos que se teñen dedicado a queixarse e confrontar con outras administracións, evidencia que existen aínda eivas que mellorar no proceso máis importante ao que o sistema tense enfrontado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que Galicia non utilizou o 20 % das vacinas recibidas como amosa o informe de datos publicado á fin de febreiro polo Ministerio de Sanidade cos datos das comunidades autónomas?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:14:48

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:14:54

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:00
Nº Rexistro: 18463
Data envio: 14/07/2021 16:56:00.160

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A mortandade de bivalvos, ameixa e berberecho, nas zonas dos Lombos do Ulla e proximidades, está a provocar un grave problema para o sector marisqueiro da ría de Arousa, especialmente para aquelas persoas dependentes desta zona.

Nas últimas semanas veñen aparecendo cantidades enormes de produto morto, que se converten en cunchas sen utilidade e que están provocando unha fonda preocupación no entorno social e económico que rodea ao sector. Existen numerosos problemas acumulados durante anos para os que percíbese unha descoordinación entre o que a Consellería propón e ofrece como explicación e solucións e o que o conxunto de mariscadores/as percibe e comprende.

Os/as traballadores apuntan a varias posibles melloras no estado da zona, que pasarían por un dragado en condicións da zona dos Lombos do Ulla. Este dragado permitiría un mellor aproveitamento da zona, por deixar máis posibilidades a que sobreviva o bivalvo e, ademais, contribuiría a non crear barreiras naturais de area que provoquen riadas na caída do río Ulla e a entrada no mar, o que sumado a épocas de fortes chuvias desequilibra profundamente a salinidade da zona e termina por matar ás ameixas e berberechos, cuestión na que tamén inflúen os cambios de temperatura do auga. Dende hai tempo apúntase tamén a unha descoordinación coa caída do auga do embalse de Portomouros, que podería coordinar os baleirados para facilitar o traballo de recollida ou sembrado.

A maiores dos problemas da perda de produto, o día a día da recollida de concha deixa outro problema que ten que ver coa xestión destas cunchas como residuos. Ata o de agora os traballadores tratan de buscar acomodo e espazos onde acumular, pero non é unha solución viable a longo prazo e de maneira estrutura. A pesares da axuda amosada polo Concello de Vilagarcía e recoñecida polas persoas que alí traballan, é necesario que a administración autonómica, competente no sector, teña a ben afrontar esta realidade tamén e formule posibles solucións para este problema que engade, ao final, olores, montañas de residuos e incluso a volta das cunchas ao mar por mor do vento e as mareas.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:00
Nº Rexistro: 18463
Data envio: 14/07/2021 16:56:00.160

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Estes problemas súmanse ao principal, que son as consecuencias en termos de perdas directas e inmediatas que están a vivir os colectivos de mariscadores, que ven como perden investimentos de decenas de miles de euros, e millóns de futuros quilos de bivalvo. Moitos dos casos neste momento son profesionais que puideron acollerse ás axudas emitidas polo goberno do Estado en 2020 polo cese de actividade en autónomos, mais non puideron facelo ás exiguas axudas que a Xunta de Galicia emitiu posto que incluían numerosos condicionantes e cálculos que as facían practicamente imposibles.

A realidade é que moitas persoas dependentes do mar están paradas dende hai meses, e ven agora como se perdeu toda unha cantidade ampla de ameixa e berberecho o que impedirá un aproveitamento do traballo e o seu rendemento. Mentres, a Consellería ven tratando de demorar unha resposta sobre o asunto, poñendo en dúbida a realidade da mortandade e pretendendo evitar a implicación na resolución dunha cuestións urxente e necesaria. En setembro do ano 2020 aprobouse por unanimidade neste Parlamento de Galicia unha proposición non de lei para instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que reinvertise en axudas directas para o marisqueo os fondos que quedasen sen destinatario nas axudas que, por mor desas citadas dificultades, non puidesen ser destinados. A pesares disto, no sector existe pouca claridade sobre se foi cumprida esta indicación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas inmediatas ten previsto tomar a Consellería do Mar para afrontar o problema da mortandade dos bivalvos nas zonas dos Lombos do Ulla e proximidades?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:00
Nº Rexistro: 18463
Data envio: 14/07/2021 16:56:00.160

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:16:51

Patricia Otero Rodríguez na data 13/07/2021 18:16:58

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:25
Nº Rexistro: 18465
Data envio: 14/07/2021 16:56:25.238

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno.**

A aprobación no mes de febreiro da modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia no Parlamento, co voto en solitario do Partido Popular e sen ningún diálogo coa oposición parlamentaria, supuxo unha alteración da situación normativa para afrontar situacións con potenciais perigos en saúde pública que pretendía outorgar ao Goberno autonómico competencias e posibilidades que foron discutidas dende o punto de vista da súa viabilidade no conxunto do Estado. Esta posición foi reafirmada pola petición do Goberno de España ao Consello de Estado dun informe sobre a súa viabilidade constitucional.

A situación na que se atopa agora a situación legal e normativa de Galicia é inestable, xa que ten aprobada unha normativa que entrou en vigor pero que está en entredito. As perspectivas de poder aplicarse son débiles: en primeiro lugar porque durante a propia tramitación da normativa o propio Goberno de Galicia e o partido que o sustenta pareceron ir asumindo a idea de que os cambios provocados non eran necesarios e non afrontaban a realidade da pandemia e as necesidades dende o punto de vista sanitario; en segundo lugar porque será difícil aplicar nunha normativa tan sinalada e con aparentes lagoas na súa futurible validez.

Á vista da situación, parece necesario reformular a normativa, aplicando criterios sensatos sobre as necesidades reais para afrontar a pandemia e evitar situar á lexislación galega nun limbo inestable para a súa aplicación.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:25
Nº Rexistro: 18465
Data envio: 14/07/2021 16:56:25.238

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia rectificar a súa modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia para que teña viabilidade dentro do marco legal do Estado?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2021 18:18:55

Marina Ortega Otero na data 13/07/2021 18:19:03

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:55
Nº Rexistro: 18467
Data envio: 14/07/2021 16:56:55.160

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Dende o inicio da pandemia, en relación tanto aos contaxios e á súa distribución como sobre os criterios sobre a toma de decisións, o goberno da Xunta de Galicia ten amosado posicións variables e alterables sobre a vontade de ofrecer datos. Todas elas evidenciaron, en termo xeral, a tentativa de reducir a información feita pública, como así manifestou o propio presidente da Xunta de Galicia sobre os datos por concellos sinalándoos como "perigosos".

En todo caso, o avance da situación foi modulando esta cuestión por parte do goberno de Galicia, que tivo que abrir certa parte de información sobre a pandemia, aínda que non excesiva e con eivas e notorias deficiencias (positivos fronte a casos activos, demoras, etc.).

No caso da vacinación a situación resulta parecida, pois os datos ofrecidos non son todos os posibles para a poboación xeral, e non son plenamente abertos para consulta e descarga, como tampouco son coñecidos os motivos da non vacinación (rexeitamento, contraindicación…) e non é sinxelo coñecelos por franxas temporais. A existencia de ferramentas informáticas e de xestión de datos de suficiente potencia son aportes para poder construír espazos de consulta, que permitisen un maior dinamismo e maior claridade nos datos. Isto tamén facilitaría a comprensión cidadá sobre a situación, e faría máis permeable a interacción entre cidadanía e as institucións, importantísima nesta situación actual. Existen comunidades autónomas que teñen tomado este camiño, como Asturias, que comparte toda esta información a través dun portal moi activo e actualizado, que é moi visitado e utilizado pola cidadanía, medios de comunicación e investigadores/as que contribúen á mellora do coñecemento e das posibilidades de loita contra a pandemia.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:56:55
Nº Rexistro: 18467
Data envio: 14/07/2021 16:56:55.160

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia mantén un sistema de información limitado e circunscrito a un tipo de datos concretos sen optar por sistemas máis dinámicos e amplos?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:06:23

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:06:31

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:57:25
Nº Rexistro: 18469
Data envio: 14/07/2021 16:57:25.613

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O proceso de vacinación é un dos grandes desafíos do sistema sanitario galego que, dentro dun proxecto no conxunto de España e Europa, está afrontando a realidade de combater a pandemia sanitaria a través da intervención da ciencia. Os sistemas sanitarios públicos están traballando a reo para garantir o proceso de vacinación nas condicións plenas de accesibilidade e gratuidade para toda a cidadanía, o que pon a proba todo o funcionamento político e institucional para ofrecer os mecanismos e instrumentos para o correcto desenvolvemento técnico deste proceso.

Dentro destas circunstancias, os problemas derivados das conductas das empresas farmacéuticas, así como as dúbidas xurdidas entre parte da poboación europea con motivo da interrupción da vacina de Astrazéneca, suxiren a necesidade de fortalecer a vinculación entre cidadanía e o procedemento. Os datos oficiais evidencian que a cidadanía vén amosando un alto grado de confianza nas vacinas, a pesares de todo, mais apúntanse en diversos estudos que a medida que se os grupos obxectivo vaian descendendo en idade e sexan máis xeralistas, este grado pode diminuír. Aínda sendo moi amplo, é importante fortalecer os labores pedagóxicos e de esforzo colectivo en convencer dunhas bondades e vantaxes da vacinación, que os datos están dotando dunha robustez incontestable.

Superando mecanismos ou recursos non desexables nin recomendables como a obrigatoriedade da vacina, que rexeitan case todos os países e a inmensa maioría do persoal científico, hai outros procedementos que poden resultar útiles como campañas masivas de información das bondades da vacinación, a través dos medios de comunicación, da promoción de actos públicos e da vinculación de persoeiros coñecidos que contribúan a difundir a mensaxe. Estes procesos están amplamente contrastados como efectivos ante situacións semellantes nas que é importante transmitir mensaxes de confirmación e confianza entre a poboación.

A pesares desta eficacia coñecida e contrastada, e de estar ante o un proceso tan relevante e fundamental como a vacinación contra a Covid, non é coñecido ningún esforzo extraordinario por parte do Goberno de Galicia na difusión e

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:57:25
Nº Rexistro: 18469
Data envio: 14/07/2021 16:57:25.613

validación da vacinación, e a confianza no proceso desenvolvido polas institucións.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno de Galicia non ten sido máis ambicioso na promoción da vacinación contra a Covid dada a importancia do proceso e a relevancia evidente que ten?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:14:19

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:14:27

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:57:52
Nº Rexistro: 18471
Data envio: 14/07/2021 16:57:52.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Como varias veces nos últimos anos, a campaña de libre marisqueo nas zonas destinadas a este fin da ría de Arousa, a de maior produción marisqueira, tivo un resultado moi negativo en volume de recollida.

O aproveitamento das diferentes zonas foi desigual, con notorio descenso dos Lombos do Ulla, inmersos ademais nun problema de desatención por parte da Consellería que nega unha realidade evidente de perda de bivalvos pola non actuación en termos de dragaxe e control.

A zona de Cabío resultou tamén un fracaso, que provocou que moitos/as traballadores apenas seguisen a súan labor neste lugar despois dos primeiros intentos.

O Bohído puido resistir algo máis, pero a baixísima produción das outras zonas fíxolle sufrir unha explotación excesiva que tampouco é produtiva para todo o volume de persoas traballadoras no sector e que pon en perigo a súa capacidade de rexeneración para novas campañas.

Esta situación vén sendo demasiado habitual nos últimos anos, sen que a Consellería do Mar faga nada máis que buscar culpables externos á súa xestión mentres avoga por desatender as súas funcións de coidado da ría, saneamento e dragados necesarios para minorar os problemas derivados das riadas.

De seguir así a situación varios colectivos e patróns maiores apuntan que as vindeiras temporadas terán un éxito igual de malo ou peor, e demandan afrontar a situación con decisión.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:57:52
Nº Rexistro: 18471
Data envio: 14/07/2021 16:57:52.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do nivel de produción das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:17:07

Patricia Otero Rodríguez na data 14/07/2021 09:17:20

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:58:21
Nº Rexistro: 18473
Data envio: 14/07/2021 16:58:21.097

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o Porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que terminan por deteriorarse e acumular sucidade, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:58:21
Nº Rexistro: 18473
Data envio: 14/07/2021 16:58:21.097

municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e así foi unha iniciativa aprobada por unanimidade. Dende entón, non en tanto, non se produciu ningún avance nesta cuestión. O 5 de maio de 2021 a presidenta de Portos de Galicia respondía na Comisión de Pesca e Mar do Parlamento sobre esta cuestión a preguntas do propio Grupo Socialista, e recoñecía que dende febreiro de 2019 non mantiñan ningunha xuntanza coa Fegamp para tratar a cuestión. Durante este tempo numerosas alcaldías teñen realizado solicitudes a Portos de Galicia para iniciar estes trámites, sen resposta da Xunta de Galicia. As demais administracións e institucións (concellos, Demarcación de Costas do Estado, Fegamp...) comparten esta solución e teñen trasladado isto á Xunta de Galicia que, non en tanto, segue paralizando a cuestión.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que avances se teñen feito no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:19:35

Patricia Otero Rodríguez na data 14/07/2021 09:19:42

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:59:04
Nº Rexistro: 18475
Data envio: 14/07/2021 16:59:04.613

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A ordenación dos recursos marisqueiros para a súa explotación é un labor fundamental para o desenvolvemento da propia actividade, da que depende un sector moi relevante e unha gran cantidade de persoas en Galicia. A responsabilidade desta ordenación, e dos trámites administrativos que correspondan para desenvolvelo recae na Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar.

O goberno da Xunta de Galicia presentou a súa intención de formular un ordenamento trianual para 2021-2022-2023, rompendo o hábito de facelo anualmente, na Orde do Plan Xeral de Explotación Marisqueira. Non en tanto, para este proceso, é importante realizar correctamente todos os trámites necesarios e precisos. Estes trámites inclúen o consenso e diálogo co sector, para acordar todos os elementos a tratar (zonas, espazos, usos, etc), e a presentación dos informes preceptivos ante o Goberno do Estado. Este último trámite é relevante pois o Estado é, en virtude da distribución de competencias e titularidades dos espazos, o correspondente titular das zonas de marisqueo sobre as que se presenta o Plan Xeral. Este trámite está indicado nos artigos 112 da Lei de Costas e no 30 da Lei de Pesca de Galicia.

A presentación de informes preceptivos ven sendo proceso habitual para estes procedementos, sen que existiran notorios problemas ata o momento.

O Goberno de España ven de presentar un recurso contencioso – administrativo ao constatar que a Xunta de Galicia non presentou o preceptivo informe, a pesares de ser advertida previamente de que en primeira instancia non o fixo. A negativa da Xunta a repoñer esta situación conleva un problema xurídico que agora está xudicializado.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:59:04
Nº Rexistro: 18475
Data envio: 14/07/2021 16:59:04.613

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Presentou a Xunta de Galicia o informe preceptivo para dar trámite e procedemento ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023? En caso de non ter presentado, por que?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:21:28

Patricia Otero Rodríguez na data 14/07/2021 09:21:34

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:59:33
Nº Rexistro: 18477
Data envio: 14/07/2021 16:59:33.050

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno.**

A eventualidade no Sergas vén sendo unha característica determinante e repetida durante a última década, provocando unha dificultade na calidade asistencial e un problema de vulneración de dereitos laborais.

De maneira reiterada, colectivos profesionais e organizacións políticas e sindicais levan denunciando publicamente a situación de precariedade e inestabilidade que moitos e moitas profesionais do sistema viven e sofren, o que produce un escenario de incerteza que repercute nos usuarios. Hai moitos escenarios, froito destas situacións, que complican o funcionamento do sistema e dos/as profesionais: a dificultade de organizar os servizos cando existe unha elevadísima rotación de profesionais froito da sucesión de persoal eventual sobre postos estruturais; as situacións de ineficiencia provocadas pola rotación dunha mesma persoa en servizos distintos de maneira continuada obrigando a enlentecer o seu funcionamento ao ter que adaptarse as modos e lugares de cada un deles; a incerteza en torno á vida persoal a corto e longo prazo que se produce en persoal eventual que deben estar sempre dispoñibles… Son estas, e outras, as situacións que dificultan unha eficiente organización do sistema.

A este escenario súmase o feito de que moitos/as profesionais encadean contratos eventuais de maneira concatenada ata chegar a facelo numerosas ocasións. Isto provoca que un posto laboral sexa ocupado de maneira continuada, sucesiva e sen interrupción por profesionais que, estando en situación eventual, desenvolven unha labor que obviamente é estrutural. Así prodúcese unha dualidade no sistema que provoca problemas e fixa como natural unha situación inaceptable de eventualidade.

Nos últimos anos o Sergas foi xa condenado pola xustiza en diversas ocasións. Así o TSXG reafirmou a condena dun xulgado de A Coruña ao Sergas por contratación “torticeira e fraudulenta” (2019), ou a indemnizar a un profesional que denunciou a sobercarga de traballo (2019). Tamén foron coñecidas sentencias sobre a obriga de facer estables a enfermeiras eventuais contratadas “en fraude” (2017). Nestes días foi coñecido que o Sergas foi condenado por contratar de

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 16:59:33
Nº Rexistro: 18477
Data envio: 14/07/2021 16:59:33.050

maneira “irregular” a unha enfermeira, dándoa de alta os luns e de baixa os venres de maneira sistemática.

A política de recursos humanos do Sergas supón un dos maiores problemas para elevar a calidade asistencial, e o comportamento propio dunha ETT pulveriza todo intento de traballar por unha sanidade pública de excelencia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración lle merece ao Goberno galego a sucesión de sentenzas xudiciais que ditaminan que o Sergas contrata “irregularmente” ou “de maneira fraudulenta e torticeira”?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:23:19

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:23:26

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:00:04
Nº Rexistro: 18479
Data envio: 14/07/2021 17:00:04.191

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

A opacidade do Sergas e a Consellería de Sanidade é un hábito constante repetido durante anos, como constata o Consello de Contas que avalía os orzamentos autonómicos e que considera que non existe información clara como para facer unha fiscalización correcta. A pesares desta avaliación, como doutras advertencias sobre opacidade, e aos problemas continuados para o acceso á información por parte de entidades ou incluso a vulneración de dereitos de deputados/as sobre o acceso á información, non ten cambiado a actitude xeral e a transparencia do Sergas no acceso á información.

Nesta tendencia á opacidade, o Sergas ven de verse involucrado nun problema serio nos seus proxectos do chamado Hospital 2050. Algún dos contratos vinculados a este proxecto ven de ser sancionado pola Comisión Nacional dos Mercado e a Competencia, por amaño en contratos e pactos entre empresas para facilitar a resolución favorable a algunha delas no contrato co Sergas. Este amaño consistiu en pactar as distintas ofertas sobre un concurso, que se saiba por agora, para que a resolución fose en favor dunha delas por cumprir mellor os criterios deste concurso.

Este proceso debera ter respondido aos criterios de transparencia e honesta competitividade, máis todo apunta a que o Sergas non garantiu este feito, véndose agora manchado pola investigación levada a cabo pola CNMC.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica o Goberno galego a existencia deste procedemento nos concursos que convocou sobre os proxectos referidos ao Hospital 2050?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:00:04
Nº Rexistro: 18479
Data envio: 14/07/2021 17:00:04.191

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:25:48

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:25:54

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:01:22
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 14/07/2021 17:01:22.738

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98% (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, na última década Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo perdendo a oportunidade de xerar maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para todo o Estado e, tamén, para Galicia. Esta convocatoria histórica tamén o foi en termos numéricos para medicina familiar e comunitaria e para a pediatría en atención primaria.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:01:22
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 14/07/2021 17:01:22.738

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non en tanto, a concatenación de problemas levou á Consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria un outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia Consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, que resultou nun proceso enlentecido e confuso, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. A análise titulada *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos. Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:

- Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.

- Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se formulan a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.

- Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:01:22
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 14/07/2021 17:01:22.738

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

– Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas aliñadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia afrontar unha verdadeira reformulación do modelo de atención primaria en Galicia ou considera que as accións que afirma estar levando a cabo van na liña do necesario?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:27:13

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:27:19

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:01:50
Nº Rexistro: 18485
Data envio: 14/07/2021 17:01:50.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

A presencialidade ou non na atención primaria está sendo obxecto tamén de debate na actualidade, quedando os profesionais de primaria expostos a unha análise e culpabilidade inxusta por culpa de que a Consellería de Sanidade non defende a súa labor correctamente. En troques de explicar correctamente o funcionamento do sistema, e de dotar os medios (persoais e materiais nas infraestruturas) para que poida ser retornada a presencialidade aos niveles que sexan mellores, os profesionais vense expostos a que se permita transmitir a idea de que os centros están pechados ou de que son os médicos/as quen non quere atender en primaria. Con este funcionamento, ademais, estase afondando na fenda entre atención primaria e atención hospitalaria, dividindo ao persoal e confrontando entre profesionais do sistema, o que resulta inaceptable.

A recuperación da presencialidade en Atención Primaria precisa dunha aposta decidida por parte da dirección do goberno de Galicia, pois esta recuperación débese facer na medida que sexa permitida e na medida en que os centros de saúde e persoal teñan unha dotación axeitada. O sistema sanitario de primaria precisa de maiores espazos nos centros de saúde para as salas de espera e para circuítos diferenciados na medida en que se precise manter a convivencia coa COVID-19. Tamén é preciso que a dotación de recursos humanos sexa adecuada en todos os planos e categorías, o que permitiría ampliar as posibilidades asistenciais, o tempo adicado a cada persoa e a posibilidade de organizar correctamente a atención presencial necesaria e a atención telefónica posible.

En todo caso, o sistema sanitario debera formularse retornar, na medida do posible, a recuperar os espazos de presencialidade que perdeu debido á

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:01:50
Nº Rexistro: 18485
Data envio: 14/07/2021 17:01:50.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

pandemia, pero isto debe facerse compaxinando unha forte aposta polos recursos para poder recuperar ese nivel de atención cos medios axeitados, e organizándoa para que sexa realmente efectiva. É o criterio clínico o que debe priorizar o tipo de atención (presencial ou non), pero tamén o profesional que debe atender cada caso, polo que débese afondar na existencia de criterios e equipas de triaxe na reconstrución do sistema de atención primaria.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que obxectivo de presencialidade se marca o Goberno da Xunta de Galicia para o fin de 2021?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:29:07

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:29:14

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:02:23
Nº Rexistro: 18487
Data envio: 14/07/2021 17:02:23.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

Lonxe de ser resoltos os problemas enquistados dende hai anos na Atención Primaria (falta de profesionais, organización dos centros, presencia da primaria nos órganos de dirección, coordinación entre a dirección do sistema sanitaria e profesionais…), a pandemia intensificou estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. Medidas como o inicio dun estudio serolóxico autonómico, sen consultar nin coordinar cos profesionais de primaria e existindo un estudo realizado xa polo Goberno de España, antes de dotar de medios de protección aos propios profesionais ou a negativa a realizar contratacións extraordinarias necesarias para dotar ao sistema de primaria dos medios axeitados puxeron de manifesto que, a pesares de todo, non existen avances para a mellora deste nivel asistencial.

Non en tanto as políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:02:23
Nº Rexistro: 18487
Data envio: 14/07/2021 17:02:23.363

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. Os últimos anos, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

Ante este problema a Dirección do Sergas vén de ofrecer uns acordos de xestión que marcan obxectivos moi discutidos polos profesionais, e que perpetúan a tendencia de encamiñar ao sistema de primaria a funcionar como procesadores de pacientes e non a traballar de maneira real na implantación dun verdadeiro sistema comunitario e con atención de proximidade.

As solucións laborais que o goberno da Xunta de Galicia vai debullando e soltando como globos-sonda encamiñan tamén a situación á evidencia de non comprender a realidade que se vive nos centros de saúde, como a idea proposta por Núñez Feijoo sobre a creación de profesionais nos centros de saúde dedicados só ás urxencias (o que alteraría o sistema estable de hai moito tempo coordinado cos PAC e a súa función de atención a urxencias).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten intención o Goberno de Galicia de crear a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicos nas quendas de mañá nos centros de saúde?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:31:02

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:31:08

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:02:53
Nº Rexistro: 18489
Data envio: 14/07/2021 17:02:53.222

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Nos recentes días foi coñecido que a cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro estará inoperativa durante un prazo estimado de 2 meses, por ser necesario afrontar obras de reparación tras detectarse problemas apenas 5 anos despois da súa posta en funcionamento. Esta situación pon en cuestión a calidade da construción da infraestrutura, que dende o primeiro momento estivo sinalada por parte de traballadores/as e colectivos sociais que alertaban de que estes problemas chegarían.

As obras da cociña, ademais, provocan a necesidade de resolver o procedemento para subministrar comidas no propio hospital. Este foi solventado pola empresa concesionaria organizando a chegada de comida en catering dende Zaragoza, a 845 km por estrada. Esta circunstancia provoca estupor no colectivo de traballadores/as e nos pacientes do hospital, sendo complicado asumir que se poderá manter unha calidade aceptable e asumible nas condicións necesarias para un hospital.

A Xunta de Galicia, lonxe de condicionar que as circunstancias de resolución do problema sexan mellores (construción dunha cociña alternativa ou condicionar a utilizar unha empresa instalada no entorno, por exemplo) non ten amosado, ata o de agora, ningún interese pola situación nin preocupación pola posible merma da calidade.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a solución que ofrecerá a empresa transportando a comida dende Zaragoza a Vigo ofrece as garantías de calidade necesaria?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:02:53
Nº Rexistro: 18489
Data envio: 14/07/2021 17:02:53.222

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:43:25

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/07/2021 09:43:33

Noelia Otero Lago na data 14/07/2021 09:43:40

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:43:49

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:03:22
Nº Rexistro: 18491
Data envio: 14/07/2021 17:03:22.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de rexeitar considerar que os curas que desempeñan a súa actividade no Sergas sexan considerados persoal sanitario. Este rexeitamento vai na liña do que numerosos colectivos veñen trasladando dende hai anos, considerando que a inclusión dos sacerdotes no persoal do Sergas non ten sentido e non se corresponde coas funcións que deben desempeñar os distintos profesionais que o sistema sanitario debe ter no seu plantel.

Dende hai anos o Grupo Parlamentario Socialista vén defendendo no Parlamento de Galicia que esta situación é unha anomalía, incorporando iniciativas a debate e presentando emendas aos orzamentos autonómicos de maneira continuada todos os anos. Tanto as iniciativas, que formulaban a retirada deste persoal como parte do cadro do Sergas por non ser persoal propio do sistema, como as emendas aos orzamentos que pretendían darlle forma a esta proposta, foron rexeitadas polo voto en contra do Grupo Popular, maioritario na Cámara. Nos últimos orzamentos aprobados a Xunta de Galicia financia a presencia de sacerdotes no Sergas cunha cantidade en torno aos 700.000 que financia 52 sacerdotes, a maior parte deles a tempo completo. Esta cantidade podería ser reorientada a contratar profesionais asistenciais doutro tipo, que son extremadamente necesarios no sistema.

A maiores da cuestión orzamentaria, o goberno da Xunta de Galicia non foi quen de argumentar nin explicar en ningún momento as preguntas feitas polo Grupo Socialista, sobre a condición laboral baixo a que son contratados, a selección do persoal, os espazos que ocupan e as funcións que teñen asignadas no plano funcional do sistema.

O pronunciamento do TSXG vén de dar a razón á posición do Grupo Socialista e evidenciar que esta anomalía non ten sentido, e que a presenza de sacerdotes no Sergas é un feito fora do aceptable en termos legais, ademais de selo tamén en termos asistenciais.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:03:22
Nº Rexistro: 18491
Data envio: 14/07/2021 17:03:22.254

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai o goberno da Xunta de Galicia a retirar a financiación de sacerdotes no Sergas?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 09:45:42

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 09:45:49

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:03:50
Nº Rexistro: 18493
Data envio: 14/07/2021 17:03:50.191

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A chegada do verán supón sempre un momento de complicación para os sistemas sanitarios, pois a concentración de vacacións das e dos profesionais sanitarios precisa dunha profunda planificación que, ademais, debe vir acompañada dun deseño de Recursos Humanos axeitado ás variacións e alteracións demográficas que poidan ser previstas no territorio.

Ademais da dificultade que a situación actual produce, coa acumulación dunha tempada de ano e medio de loita contra a pandemia na que as e os profesionais sanitarios tiveron (e teñen) unha carga e risco de traballo incalculable, no caso de Galicia a situación agrávase por dúas razóns:

a) por un lado que a política de Recursos Humanos vén sendo ineficiente nos últimos anos no Sergas, con déficit de contratación e numerosas queixas, denuncias xudiciais con éxito para as/os traballadoras/es e demandas das institucións territoriais que fan eco das peticións veciñais de reforzo nos territorios que aumentan poboación durante o verán;

b) en segundo lugar a experiencia dos anos previos indica que a planificación do Sergas tende a ser limitada e reducida en termos de RR.HH., con extrema eficacia á hora de recortar profesionais onde os rateos descenden por debaixo dos valores recomendados, pero con moita reticencia ou desatención no caso de que os volumes asistenciais aumenten.

Se ben a Atención Primaria vese especialmente afectada polos recortes en recursos humanos, no caso da Atención hospitalaria este problema crea, indirectamente, un segundo que é a baixada de recursos de hospitalización (camas, habitacións…). Fronte a esa situación, evidente, o Goberno de Galicia vén utilizando eufemismos continuados durante os últimos anos referidos a que os recursos "están inutilizados pero operativos", a negar que as camas dispoñibles se reduzan porque "se fan falta utilizaranse" e a outras formulacións que amparan

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:03:50
Nº Rexistro: 18493
Data envio: 14/07/2021 17:03:50.191

dialecticamente a estratexia de reducir recursos e facer funcionar ao sistema en función diso.

As distintas áreas sanitarias comezan a saber a previsión de recursos da época estival, nun ano ao que haberá que engadir a previsible chegada de numeroso turismo nacional (o máis frecuente en Galicia) polas circunstancias actuais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Prevé o Goberno de Galicia que os recursos humanos e a dispoñibilidade de camas hospitalarias véxase reducida durante este verán?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 10:02:34

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 10:02:41

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:04:17
Nº Rexistro: 18495
Data envio: 14/07/2021 17:04:17.925

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Unha das potencialidades máis destacadas do noso Sistema sanitario público está na altísima calidade formativa e de capacitacións dos e das profesionais formados, o que se viña acompañando sempre de intentos de reformas do sistema para outorgar, cada vez, maiores funcións a todas as categorías.

Esta liña estratéxica de ampliar as posibilidades de desenvolvemento profesional supón, ademais, unha ferramenta imprescindible para mellorar a eficiencia e a calidade asistencial do sistema, pois aproveita todas as potencialidades e permite especializar o traballo de cada profesional para ter unha maior capacidade asistencial entre o conxunto deles.

Non en tanto non sempre foi entendido así. En 2015 o Goberno de España presidido por Mariano Rajoy cambiou a tendencia e limitou as posibilidades das profesionais de enfermería para prescribir certo tipo de tratamentos para os que estaban perfectamente capacitadas. Esta "traizón" ao colectivo, como foi cualificado polas asociacións profesionais e sindicatos de enfermería, supuxo unha torpe axuda ao sistema, que empezou a xerar un efecto de saturación sobre os/as facultativos/as que tiñan que acumular na súa xornada tarefas para as que a enfermería estaba capacitada e que tiña atribuídas antes da normativa impulsada.

O cambio de Goberno de España permitiu, neste cambio, reverter esa modificación e en 2018 aprobar un novo real decreto que devolvía e ampliaba capacitacións ao colectivo de enfermería. Non en tanto, dende entón hai algunhas comunidades autónomas que se resisten a adaptar as súas normativas para facilitar a aplicación da nova situación, demorando a posibilidade de que as enfermeiras do sistema poidan exercer labores para as que están perfectamente formadas e que derivarían tarefas doutros profesionais alimentando así a real multidisciplinariedade dos equipos sanitarios. Esta situación vese especialmente relevante no eido da Atención Primaria, onde a saturación dos e das profesionais nos centros de saúde precisa de decisións coma esta, entre outras, para facilitar a mellor eficiencia no funcionamento da asistencia.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:04:17
Nº Rexistro: 18495
Data envio: 14/07/2021 17:04:17.925

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dous anos e medio despois Galicia é unha das 3 únicas comunidades autónomas que non ten adaptada a norma para permitir a prescrición enfermeira. Este evidente desleixo supón unha nova ofensa para o colectivo, e evidencia o esforzo burocrático deste Goberno autonómico en bloquear e dificultar a implantación de normativas que non coinciden co seu modelo sanitario aínda que estiveran obrigados a facelo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica o Goberno galego a demora de dous anos e medio para adaptar unha normativa xa aprobada para o conxunto do Estado e que está enlentecendo a capacidade asistencial do sistema sanitario?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 10:05:03

Marina Ortega Otero na data 14/07/2021 10:05:10

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:04:45
Nº Rexistro: 18497
Data envio: 14/07/2021 17:04:45.222

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A necesidade de investimentos nos portos de diferentes lugares de Galicia ten sido obxecto de debate público, reivindicación de alcaldes/as con apoio dos plenos municipais, peticións de confrarías e numerosas formulacións estratéxicas que apostan por insuflar forza e investimentos nas infraestruturas do noso sector pesqueiro.

Estes debates sempre agochan a posición de Portos de Galicia que, de maneira estandarizada, afirma estar estudando as necesidades e declara estar traballando intensamente nas melloras de portos en diferentes lugares.

Non en tanto a execución orzamentaria do primeiro trimestre de 2021 amosa a realidade de que a partida "513A-Construción, conservación e explotación portuaria" evidencia un gasto de 0 € sobre o presupostado inicialmente, máis de 10 millóns de euros. Este desleixo resulta de difícil explicación para unha Administración que debe xestionar o mantemento e conservación dos portos (a excepción dos de interese xeral).

Esta realidade evidencia que o discurso de investimentos e traballo intenso necesita ser revisado e explicado, pois ou non se está facendo desta maneira ou está sendo canalizado a través doutras partidas e doutros sistemas orzamentarios, o que faría moito máis difícil a súa fiscalización e seguimento ademais de entorpecer a execución naquelas outras partidas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica o goberno da Xunta de Galicia a ausencia de execución orzamentaria na partida 513A - Construción, conservación e explotación portuaria existindo as necesidades que son coñecidas nos portos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:04:45
Nº Rexistro: 18497
Data envio: 14/07/2021 17:04:45.222

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 10:06:08

Patricia Otero Rodríguez na data 14/07/2021 10:06:15

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:10:31
Nº Rexistro: 18507
Data envio: 14/07/2021 17:10:31.722

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A conserveira Thenaisie Provote, coñecida en O Grove como "a fábrica de Rons", dedicada á conserva, vén dende hai tempo pasando por unha situación difícil na que a firma empresarial propietaria encamiñou a súa descapitalización, coa conseguinte perda de competitividade e ameaza sobre os empregos.

A Xunta de Galicia, a través do Igape e dos mecanismos que a Consellería do Mar ten para participar e colaborar no desenvolvemento empresarial do sector mar – industria, tivo na súa man poder resolver a situación coa procura activa de posibles compradores ou coa mediación coa firma propietaria para buscar solucións que tiveran en conta ao colectivo de traballadoras e ao impacto social dunha perda empresarial deste nivel.

A empresa, con traballadoras en O Grove na nave conserveira e en Mos na central operativa e de loxística, funcionou con normalidade ata hai pouco tempo, sendo o sector da conserva un eido puxante e en crecemento. Esta firma empresarial, ademais, foi sempre recoñecida pola calidade das súas traballadoras e da súa eficiencia. Non en tanto os criterios de especulación empresarial, que viñeron xogando cos postos de traballo, foron admitidos sumisamente por unha Xunta de Galicia que mantivo un intento de aparentar actividade pero que presentou, na vertente real, unha inacción evidente ante o que era un proceso de descapitalización para vender, ao final do proceso, a outra firma empresarial que puidera alixeirar de postos de traballo a empresa.

O Parlamento de Galicia debateu sobre esta cuestión en diversas ocasións, máis a posición política do Partido Popular, que sustenta ao goberno, quedou en evidencia cando se manifestaron a favor de manter a actividade e emprego pero negáronse a aceptar que o acordo parlamentario incluíra a defensa de manter todos os postos de traballo. Na mesma altura o Goberno galego foi advertido polo Grupo Socialista de que debía contar toda a información que puidera ter sobre o interese dalgunha empresa, que puidese ter ambición de facerse coa firma pero reducindo un gran volume de traballadoras, mais o goberno negouse e agochou a existencia deste intercambio empresarial prexudicial para os traballadores e traballadoras, validando e servindo de aval para esta operación.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:10:31
Nº Rexistro: 18507
Data envio: 14/07/2021 17:10:31.722

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Na actualidade a Xunta de Galicia amosou ser incapaz de resolver a situación, evidenciando que apostaron por favorecer a unha empresa concreta que entrara na solución pero que terminou por retirar a súa oferta. Así, a administración autonómica dificultou todas as posibilidades de atopar unha solución pero tampouco conseguiu ningunha que fose viable.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno galego falseou en sede parlamentaria a información que é evidente que tiña sobre as posibles vías polas que se encamiñou a situación de Thenaisie Provote?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/07/2021 17:09:54

Patricia Otero Rodríguez na data 14/07/2021 17:10:01

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:42:04
Nº Rexistro: 18517
Data envio: 14/07/2021 17:42:04.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no Boletín Oficial de Galicia do 8 de xaneiro deste ano a Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Na propia exposición de motivos establécese que a finalidade destas axudas dirixidas a concellos é establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora dos servizos e ao acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación nos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, co obxecto de mellorar a competitividade de oferta de solo empresarial, como elemento dinamizador da economía e do emprego local, para as que se destinaron inicialmente 2.300.000 € ampliados pola Orde do 29 de xuño de 20201 ata chegar aos 4.127.861,62 €; podendo acadar os concellos o 80 % do importe total consignado como subvencionable e cun máximo de 120.000 € para as solicitudes individuais e de 138.000 € para as solicitudes conxuntas.

As actuacións e gastos subvencionables, segundo se establece no artigo 3 das bases, son para plantas de depuración de augas; xestión de residuos dentro do parque empresarial; infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial; instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial; instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contraincendios dentro do parque empresarial ou para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do recinto empresarial.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2021 17:42:04
Nº Rexistro: 18517
Data envio: 14/07/2021 17:42:04.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións nos últimos 6 anos?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/07/2021 11:30:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/07/2021 11:31:00

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 11:19:47
Nº Rexistro: 18558
Data envio: 15/07/2021 11:19:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, **Carmen Aira Díaz**, **Mercedes Queixas Zas**, **Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o macroproxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural en Aranga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xuño de 2021 o Diario Oficial de Galiza publicaba o anuncio da Consellaría do Medio Rural para a exposición pública do proxecto de EAI para a aprobación do Proxecto de Ordenación Forestal do Monte de Carballoa, no concello de Aranga.

O anuncio da Xefatura Territorial da Coruña estaba datado no día 20 de maio de 2021, só 1 día antes da publicación, no mesmo DOG, da Lei 11/2021 de Recuperación de Terra Agraria de Galiza que establece unha pseudomoratoria de todas as novas plantacións de eucalipto en Galiza cuxa tramitación non fose iniciada con anterioridade á entrada en vigor da Lei e estendida no tempo, en principio, até o 31 de decembro de 2025.

Máis aló da curiosa sucesión temporal e da clarividencia da empresa promotora para presentar o seu proxecto só 2 días antes da entrada en vigor da lei son moitas as cuestións que resultan preocupantes neste proxecto eucaliptizador que

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 11:19:47
Nº Rexistro: 18558
Data envio: 15/07/2021 11:19:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pretende actuar sobre 120 hectáreas en terreos de protección natural na parroquia de Vilarraso, no concello de Aranga.

Así, tempo despois do intento de recualificación urbanística deses mesmo terreos polo mesmo promotor, o propio Estudo de Impacto Ambiental (EIA) especifica que no PXOM correspondente o monte está cualificado maioritariamente como "solo rústico de protección de espazos naturais", o que deixa xa constancia dos valores ambientais da zona á que afecta esta proposta de ordenación.

Máis concretamente segundo detalla o proxecto o ámbito está formado por 113 hectáreas de solo rústico de protección de espazos naturais; 20 has de protección de augas; 0,7 has de solo rústico de protección agropecuaria e só 3 hectáreas, de solo rústico de protección forestal.

Estes datos, por si propios, terían que resultar directamente na denegación do permiso autonómico para este novo proxecto eucaliptizador. Pero hai máis.

Na proposta de ordenación o ámbito destinado a usos madeireiros ocuparía unha superficie de 98,3 hectáreas e o sector que denomina "protector", 20,6 has. O uso madeireiro consistiría fundamentalmente a plantación de Eucalipto Nitens. Así, mentres a literatura da proposta semella defender unha ordenación multifuncional do monte compatíbel coa protección do medio natural, a ordenación proposta avanza xustamente no sentido contrario. Establécese un uso maioritario para a plantación de eucalipto mentres se reservan só as beiras dos rios e regatos para especies de ribeira autóctonas.

Estamos a falar, e resulta importante non esquecelo, dun proxecto situado en terreos que fan parte da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 11:19:47
Nº Rexistro: 18558
Data envio: 15/07/2021 11:19:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mandeo e así se sinala no propio EIA; mais esquecen mencionar no documento que tamén se atopan no lugar as Brañas do Deo, incluídas na proposta de ampliación da Rede Natura.

Na zona proposta atopamos tamén varios hábitats de interese comunitario, o que dá unha idea do alto valor ambiental da zona e da incompatibilidade da súa conservación coa plantación de Eucalipto Nítens para usos madeireiros. Ao tempo, resulta innegábel o impacto que un proxecto desta envergadura tería sobre os recursos hídricos dunha zona na que se poden atopar lagoas, humidais e distintos cursos de auga.

De forma conxunta aos impactos sobre o medio natural, o monte da Carballoa entra dentro da zona de cautela de dous elementos patrimoniais: o muíño de Vilaurís e a mámoa de Torrelavandeira. Esta última sufrirá unha afectación severa. Esta mámoa xa vai ter un impacto, segundo o EIA por dous dos Parque Eólicos proxectados na zona, o PE Fontella e o PE Penas Boas, e non hai un estudo conxunto de como estes proxectos de PE e o de explotación do Monte da Carballoa para a plantación de eucalipto, que aquí nos presentan, afectarían á Necrópole megalítica do Monte do Gato, do que esta mámoa forma parte.

Este proxecto terá tamén un importante impacto visual nunha zona onde xa se están tramitando autorizacións para a instalación de 6 parques eólicos, dous deles en terreos do mesmo propietario que promove este proxecto. Non existe nesta altura un estudo conxunto das sinerxías e do impacto visual conxunto que estes proxectos van ter nunha zona onde xa existen minas a ceo aberto e liñas de alta tensión que teñen xa un importante impacto sobre a paisaxe.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 11:19:47
Nº Rexistro: 18558
Data envio: 15/07/2021 11:19:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai permitir a Xunta de Galiza a execución deste proxecto que supón a plantación de 98,3 hectáreas de eucalipto nuns terreos que inclúen solos de protección de augas, de protección agropecuaria e de espazos naturais?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Mercedes Queixas Zas

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2021 11:13:01

Xosé Luis Bará Torres na data 15/07/2021 11:13:10

Mercedes Queixas Zas na data 15/07/2021 11:13:19

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 11:19:47
Nº Rexistro: 18558
Data envio: 15/07/2021 11:19:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2021 11:13:30

María González Albert na data 15/07/2021 11:13:43

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:37:42
Nº Rexistro: 18562
Data envio: 15/07/2021 12:37:42.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre á situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pequeno comercio galego, arrastraba xa unha profunda crise, con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 afecta de forma drástica ao sector e pon en xaque o seu futuro nun contexto no que o consumo da cidadanía se prevé moderado pola constrición económica e pola perda de postos de traballo.

Todos os datos indican importante caídas de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo... que están levando á desaparición do tecido comercial galego.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:37:42
Nº Rexistro: 18562
Data envio: 15/07/2021 12:37:42.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector do comercio en Galiza, e nomeadamente o pequeno comercio, tanto en termos de número de establecementos como de persoal ocupado, é de capital importancia para a economía e a sociedade galega. Ademais do importante papel que o comercio xoga na vertebración do territorio, das vilas, cidades, barrios e aldeas de Galiza, xa non só garantindo o abastecemento da poboación, senón como dinamizadores do espazo e evitando a desertización dos núcleos rurais.

Este sector de vital importancia en Galiza está a padecer unha situación crítica que as medidas, que tanto o Goberno español como o Goberno galego están tomando, non están evitando o peche de negocios e a perda de postos de traballo, e que teñen como consecuencia a paralización da economía, a falla de crédito, a caída do consumo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións. Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para evitar o peche dos negocios do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un piar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesa.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:37:42
Nº Rexistro: 18562
Data envio: 15/07/2021 12:37:42.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2021 12:36:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 12:36:57

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 12:37:10

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:40:08
Nº Rexistro: 18563
Data envio: 15/07/2021 12:40:08.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a implantación dunha plataforma de venda on-line galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da Covid-19 viu a agravar unha situación que xa arrastraba o comercio galego. Nos últimos anos a perda de negocios no país foi constante, as consecuencia da crise de 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio por parte da Xunta de Galiza puxo ao sector nunha situación crítica.

En xaneiro de 2020, antes de aparecer o coronavirus na nosa vida, as vendas 'online' e a despoboación lastraban o pequeno comercio con tres peches ao día. No ano 2019 Galiza perdeu case que 1200 pequenos comercio de proximidade. Dende 2015 Galiza perdeu preto de 6000 negocios do sector.

Como xa indicamos, son varios os motivos que levan ao peche ao pequenos comercio e é preciso tomar medidas que garantan a supervivencia do tecido comercial do noso país.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:40:08
Nº Rexistro: 18563
Data envio: 15/07/2021 12:40:08.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comercio de proximidade xera riqueza, humaniza as cidades e impide a desertización das nosas vilas, é preciso modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega.

Un dos grandes problemas cos que se atopa o pequeno comercio e o crecemento das ventas online, que se intensificou durante o confinamento en persoas que xa o utilizaban e persoas que non o facían, mudaron o hábito e lanzárense a mercar produtos online polo medo a acudir á tenda física e expoñerse ao contaxio, e unha vez que o probaron continúan a facelo.

Nos últimos días estamos a ver como grandes cadeas como Zara, H&M, etc. están anunciando o peche de tendas físicas polo gran incremento das súas vendas na súa tenda online.

Neste contexto faise necesaria a posta en marcha dunha plataforma de venda por internet para todo o tecido comercial galego. Unha plataforma que aglutine a todo o comercio galego, con orzamento e infraestrutura suficiente para poder competir coas grandes plataformas actuais.

A Xunta de Galiza ten que facer unha aposta orzamentaria decidida para poñer en marcha esta plataforma, ao mesmo tempo que se active un plan de formación para as persoas que traballen no sector, de tal maneira que a iniciativa sexa realmente eficaz e poida competir no mercado. Tamén é precisa unha campaña publicitaria que contribúa ao seu éxito.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:40:08
Nº Rexistro: 18563
Data envio: 15/07/2021 12:40:08.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa a Xunta de Galiza poñer en marcha unha plataforma de venda online, cun orzamento axeitado, que acolla a todo o comercio galego, cun plan de formación para as persoas que traballan no sector e cunha campaña publicitaria que lle permita competir coas grandes plataformas existentes?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 12:39:02

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2021 12:39:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 12:39:13

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:46:50
Nº Rexistro: 18564
Data envio: 15/07/2021 12:46:50.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Mª Carme González Iglesias e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do estaleiro vigués Barreras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cruceiro Evrima ven de saír do estaleiro Barreras para realizar, segundo se anuncia nos medios de comunicación, os últimos traballos de pintura, para o que precisa un dique seco. Especulouse até último momento sobre cal sería o seu destino final, xa que eran varias as posibilidades: Navantia Cádiz, Navantia Ferrol, Astander, e mesmo un estaleiro francés.

Segundo puidemos saber pola prensa, o feito de procurar dique seco para realizar estes traballos forma parte da operativa habitual do estaleiro, mais neste caso non se vai aproveitar esa navegación para realizar as probas de mar, xa que o buque non está aínda en condicións de navegar, polo que aproveitará a estancia no dique de destino para realizar tamén as obras pendentes.

O feito de ter que ser remolcado complica o traslado, polo que finalmente os destinos con máis posibilidades eran Navantia Ferrol ou Astander, en Santander, estaleiro que no momento de presentar esta iniciativa parece que vai ser o que finalmente consiga o contrato.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:46:50
Nº Rexistro: 18564
Data envio: 15/07/2021 12:46:50.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A prensa, polo contra, insinuaba que o feito de ter a Xunta de Galiza axudado financeiramente ao estaleiro Barreras decantaría as cousas a favor do estaleiro Navantia ría de Ferrol, moi necesitado, ademais, de carga de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que, malia as evidencias de profunda inestabilidade social e financeira de Barreras, e das graves consecuencias dunha nova crise societaria, desbota a Xunta de Galiza mecanismos de participación que consoliden o estaleiro e o sector naval de Vigo?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Mª Carme González Iglesias
Daniel Pérez López
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 12:46:12

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2021 12:46:16

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 12:46:50
Nº Rexistro: 18564
Data envio: 15/07/2021 12:46:50.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 12:46:23

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:01:46
Nº Rexistro: 18566
Data envio: 15/07/2021 13:01:46.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os Plan do Carbón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tratamento inxusto da Galiza en todos os Plans do Carbón, dos gobernos estatais do PP e do PSOE, é unha evidencia contrastábel con datos, con asignacións de fondos por debaixo dos que corresponderían da aplicación dos parámetros fixados polos asinantes, e con infraestruturas que non se executaron na súa totalidade, diminuíndo aínda máis os xa escasos fondos. Só no Plano 2006-2012 (Plan Miner II), segundo a documentación entregada pola Xunta en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras asignara a Galiza 80,52 M€ até abril de 2012, cun grao de execución do 26,16%, uns 21,07 M€ comprometidos; no caso das Pontes, tiña pendentes 17 infraestruturas por un importe de 53,385 M€, preto do 77 % do total. Para o Concello a situación das infraestruturas é a que se reflicte no seguinte cadro:

PROXECTOS (PENDIENTES DE QUE SE HABILITE PARTIDA E SE NOS ENVIEN PARA FIRMA)	**10.100.000**
Edificio multifuncional	5.000.000
Actuación s/Polígono Airios	2.800.000
Actuación zona Rebardille	800.000
Equipamento servicio para PEMES	1.400.000

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:01:46
Nº Rexistro: 18566
Data envio: 15/07/2021 13:01:46.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Oficina recolocacion (PENDIENTE MODIFICACIÓN CONVENIO)	100.000
PROXECTOS (PENDIENTES CONVENIOS A TRES BANDAS)	**34.732.000**
Xeriátrico	5.700.000
Desenv. Solo industrial Penapurreira	23.758.000
Estrada Airios-Momán	1.200.000
Equipamento zona Deportiva Canle IV	600.000
Museo minería	2.000.000
Melloras Pol.Penapurreira	227.000
Dotación infraestructura Gas os Airios	1.247.000
PROXECTOS 2012 (PENDIENTES INCLUSION EN PROTOCOLO)	**9.999.826**
Adquisición de Terreos Aparral para promoción solo industrial	3.852.000
EDAR poligono penapurreira	1.400.000
Centro Integral para persoas con discapacidade	1.904.707
Sanemento en Villerma, Espiñaredo e 1ª fase de Bermui	363.119
Paseo fluvial lago de As Pontes (casilla-Alimpadoiros)	2.280.000
Oficina recolocación As Pontes	200.000
TOTAL	**54.831.826**

Do total, o estado ten recoñecido, por escrito, na resposta ao BNG no Congreso en abril de 2014, un total de 10.181.180,46 euros en 7 convenios que "... *aunque se inicio su tramitación no se pudo firmar*".

O goberno do estado ten deseñado, dentro da denominada como *Estratexia de Transición Xusta*, o *Plan de Acción Urxente para Comarcas do Carbón e Centrais en Peche 2019-2021*, xa en aplicación, dotado con 130 M€, para dar resposta a problemas urxentes con pouco marxe para un traballo de anticipación mediante os chamados *Convenios de Transición Xusta*. O seu desenvolvemento dispositivo faise mediante modificacións no Plan do Carbón 2013-2018 (RD 675/2014), nomeadamente mediante o RD Lei 25/2018 de *medidas urxentes para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sustentábel das comarcas mineiras*, que amplía o prazo temporal até 2023, mais non o ámbito xeográfico das axudas, no que Galiza ("A Capela,

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:01:46
Nº Rexistro: 18566
Data envio: 15/07/2021 13:01:46.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordenes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoya, Puentes de García Rodriguez, Muras, Xermade") figura con "**carácter excepcional**" (artigo 4 RD 675/2014).

Segundo a información da web do *Instituto de Transición Xusta* -organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco)-, as axudas ao desenvolvemento de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira créanse ao obxecto de incentivar o desenvolvemento alternativo á minería do carbón, financiando actuacións coherentes e complementarias coa planificación autonómica e local e adicional ao esforzo investidor das Comunidades Autónomas e do goberno do estado; entre as actuacións financiábeis figuran infraestruturas (polígonos industriais, telecomunicacións, enerxía, viveiros, centros tecnolóxicos) e restauracións (recuperacións forestais, revalorizacións, saneamentos atmosféricos, edars); figuran como beneficiarios os municipios mineiros de Aragón, Castela A Mancha, Castela e León e Principado de Asturias, e, con **carácter excepcional**, os de Andalucía, Cataluña e Galiza.

O 28 de decembro, en nota de prensa, o Miteco facía pública a adxudicación polo *Instituto de Transición Xusta* de 110,7 M€ de axudas directas para infraestruturas municipais, correspondentes ao Plan do Carbón 2013-2018, para un total de 98 proxectos en municipios mineiros de Aragón, Castela A Mancha, Castela e León e Principado de Asturias, a iniciar algún deles en 2021, e que, segundo o Miteco, "*... terán un efecto positivo na xeración de emprego local no curto prazo ...*"; a aportación financia o 75 % do custe, mentres que as comunidades autónomas aportan o 25 % restante, para completar un investimento total 147,5 M€.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:01:46
Nº Rexistro: 18566
Data envio: 15/07/2021 13:01:46.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

COMUNIDADE	FONDOS ESTATAIS (M€)	TOTAL (M€)	PROXECTOS
Aragón	12,0	16,1	24
Asturias	69,8	93,1	60
Castela e León	22,6	30,2	10
Castela A Mancha	06,1	08,1	04

A tipoloxía dos proxectos é variada, incluíndo un centro de traballo e economía social vinculado a un centro de atención a persoas con discapacidade, unha ampliación dunha residencia de maiores, construción de centros de día, actualización dos polígonos industriais, viveiros de empresas, potenciación da actividade tradicional local, transformación de zonas degradadas en áreas de actividades turísticas e culturais, eficiencia enerxética en vivendas públicas con tecnoloxías como a aerotermia, prolongación dunha rede de xeotermia para auga quente sanitaria a un hospital, ampliación de centros de empresas de novas tecnoloxías da información e a comunicación, un Centro Tecnolóxico da Castaña coa posta en marcha dunha empresa de capital público, con 50 empregos, destinada á transformación deste froito mediante procesos de secado, lavado e moenda, coa plantación de miles exemplares de novos castiñeiros nunha escombreira, ...

Segundo o Miteco, a base legal das subvencións directas anteriores é o Real Decreto 675/2014 do 1 de agosto, que establecía as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira, e nas que Galiza ("A Capela, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordenes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoya, Puentes de García Rodriguez, Muras, Xermade") figura con "**carácter excepcional**" (artigo 4).

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:01:46
Nº Rexistro: 18566
Data envio: 15/07/2021 13:01:46.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para defender Galiza diante dos sucesivos agravios respecto dos Plans do Carbón?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:00:54

Mercedes Queixas Zas na data 15/07/2021 13:01:02

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:01:14

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:04:32
Nº Rexistro: 18567
Data envio: 15/07/2021 13:04:32.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No contexto de desigualdade económica acelerado pola irrupción da crise da pandemia do coronavirus, é fundamental que as administracións públicas e as súas políticas de contratación sexan impulsoras do dinamismo económico e, asemade, da corrección das igualdades sociais.

No Pleno do Parlamento Galego do día 13 de marzo de 2019, aprobouse unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega co seguinte texto:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega:

1. Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:04:32
Nº Rexistro: 18567
Data envio: 15/07/2021 13:04:32.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.

3. Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.

4. Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas

5. Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega."

Posteriormente, no mes de novembro, a través dunha interpelación e posterior moción, o Grupo do BNG insistiu nesta cuestión. No contexto de desigualdade económica acelerado pola irrupción da crise da pandemia do coronavirus, é fundamental que as administracións públicas e as súas políticas de contratación sexan impulsoras do dinamismo económico e, asemade, da corrección das igualdades sociais.

Polo tanto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguintes preguntas para avaliar o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos. Como en ciclos económicos anteriores de recesión, está demostrado o impacto que as recesións económicas teñen nas mulleres, polo tanto é urxente artellar novas medidas que contribúan a evitalo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:04:32
Nº Rexistro: 18567
Data envio: 15/07/2021 13:04:32.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para a incorporación cláusulas de igualdade dando cumprimento aos acordos impulsados o 13 de marzo de 2019?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:03:10

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:03:20

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 13:03:32

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:06:39
Nº Rexistro: 18568
Data envio: 15/07/2021 13:06:39.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados en relación coa tributación das súas pensións e ao cumprimento dos acordos plenarios na materia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente como o actual sistema impositivo non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas nin a redistribuír a riqueza. Ben ao contrario, as decisións que foron emanando ao respecto por parte do goberno central durante o período posterior ao inicio da crise do 2008 foron na dirección contraria, e supuxeron grandes problemas para as maiorías sociais. Un dos sectores máis afectados foi o das e dos pensionistas galegos e, de forma especial, as e os emigrantes retornados.

Neste sentido, cómpre recordar como xa desde o ano 2013 tiveron que mobilizarse e organizarse socialmente para dar resposta ás inxustizas arbitradas pola facenda estatal. Milleiros de galegos e galegas viron como despois de traballar mesmo décadas fóra de Galiza obtiñan un tratamento fiscal desigual que os situaban como defraudadores e defraudadoras. Porén, a súa vontade incansábel conseguiu forzar cambios normativos que permitiron, grazas á mobilización popular e á contestación social, que moitas persoas recuperaran o perdido. A finais do ano 2014, a través da disposición adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:06:39
Nº Rexistro: 18568
Data envio: 15/07/2021 13:06:39.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forma implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais. Desta forma, estabeleceuse un período de regularización e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, hai que sinalar tamén que estas mudanzas son aínda insuficientes e non supuxeron unha recuperación global dos dereitos vulnerados nin a tranquilidade para as diferentes casuísticas. A día de hoxe segue sen existir unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Este colectivo continúa a pé de rúa para demandar ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro.

Unha das ausencias máis significativas é a referente ao tratamento xusto das pensións de invalidez. Neste sentido, en abril de 2017 o Bloque Nacionalista Galego impulsaba no Parlamento Galego un acordo ao respecto que foi adiante co seguinte contido: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que podan ter as súas pensións no país de residencia do ou da pensionista.».

Porén, desde entón non se teñen producido cambios significativos a favor deste colectivo. Máis aínda, temos noticia de feitos preocupantes ao coñecermos casos que se ben até o momento tiñan rematado con sentenzas favorábeis cara as e os contribuíntes, comezaban a determinarse como desestimatorias, visibilizando un cambio de criterio por parte dos operadores xurídicos. Un cambio de criterio que desde a formación

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:06:39
Nº Rexistro: 18568
Data envio: 15/07/2021 13:06:39.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nacionalista vemos con preocupación, xa que pola parte competente aos organismos administrativos do social tampouco se ten dado unha mellora e actualización das canles a seguir para solucionar estas situacións, nin se prevén novos mecanismos que superen a saturación e listas de agarda que existen na actualidade.

Máis aínda, a irrupción da pandemia do coronavirus supón importantes ralentizacións nos trámites administrativos en xeral, para alén de novas dificultades sociais nas que, unha vez máis, son moitos dos nosos maiores quen axudan aos fogares a tirar cara adiante grazas ás pensións. Polo tanto, é urxente que se leven a cabo actuacións para superar esta situación e estabelecer as mudanzas necesarias para que as pensións de invalidez teñan un marco de recoñecemento adecuado que facilite o retorno para as e os emigrantes sen que sexa un prexuízo económico.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado a cabo o goberno galego para exixir do Estado e internacionalmente que as pensións de invalidez teñan un marco de recoñecemento adecuado que facilite o retorno para as e os emigrantes galegos sen que represente un prexuízo económico?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:06:39
Nº Rexistro: 18568
Data envio: 15/07/2021 13:06:39.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 13:06:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:06:09

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:06:18

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:09:03
Nº Rexistro: 18569
Data envio: 15/07/2021 13:09:03.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

Exposición de motivos

A sanidade debera ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria. Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza.

Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijóo á presidencia da Xunta. Máis

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:09:03
Nº Rexistro: 18569
Data envio: 15/07/2021 13:09:03.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda, este ano este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir que as carencias de atención de cirurxía pediátrica no CHUO continúe sendo unha discriminación da poboación das comarcas de Ourense?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:08:32

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:09:03
Nº Rexistro: 18569
Data envio: 15/07/2021 13:09:03.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/07/2021 13:08:35

Iria Carreira Pazos na data 15/07/2021 13:08:42

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:11:28
Nº Rexistro: 18570
Data envio: 15/07/2021 13:11:28.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á evolución negativa do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de setembro o Instituto Nacional de Estatística publicaba os datos respecto das súas Proxeccións de Poboación 2020-2070. Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego consideramos que é fundamental que o goberno galego atenda ás previsións da evolución da poboación do noso país e ao impacto que pode ter na nosa economía.

Os datos amosados polo INE continúan a liña avanzada nos anos anteriores polos institutos estatísticos que ofrecen información ao respecto. Neste sentido, salientan que Galiza e Castela e León presentarían os meirandes descensos. En síntese, podemos sinalar que o estudo recoller como nos próximos tres lustros o noso país perdería até 180.000 habitantes, sendo a cuarta comunidade autónoma que máis poboación perdería neste período, só por detrás da veciña Asturias, Castela e León e Extremadura.

Esta estatística é prudente respecto do impacto que poida ter a futuro as repercusión da crise do coronavirus, que incorporan numerosos factores de incerteza a ter en conta. En todo caso, podemos concordar en que a pandemia debe incrementar as

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:11:28
Nº Rexistro: 18570
Data envio: 15/07/2021 13:11:28.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nosas alertas sobre unha evolución demográfica e económica non exenta de complicacións.

Aínda que as proxeccións do referido estudo non inclúen información de ámbito comarcal ou provincial, se ollamos ás últimas proxeccións do IGE e á tendencia xeral do noso país, é lóxico prever un meirande impacto no sur de Lugo e nas comarcas ourensáns. Polo tanto, a evolución da demografía e a conxuntura social e económica derivada da crise do coronavirus fan prever un impacto profundo en Galiza e na súa economía, avanzando nunha Galiza máis desigual no social e no territorial. Esta tendencia require dun esforzo en reconducir as políticas económicas aplicadas para frear o impacto desta deriva.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións de rectificación da política económica vai levar a cabo o goberno galego diante do impacto que provoca a medio e longo prazo a crise demográfica?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:11:28
Nº Rexistro: 18570
Data envio: 15/07/2021 13:11:28.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:10:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:11:00

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 13:11:08

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:16:42
Nº Rexistro: 18571
Data envio: 15/07/2021 13:16:42.009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha potencia eólica polas súas condicións xeográficas e tamén por ter sido pioneira na implantación desta forma de xeración. Ese desenvolvemento temperán sufriu unha importante paralización cando no ano 2009 comezou o primeiro dos gobernos de Núñez Feijóo, quen no canto de continuar co concurso eólico aprobado polo Goberno anterior, optou por anular totalmente todo o traballo por puro sectarismo ideolóxico.

A razón dada para a anulación era a suposta ilegalidade da introdución da participación pública no modelo e as decisións políticas do Partido Popular tiveron consecuencias negativas para o país coa paralización de moitos proxectos, a posterior adopción dun marco legal e impositivo sen garantías suficientes e unha grande parálise ata o ano 2019, data na que comezan a mellorar os indicadores. Segundo os datos da Asociación Empresarial Eólica, hoxe Galiza conta con h 3.778 MW, cun total de 180 parques eólicos.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:16:42
Nº Rexistro: 18571
Data envio: 15/07/2021 13:16:42.009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o futuro de Galiza é clave apostar por fontes de xeración que reduzan a dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e nese camiño o desenvolvemento eólico é clave. Porén, ao longo do territorio estanse detectando nos últimos anos importantes problemas de colisión entre os dereitos sociais e medioambientais e o lucro do sector. A falta de planificación e ordenación dos gobernos do Partido Popular e a relaxación dos trámites vinculados á actividade ten provocado situacións de desamparo e desigualdade de condicións. Así mesmo, a renuncia a unha política activa de participación pública en favor dun modelo fiscal que acaba repercutindo nas e nos consumidores, tense demostrado como fracasado.

Por todos estes motivos, neste momento de previsión de nova instalación de numerosos parques, é preciso procurar un consenso amplo arredor dun novo modelo eólico con garantías para todas as partes e cunha planificación estratéxica ao servizo dos intereses xerais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para o noso país?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:16:42
Nº Rexistro: 18571
Data envio: 15/07/2021 13:16:42.009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 13:15:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:15:51

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2021 13:16:01

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:16:15

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:18:38
Nº Rexistro: 18572
Data envio: 15/07/2021 13:18:38.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de outubro de 2020 coñecíase un Auto da Audiencia Nacional que no seo da súa argumentación respecto do caso urbanístico Marina Atlántica incluía respecto da fusión das caixas "A única razón pola que o FROB interveu foi pola situación económico-financeira na que se atopa en 2010 Caixa Galicia antes de que se producise a fusión. Caixanova nunca tería sido intervida (...)"

A publicación desta nova información trae, unha vez máis, o recordatorio de que Galiza continúa sen esclarecer que aconteceu respecto do seu sistema financeiro. Máis aínda, tivemos ocasións de volver ver as desculpas e evasivas do Presidente da Xunta de Galiza ao tempo que cada vez hai máis indicios de que os acontecementos precipitados a comezos de 2010, cando a Xunta de Galiza se parapeta no informe de KPMG, que hoxe sabemos que non era unha "auditoría", avalando e impulsando a fusión.

Cómpre recordar que xa na IX Lexislatura foi constituída unha comisión para tal efecto após a súa aprobación por unanimidade no Pleno do Parlamento Galego celebrado o 2 de agosto do ano 2012. Após a aprobación, tamén por unanimidade, das súas normas de funcionamento e plan de traballo, as tarefas foron iniciadas recibindo documentación e desenvolvendo unha ampla axenda de comparecencias. Porén, non

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:18:38
Nº Rexistro: 18572
Data envio: 15/07/2021 13:18:38.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foron rematados os traballos antes da disolución da cámara o 1 de agosto de 2016 pola convocatoria de eleccións.

Iniciada a X lexislatura, foi aprobada a continuidade destes traballos e constituíse o 27 de xaneiro de 2017 a denominada Comisión de Investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura. O 10 de marzo de 2017 foron aprobadas as normas de funcionamento. Días despois, o 23 de marzo de 2017 foi aprobado o plan de traballo da nova Comisión, que foi modificado o 13 de Xullo de 2017 sendo esta a última reunión do organismo. É fundamental que os traballos iniciados teñan un punto de remate e que, en xeral, tanto a Xunta de Galiza coma o Parlamento Galego teñan un coñecemento do que aconteceu na materia e poidan, xa que logo, tomar as decisións de futuro correspondentes.

Cómpre recordar, ademais, que a crise financeira que explota no ano 2008, lonxe de supoñer unha oportunidade para rectificar a política financeira e reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública para evitar novas burbullas financeiras, supuxo o contrario. Nos anos seguintes as medidas impulsadas supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración e centralización do sector. Desta maneira asistimos á privatización e bancarización das caixas de aforros, mais o camiño non rematou aí. Continuamos nun proceso complexo de reestruturación bancaria, que levou á redución de entidades e que chega até a actualidade acompañado dunha gran perda de emprego e de peche de oficinas e dunha transformación do sector, cada vez máis enfocado á colocación de produtos financeiros e con graves problemas de exclusión financeira dun volume cada vez máis grande de poboación, ben por falta de servizos, como acontece en moitas poboacións, ben polas condicións abusivas de acceso, así como con grandes dificultades de acceso ao crédito por parte de moitos

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:18:38
Nº Rexistro: 18572
Data envio: 15/07/2021 13:18:38.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sectores económicos. Máis aínda, as recentes mudanzas no panorama financeiro, aceleradas pola irrupción da covid-19, fan máis necesario aínda concluír a investigación dos feitos para tirar conclusións para as futuras decisións que o noso país tome neste ámbito.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en pleno:

Vai asumir a Xunta de Galiza algunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas favorecendo asemade a súa investigación?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:17:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:18:02

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:18:38
Nº Rexistro: 18572
Data envio: 15/07/2021 13:18:38.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 13:18:12

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:28:33
Nº Rexistro: 18573
Data envio: 15/07/2021 13:28:33.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á folla de ruta prevista por parte do goberno galego respecto da súa estratexia enerxética e planificación para captar fondos da UE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un elemento estratéxico para impulsar o desenvolvemento económico do noso país. Galiza é produtora e exportadora de enerxía. Porén, milleiros de postos de traballo no noso país penden dun fío ou foron destruídos polo prezo da enerxía e pola falta de anticipación ao escenario das transformacións derivadas da fin do carbón ou pola paralización práctica ao impulso das renovábeis, logo dun gran esforzo inicial, nos primeiros mandatos de Núñez Feijóo a partir do ano 2009.

No actual contexto de mudanza climática, desindustrialización e desigualdade social o sector enerxético constitúe un ámbito con que Galiza debe liderar unha nova etapa no seu desenvolvemento que conxugue a mellora do aforro enerxético, o descenso do impacto medioambiental, o avance na soberanía enerxética e o control social e público do sector para garantir que sexa un ben

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:28:33
Nº Rexistro: 18573
Data envio: 15/07/2021 13:28:33.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

básico ao servizo dos galegos e galegas e do desenvolvemento económico, e non unha mercadoría de especulación.

Neste sentido, no escenario actual é clave que Galiza defenda os seus intereses para obter os fondos que lle corresponden desde os ámbitos do Estado e da Unión Europea. Por este motivo, e tamén para avanzar nunha folla de ruta planificada e consensuada, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego defendeu en múltiples ocasións a conformación dun Grupo de Traballo para a Transición Enerxética de ámbito galego, que dera participación tamén aos axentes sociais, no que se avanzara no modelo enerxético galego do futuro e se planificara o desenvolvemento económico e industrial alternativo daquelas comarcas afectadas polas mudanzas que están por vir. Porén, o grupo que sostiña e sostén o goberno da Xunta de Galiza foi sempre refractario e ao longo destes anos o máis parecido a unha planificación foron as Directrices enerxéticas dadas a coñecer, parcialmente, en abril de 2018, que basicamente supuñan un recetario de obxectivos enmarcados nas Directivas Europeas pero sen planificación estratéxica ou aposta de reinvestimento público para situar Galiza á vangarda.

Máis aínda, a aceleración do debate da fin do carbón e a enorme crise industrial que sufriu Galiza no período máis recente volven poñer en evidencia a falta dun proxecto para Galiza. Así, mentres outros países e comunidades constitúen foros específicos de diálogo e traballo ou teñen avanzados proxectos que candidatar ás axudas europeas, a Xunta de Galiza non está a asumir un papel de liderado nin de transparencia, nin a contribuír a un amplo debate nos sectores económicos e sociais.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:28:33
Nº Rexistro: 18573
Data envio: 15/07/2021 13:28:33.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre recordar que Galiza precisa tamén dunha estratexia que avalíe as posíbeis repercusións negativas para Galiza da redución do Fondo para a Transición Xusta, que pasa de 30.000 millóns a 10.000 millóns nun momento moi crítico pola previsión de peche das centrais térmicas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que estratexia ten a Xunta de Galiza para garantir que o noso país teña en tempo e forma definido un modelo enerxético consensuado para captar fondos estatais e europeos?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:28:33
Nº Rexistro: 18573
Data envio: 15/07/2021 13:28:33.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 15/07/2021 13:27:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2021 13:27:55

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:28:05

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:30:53
Nº Rexistro: 18574
Data envio: 15/07/2021 13:30:53.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Iria Carreira Pazos Montserrat Prado Cores** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación a favor dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión publica da plataforma Procapd Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, volta xerar a mobilización e preocupación dos país e nais e colectivos que integran dita plataforma por mor dos incumprimentos reiterados da Xunta de Galiza e a negación desta a asumir a xestión pública e directa como modelo.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PUBLICO e de XESTIÓN PUBLICA, ou o que é o mesmo un, CAPD na provincia de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:30:53
Nº Rexistro: 18574
Data envio: 15/07/2021 13:30:53.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso de construción deste centro de atención terapéutica-ocupación público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos . (PP, PSOE, D.O, BNG, EN MAREA), previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, na Deputación de Ourense e no Parlamento Galego.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Neste momento, asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

A falta de claridade, e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión publica do CAPD, e os silencios tras diversas interpelacións por parte da propia plataforma, de nais e pais da mesma e medios de comunicación en xeral a diferentes responsables institucionais, así como as evasivas respostas da Conselleira de Política Social da Xunta está a xerar unha máis que xustificada preocupación polo nivel de opacidade arredor deste punto.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:30:53
Nº Rexistro: 18574
Data envio: 15/07/2021 13:30:53.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xestión pública do centro é prioritaria e irrenunciábel. Compre lembrarmos que a falta de compromiso nesta cuestión foi o que levou ao conxunto de pais e nais a renunciar á proposición inicial dun centro feita no ano 2016.

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometemos as distintas organización políticas, sindicais, e sociais é a un centro público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

A xestión directa do centro é o único modelo que garante a calidade asistencial que as usuarias precisan. Unha xestión pública directa que poña en pé de igualdade o futuro centro público Ourense aos que xa existen nas outras tres provincias da Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta de Galiza a garantir por escrito que o CAPD de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:30:53
Nº Rexistro: 18574
Data envio: 15/07/2021 13:30:53.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 13:29:59

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2021 13:30:02

Iria Carreira Pazos na data 15/07/2021 13:30:11

Olalla Rodil Fernández na data 15/07/2021 13:30:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/07/2021 13:30:27

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:58:54
Nº Rexistro: 18581
Data envio: 15/07/2021 13:58:54.259

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A expansión indiscriminada de instalacións eólicas que se está a producir no noso país dende o ano 2019 está a poñer en evidencia a obsoleta normativa autonómica pola que se rexe esta actividade e a permisividade dunha administración que está a permitir a vulnerabilidade de todo tipo de dereitos. De feito, nos últimos meses sucédense as sentenzas que corroboran o modus operandi invasivo e agresivo, tanto por parte das empresas promotoras como da administración, que consinte e facilita unha ocupación do territorio que non garante os dereitos dos propietarios dos terreos e da sociedade en xeral.

Na actualidade hai numerosos exemplos que confirman unha ocupación abusiva e extrema de amplas zonas do territorio. É o caso das comarcas da Barbanza e Muros Noia, que xa son unhas das principais de Galiza.

Nelas, xa están en funcionamento a día de hoxe case 400 aeroxeneradores, que contan cunha potencia conxunta de máis de 300 MW e que xeran enerxía suficiente para cubrir as necesidades de máis de 450.000 fogares, practicamente a metade dos que existen en todo o país.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:58:54
Nº Rexistro: 18581
Data envio: 15/07/2021 13:58:54.259

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, de saír adiante os proxectos de novos parques eólicos previstos, estas cifras poderían medrar exponencialmente: As 20 instalacións existentes poderían duplicarse a curto prazo, a potencia actual multiplicaríase por 3 e sumaríanse 114 muíños aos xa existentes, pero cun tamaño e unha capacidade para xerar electricidade 6 veces maior que os que levan anos funcionando da comarca.

Nomeadamente, segundo os datos do Rexistro Eólico de Galiza, serán os concellos de Outes e Mazaricos os que soportarán 14 dos 19 parques previstos. É dicir, nada menos que 9 de cada 10 muíños e dous dos parques de maior capacidade de produción: Banzas e Maragouto.

Mais non son os únicos. No concello de Outes habería que engadir os de Vaqueira e Monte da Pena, neste caso con afectación tamén ao concello de Negreira, e todos nun radio de apenas 5 ou 6 Km. Isto convertiría a zona, de facto, nun mega parque eólico cun falso fraccionamento nunha mesma área xeográfica e con liñas de evacuación e outras infraestruturas en común en moitos casos, o que lle facilitaría o procedemento de instalación

Precisamente, o DOG do pasado 25 de xuño recolle a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, relativa ao proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes, promovido pola empresa Norvento, S. L.

O proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 21 MW de potencia total e está composto por 7 aeroxeradores e toda a súa infraestrutura asociada. Distribuiranse ao longo do Monte da Pena, onde o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural recoñece que existen elementos do patrimonio arqueolóxico e,

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:58:54
Nº Rexistro: 18581
Data envio: 15/07/2021 13:58:54.259

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda que informa favorabelmente ao recollido no Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) propón unha serie de "cautelas".

Neste sentido, o propio Pleno da Corporación de Outes aprobou, en novembro de 2019, analizar o mellor marco legal no que candidatar o Monte da Pena para incluílo como un espazo natural protexido de interese local.

Este acordo baséase na valoración do Monte da Pena como unha paraxe natural do termo municipal de Outes, de suma importancia natural, histórica e paisaxística. Nel, consérvanse tres mámoas ao seu pé, unha no cume a menos de 50 metros do punto xeodésico e dúas na parte baixa dos Penedos. Outras dúas nos Chans da Millareira e no Alto do Pedrouzo, a menos de 500 metros, e outras dúas na súa área de dominio, a de A Medoña en Tardeado e a do Garllardo. Ademais, moi preto existen xa catalogados cando menos oito castros entre os concellos de Outes e Negreira.

Dende o punto de vista paisaxístico, a súa posición e elevación estratéxica permite ver as dúas marxes da ría de Muros e Noia, dende o Castro de Baroña a Monte Louro. E por entre os montes do Confurco (na parroquia de Tállara, en Lousame), a ría de Arousa e a impoñente serra do Barbanza. Pode, á súa vez, ser avistado dende un radio de máis de 40 Km. ao seu arredor, dende todas as praias, cabos e pobos que mirar mar adentro dende ambas as marxes da ría de Muros e Noia, constituíndo un recurso turístico de altísimo valor.

En definitiva, estamos pois a falar dun lugar de indubidábel valor cultural, patrimonial, arqueolóxico, histórico e paisaxístico que debería estar protexido hai xa moito tempo, tal e como suxire a obra dos historiadores Xerardo Agrafoxo e Xan Mariño, entre outros.

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:58:54
Nº Rexistro: 18581
Data envio: 15/07/2021 13:58:54.259

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais esta falla de protección na actualidade non pode ser de ningún xeito a vía na que se sustenten actuacións que priven da riqueza do Monte da Pena á sociedade en xeral e o convertan nunha paraxe industrial para beneficio duns poucos. A paisaxe, o patrimonio natural e cultural tamén son fonte de riqueza e desenvolvemento polo que é obriga da administración protexelos, velar polo interese xeral e impedir que intereses particulares podan prevalecer por enriba dos dereitos da cidadanía e da conservación do territorio.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai levar a cabo a Xunta de Galiza a paralización cautelar do parque eólico previsto no Monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira, que lle permita estudar en profundidade, poñer en valor e protexer a riqueza natural, cultural e paisaxística da zona?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 13:58:54
Nº Rexistro: 18581
Data envio: 15/07/2021 13:58:54.259

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2021 13:55:48

Mercedes Queixas Zas na data 15/07/2021 13:55:51

Xosé Luis Bará Torres na data 15/07/2021 13:56:00

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 17:43:36
Nº Rexistro: 18589
Data envio: 15/07/2021 17:43:36.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, **Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos**, **Noa Presas Bergantiños** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a perda de servizos e o deterioro da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a desaparición da área sanitaria de Valdeorras os veciños e veciñas desta comarca do oriente ourensán teñen asistido a un paulatino deterioro dos seus servizos asistenciais dentro da sanidade pública que se teñen visto acrecentados gravemente no último ano.

Así, no último terzo de 2020 vimos como o servizo de radiodiagnóstico sufría unha merma importante tras a execución do concurso de traslados o 25 de novembro; día a partires do cal o Hospital Público de Valdeorras perdeu dous dos catro radiólogos cos que contaba o que implica que a día de hoxe só queden dúas persoas traballando no servizo de Radiodiagnóstico, estando unha delas exenta das gardas localizadas.

Esta situación xa foi traída polo BNG ao Parlamento de Galiza sen que a resposta dada no seu momento polo conselleiro coa convocatoria de contratos de

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 17:43:36
Nº Rexistro: 18589
Data envio: 15/07/2021 17:43:36.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"longa duración" subsanase o problema que a día de hoxe semella xa enquistado mentres que a Xunta de Galiza dá por amortizada a contestación social.

Agora a atención sanitaria da comarca agrávase aínda máis e estamos a asistir, ante a impasibilidade e inacción absolutas da Consellaría de Sanidade, a unha situación na que Valdeorras fica 11 días de xullo sen ambulancia UVI coa única argumentación por parte do goberno galego da "falta de persoal".

Usuarias, profesionais, sindicatos e partidos políticos teñen denunciado esta situación na que de novo se deixa a Valdeorras sen un servizo imprescindíbel; moito máis se temos a conta a carencia no HPV doutros servizos básicos como UCI ou cardioloxía que fan habituais os traslados deste tipo ao centro de referencia en Ourense.

É importante sinalar que o CHUO se atopa a 120 km do HPV e que un traslado normal en UCI móbil xa ronda as 2 horas polo que na situación actual estes tempos son duplicados no mellor dos casos.

En todo caso a aludida escaseza de persoal por parte da Consellaría de Sanidade vaise reproducir de novo en agosto no que non semella senón unha burla aos dereitos da cidadanía de Valdeorras a acceder a unha sanidade gratuíta, pública e universal.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 17:43:36
Nº Rexistro: 18589
Data envio: 15/07/2021 17:43:36.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas estruturais vai tomar a Consellaría de Sanidade para que estas situacións de falta de servizos, nomeadamente de radioloxía e UCI Móbil, non se volvan producir no Hospital Público de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/07/2021 17:35:48

Iria Carreira Pazos na data 15/07/2021 17:37:13

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2021 17:37:34

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 17:37:44

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 17:43:36
Nº Rexistro: 18589
Data envio: 15/07/2021 17:43:36.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/07/2021 17:37:52

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGXv2fyse0R8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/